



Concello de  
**Vilagarcía de Arousa**  
Conservatorio Profesional de Música



**Programación  
DIDÁCTICA PIANO  
Graos Elemental e Profesional**



## Índice

<b>1.Introdución.....</b>	<b>6</b>
1.1.Marco Legal.....	6
1.2.Características do centro .....	8
1.3.Características do alumnado .....	8
<b>2.Obxectivos xerais das ensinanzas musicais .....</b>	<b>9</b>
2.1.Grao elemental .....	9
2.2.Grao Profesional.....	10
<b>3.Obxectivos específicos das ensinanzas musicais .....</b>	<b>11</b>
<b>4.Obxectivos, contidos e criterios de avaliación da materia de Piano .....</b>	<b>12</b>
4.1.Grao elemental da materia de Piano.....	12
4.1.1.Obxectivos .....	12
4.1.2.Contidos.....	12
4.1.3.Criterios de Avaliación do Grao Elemental.....	13
4.1.3.1.Criterios de cualificación aplicables a todos os cursos .....	14
4.1.3.2.Sistema de control da asistencia do alumnado .....	16
4.1.3.3 Medidas de recuperación ao longo do curso académico ....	16
4.1.3.4.Procedemento de recuperación da convocatoria ordinaria .	16
4.1.3.5.Procedemento de recuperación da convocatoria extraordinaria .....	16
4.1.3.6.Criterios para a concesión de ampliación de matrícula .....	16
4.2.Grao Profesional da materia de Piano .....	17
4.2.1.Obxectivos .....	17
4.2.2.Contidos.....	17
4.2.3.Criterios de Avaliación do Grao Profesional .....	18
4.2.3.1.Criterios de cualificación aplicables a todos os cursos .....	19
4.2.3.2.Sistema de control da asistencia do alumnado .....	20
4.2.3.3.Medidas de recuperación ao longo do curso académico ....	20
4.2.3.4.Procedementos de recuperación da convocatoria ordinaria	20
4.2.3.5.Procedementos de recuperación da convocatoria extraordinaria .....	20
4.2.3.6.Criterios para a concesión de ampliación de matrícula .....	21
<b>5.Metodoloxía .....</b>	<b>22</b>
5.1.Principios metodolóxicos .....	22
5.2.Métodos didácticos.....	23
<b>6.Atención á diversidade.....</b>	<b>24</b>
<b>7.Temas transversais .....</b>	<b>25</b>
7.1.Educación en valores .....	25
7.2 Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC´s) .....	26



<b>8.Actividades culturais e de promoción das ensinanzas.....</b>	<b>27</b>
8.1.Actos institucionais .....	27
8.2.Cursos e clases maxistras .....	28
8.3.Audicións.....	28
8.4.Outros .....	28
<b>9.Secuenciación por cursos .....</b>	<b>29</b>
9.1.Curso: 1º de grao elemental .....	29
9.1.1.Obxectivos .....	29
9.1.2.Contidos.....	29
9.1.3.Criterios de avaliación .....	30
9.1.3.1.Mínimos esixibles .....	30
9.1.3.2.Procedementos e ferramentas de avaliación.....	30
9.1.3.3.Criterios de cualificación. ....	31
9.1.4. Recursos didácticos .....	35
9.2.Curso: 2º de grao elemental .....	36
9.2.1.Obxectivos .....	36
9.2.2.Contidos.....	36
9.2.3.Criterios de avaliación .....	37
9.2.3.1.Mínimos esixibles .....	37
9.2.3.2.Procedementos e ferramentas de avaliación.....	37
9.2.3.3.Criterios de cualificación .....	38
9.2.4.Recursos didácticos .....	41
9.3.Curso: 3º de grao elemental .....	42
9.3.1.Obxectivos .....	42
9.3.2.Contidos.....	42
9.3.3.Criterios de avaliación .....	43
9.3.3.1.Mínimos esixibles .....	43
9.3.3.2.Procedementos e ferramentas de avaliación.....	43
9.3.3.3.Criterios de cualificación .....	44
9.3.4.Recursos didácticos .....	47
9.4. Curso: 4º de grao elemental .....	49
9.4.1.Obxectivos .....	49
9.4.2.Contidos.....	49
9.4.3.Criterios de avaliación .....	50
9.4.3.1.Mínimos esixibles .....	50
9.4.3.2.Procedementos e ferramentas de avaliación.....	50
9.4.3.3.Criterios de cualificación .....	52
9.4.4.Recursos didácticos .....	54
9.5.Curso: 1º de grao profesional .....	56
9.5.1.Obxectivos .....	56
9.5.2.Contidos.....	58



9.5.3.Criterios de avaliación .....	60
9.5.3.1.Mínimos esixibles .....	61
9.5.3.2.Procedementos e ferramentas de avaliación.....	61
9.5.3.3.Criterios de cualificación .....	62
9.5.4.Recursos didácticos .....	65
9.6.Curso: 2º de grao profesional .....	67
9.6.1.Obxectivos .....	67
9.6.2.Contidos.....	70
9.6.3.Criterios de avaliación .....	72
9.6.3.1.Mínimos esixibles .....	72
9.6.3.2.Procedementos e ferramentas da avaliación .....	73
9.6.3.3.Criterios de cualificación .....	74
9.6.4.Recursos didácticos .....	76
9.7.Curso: 3º de grao profesional .....	78
9.7.1.Obxectivos .....	78
9.7.2.Contidos.....	81
9.7.3.Criterios de avaliación .....	83
9.7.3.1.Mínimos esixibles .....	84
9.7.3.2.Procedementos e ferramentas de avaliación.....	84
9.7.3.3.Criterios de cualificación .....	85
9.7.4.Recursos didácticos.....	88
9.8.Curso: 4º de grao profesional .....	91
9.8.1.Obxectivos .....	91
9.8.2.Contidos.....	94
9.8.3.Criterios de avaliación .....	96
9.8.3.1.Mínimos esixibles .....	97
9.8.3.2.Procedementos en ferramentas de avaliación.....	97
9.8.3.1.Criterios de cualificación .....	98
9.8.4.Recursos didácticos .....	100
9.9.Curso: 5º de grao profesional .....	103
9.9.1.Obxectivos .....	103
9.9.2.Contidos.....	106
9.9.3.Criterios de avaliación .....	108
9.9.3.1. Mínimos esixibles .....	109
9.9.3.2.Procedementos e ferramentas de avaliación.....	109
9.9.3.3.Criterios de cualificación .....	110
9.9.4.Recursos didácticos .....	113
9.10. Curso: 6º de grao profesional .....	116
9.10.1.Obxectivos .....	116
9.10.2.Contidos.....	119
9.10.3.Criterios de avaliación .....	122
9.10.3.1.Mínimos esixibles .....	122



9.10.3.2.Procedementos e ferramentas de avaliación.....	122
9.10.3.3.Criterios de cualificación .....	123
TÁBOA AVALIACIÓN PARA PROBAS E AUDICIÓNS.....	125
9.10.4.Recursos didácticos.....	126
<b>10.Procedementos de avaliación e seguimento da programación didáctica ....</b>	<b>129</b>
<b>11.Procedementos para realizar a avaliación interna do departamento .....</b>	<b>130</b>
<b>12.ANEXOS .....</b>	<b>131</b>
12.1.Probas de acceso 1º de grao profesional.....	131
12.1.1.Normativa Xeral .....	131
12.1.2.Exame .....	132
12.1.3.Criterios de avaliación e cualificación.....	132
12.1.4.Repertorio orientador .....	134
12.2.Probas de acceso a outros cursos do grao elemental (2º, 3º e 4º cursos)	135
12.2.1.Normativa Xeral .....	135
12.2.2.Exame .....	136
12.2.3.Criterios de avaliación e cualificación.....	136
12.2.4.Repertorio orientador .....	136
12.3.Probas de acceso a outros cursos do grao profesional.....	138
(2º, 3º, 4º,5º e 6º).....	138
12.3.1.Normativa Xeral .....	138
12.3.2.Exame .....	139
12.3.3.Criterios de avaliación e cualificación.....	139
12.3.4.Repertorio orientador .....	139
12.4.Premios Fin de Grao.....	141
12.4.1.Contidos da proba.....	141
12.4.2.Criterios de concesión do Premio de Fin de Grao .....	141



## 1.Introdución

A presente Programación Didáctica de Piano está baseada na secuenciación dos obxectivos, contidos e criterios de avaliación ao longo dos catro cursos do grao elemental e dos seis de que consta o grao profesional, e foi realizada polo profesorado do departamento de Piano de acordo co currículo oficial vixente para a materia e co proxecto educativo do centro, como así establecen os artigos 5º e 10º do capítulo II dos Decretos 198/2007 e 203/2007, do 27 de setembro, respectivamente.

Este documento inclúe, ademais dos obxectivos e contidos, a metodoloxía que se vai a seguir (indicando materias e recursos didácticos que se empregarán), a avaliación e os seus tipos, procedementos e ferramentas (tanto da aprendizaxe coma da ensinanza e da propia programación), a atención á diversidade, e outras informacións que consideramos de interese e necesidade para levar a cabo o proceso de ensinanza-aprendizaxe.

Entendemos esta programación didáctica como un instrumento flexible, que permite adaptarse ás circunstancias concretas do alumnado en cada momento do seu proceso de aprendizaxe, pero ao mesmo tempo, tamén como marco de referencia que lle dá forma á nosa ensinanza garantizando que aqueles alumnos e alumnas dun mesmo nivel, e incluso con diferente profesorado, poidan acceder a unha ensinanza que favoreza a consecución dunhas competencias mínimas equiparables.

### 1.1.Marco Legal

Para a elaboración desta programación didáctica tivéronse en conta os documentos legais que figuran a continuación, tendo presente o reflectido no Artigo 1.2 do Decreto 223/2010, do 30 de decembro, polo que se establece o Regulamento Orgánico dos Conservatorios que explicita *“Tamén será de aplicación aos conservatorios de música e de danza de titularidade das entidades locais, e aos centros privados de ensinanza de música e de danza en todos aqueles aspectos que non contraveñan o establecido na súa lexislación específica e os límites fixados por ela”*. Figuran clasificados atendendo á súa data de publicación, de menor a maior antigüidade:

- **REAL DECRETO 428/2013, do 14 de xuño**, polo que se establecen as especialidades docentes do Corpo de Profesores de Música e Artes Escénicas vinculadas ás ensanzas de Música e Danza.



- **ORDE do 29 de setembro de 2015** pola que se convocan os premios extraordinarios nas ensinanzas artísticas profesionais nas modalidades de música, danza e de artes plásticas e deseño na Comunidade Autónoma de Galicia, correspondentes ao curso 2014/15. DOG do 6 de outubro de 2015.
- **CIRCULAR 6/2012** da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa pola que se determinan as titulacións mínimas esixibles para a impartición das ensinanzas regradas de música nos Conservatorios de Música non dependentes da Consellería de Cultura, Educación e O.U. , e nos centros autorizados.
- **DECRETO 229/2011**, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. DOG 21 de decembro de 2011.
- **CIRCULAR 15/2011** da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa pola que se ditan instrucións para determinados aspectos do funcionamento dos conservatorios elementais e profesionais de música e danza.
- **ORDE do 4 de agosto de 2011** pola que se desenvolve o Decreto 223/2010, do 30 de decembro, polo que se establece o Regulamento Orgánico dos conservatorios elementais e profesionais de música e de danza da Comunidade Autónoma de Galicia. DOG do 18 de agosto de 2011.
- **DECRETO 223/2010**, do 30 de decembro, polo que se establece o Regulamento orgánico dos conservatorios elementais e profesionais de música e de danza da Comunidade Autónoma de Galicia. DOG do 19 de xaneiro de 2011.
- **ORDE do 28 de xullo de 2008**, pola que se regulan as probas de acceso ás ensinanzas profesionais de música dispostas no Decreto 203/2007, do 27 de setembro, polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música. DOG do 18 de agosto de 2008.
- **CIRCULAR 21/2008** da Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais, pola que se regula a avaliación e cualificación dos alumnos e das alumnas que cursan as ensinanzas elementais de música e danza dispostas nos decretos 196/2007, do 20 de setembro e 198/2007, do 27 de setembro, polos que se establece a ordenación das ensinanzas de grao elemental de danza e de música, respectivamente.
- **ORDE do 8 de febreiro de 2008**, pola que se regula a avaliación e cualificación do alumnado que cursa as ensinanzas profesionais de música que se establecen na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. DOG do 26 de febreiro de 2008.
- **DECRETO 198/2007**, do 27 de setembro, polo que se establece a ordenación do grao elemental das ensinanzas de réxime especial de música. DOG do 25 de outubro de 2007.
- **DECRETO 203/2007**, do 27 de setembro, polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música. DOG do 31 de outubro de 2007.



- **CIRCULAR 9/2007** da Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais, pola que se ditan instrucións sobre o desenvolvemento das ensinanzas elementais e profesionais de música establecidas na Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación.

## 1.2. Características do centro

A creación do Conservatorio Profesional de Música de Vilagarcía de Arousa ven reflectida no Decreto 222/2000, de 13 de setembro, e autorizada a súa posta en funcionamento pola Orde do 6 de xullo de 2005, ámbalas dúas da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia.

É un centro público e oficial no que se imparten na actualidade os graos elemental e profesional das ensinanzas de réxime especial de música reguladas pola Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación.

Sito no Auditorio Municipal de Vilagarcía de Arousa, na Avda. da Mariña nº 27.

O centro sitúase na bisbarra do Salnés. A actividade musical da zona xira en torno á existencia deste centro, de bandas de música, asociacións culturais e coros. Existe en Vilagarcía de Arousa, e tamén de titularidade municipal, unha Escola Municipal de Música así coma escolas de música privadas. O mesmo sucede noutros municipios da comarca.

O propio Conservatorio e o Concello de Vilagarcía de Arousa, programan actividades musicais. A cidade carece de fonoteca pública e de biblioteca musical especializada (a excepción da do propio centro).

A maiores da actividade docente da ensinanza de música, no Centro realízanse diferentes actividades extraescolares e complementarias co obxectivo de completar a formación do alumnado: concertos, Masterclass, Seminarios, conferencias e cursos de especialización, e outros.

A ensinanza que se imparte no Conservatorio Profesional de Música de Vilagarcía de Arousa é a de música, regulada pola Lei 2/2006, do 3 de maio, de Educación e polo Real Decreto 1577/2006, do 22 de decembro polo que se fixan os aspectos básicos das ensinanzas profesionais de música, sendo na Comunidade Autónoma de Galicia os decretos polos que se regula o grao elemental e profesional o 198/2007, do 27 de setembro, e 203/2007, do 27 de setembro.

## 1.3. Características do alumnado

O centro conta cunha media de 125 alumnos e alumnas, variando a súa procedencia segundo a idade e o curso que realizan. Así, a maioría do alumnado pertence ao Concello de Vilagarcía de Arousa aínda que tamen é salientable o número de alumnos/as doutros concellos





límitrofes.

As principais motivacións para o estudo neste Centro son:

- A obtención dun título que lles abra saídas profesionais, e que posibilite a continuidade de estudos no grao superior de música.
- O interese polo estudo dunha especialidade instrumental.
- A calidade da ensinanza.
- A localización do Conservatorio.

As expectativas de futuro do alumnado varían segundo o grao no que se atopan: os/as alumnos/as de grao elemental teñen como principal obxectivo obter unha formación que lles permita gozar da música e poder continuar os seus estudos. O alumnado do grao profesional manifesta as súas preferencias por dedicarse á docencia e á práctica instrumental (orquestra, banda, coro, cámara, solista, etc.), e, se cadra, continuar os seus estudos nun Conservatorio Superior de Música.

No estudo individual do alumnado resalta o esforzo, a análise do repertorio e a comprensión do mesmo. Como gran problema sobresa a falta de tempo, especialmente no grao profesional, debido á gran cantidade de horas que o alumnado pasa no seu centro de ensinanza obrigatoria. Outros problemas son a falta de organización, de constancia e concentración no estudo.

O clima existente entre o alumnado e o profesorado do centro é óptimo, sendo este un dos valores máis apreciados por ambas partes.

Como conclusión, extraemos que ao ser este un centro de ensinanzas artísticas o grao de satisfacción do alumnado co centro é alto, por non ser obrigatorios os devanditos estudos.

## **2. Obxectivos xerais das ensinanzas musicais**

### **2.1. Grao elemental**

O artigo 2º do capítulo I do Decreto 198/2007, do 27 de setembro, polo que se establece a ordenación do grao elemental das ensinanzas de réxime especial de música, indica que a finalidade deste grao é promover a autonomía do alumnado para que a súa capacidade de expresión musical adquira a calidade artística necesaria que permita acceder ao grao profesional.

Esta finalidade acadaríase coa consecución dos obxectivos ou capacidades ao longo dos catro cursos dos que consta o grao elemental e que o artigo 3º do capítulo I do mesmo Decreto enumera:

- a)** Apreciar a importancia da música como linguaxe artística e medio de expresión cultural dos pobos e das persoas.
- b)** Expresarse con sensibilidade musical e estética para interpretar a música de diferentes épocas e estilos, gozar con ela e enriquecer as propias posibilidades de comunicación e de



realización persoal.

- c)** Coñecer e valorar a importancia da respiración e do dominio do propio corpo no desenvolvemento da técnica instrumental, da calidade do son e da interpretación.
- d)** Relacionar os coñecementos musicais coas características da escritura e da literatura do instrumento da especialidade, coa finalidade de adquirir as bases que permitan desenvolver a interpretación artística.
- e)** Interpretar en público, coa necesaria seguridade en si mesmo, para vivir a música como medio de comunicación.
- f)** Interpretar música en grupo habituándose a escoitar outras voces ou instrumentos, e adaptarse harmonicamente ao conxunto.
- g)** Ser consciente da importancia do traballo individual e adquirir a capacidade de escoitarse e ser crítico consigo mesmo.
- h)** Valorar o silencio como elemento indispensable para o desenvolvemento da concentración, a audición interna e o pensamento musical.
- i)** Ser consciente da importancia dunha escoita activa como base imprescindible na formación de futuros profesionais.
- j)** Fomentar a utilización do patrimonio musical en xeral, e a do galego en particular, como medio indispensable no enriquecemento da persoa e da súa formación musical.

## 2.2.Grao Profesional

O Decreto 203/2007, do 27 de setembro, polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música, indica no artigo 2º que a súa finalidade é proporcionarlle ao alumnado unha formación artística de calidade e garantir a cualificación dos futuros profesionais da música, ordenándose en catro funcións básicas: formativa, orientadora, profesionalizadora e preparatoria para estudos posteriores.

Esta finalidade acádase ao longo dos seis cursos dos que consta este grao coa consecución dos seguintes obxectivos que aparecen enumerados no artigo 3º do mesmo Decreto:

- a)** Habituarse a escoitar música e establecer un concepto estético que permita fundamentar e desenvolver os propios criterios interpretativos.
- b)** Desenvolver a sensibilidade artística e o criterio estético como fonte de formación e enriquecemento persoal.
- c)** Analizar e valorar a calidade da música.
- d)** Coñecer os valores da música e optar polos aspectos xurdidos dela máis axeitados para o desenvolvemento persoal.
- e)** Participar en actividades de animación musical e cultural que permitan vivir a experiencia de transmitir o gozo da música.
- f)** Coñecer e empregar con precisión o vocabulario específico relativo aos conceptos científicos da música.



- g)** Coñecer e valorar o patrimonio musical como parte integrante do patrimonio histórico e cultural.
- h)** Tomar conciencia da importancia dunha escoita activa como base imprescindible na formación de futuros profesionais.
- i)** Fomentar a utilización do patrimonio musical en xeral, e a do galego en particular, como medio indispensable no enriquecemento da persoa e da súa formación musical.

### **3. Obxectivos específicos das ensinanzas musicais**

A diferenza do Decreto 198/2007, que establece a ordenación do currículo das ensinanzas elementais, no Decreto 203/2007 de ordenación das ensinanzas profesionais recóllense no artigo 6º os obxectivos específicos destas, que serán desenvolvidos de xeito máis concreto no currículo de cada materia e que citaremos nos seguintes apartados deste mesmo punto.

Estes obxectivos específicos ou capacidades que deben ser adquiridos polo alumnado do grao profesional das ensinanzas de música son:

- a)** Superar con dominio e capacidade crítica os contidos e os obxectivos formulados nas materias que compoñen o currículo da especialidade elixida.
- b)** Coñecer os elementos básicos das linguaxes musicais, as súas características, as funcións e as transformacións nos contextos históricos.
- c)** Utilizar o oído interno como base da afinación, da audición harmónica e da interpretación musical.
- d)** Formar unha imaxe axustada das posibilidades e das características musicais de cada un, tanto a nivel individual como en relación co grupo, coa disposición necesaria para saber integrarse como un membro máis del ou para actuar como responsable do conxunto.
- e)** Compartir vivencias musicais de grupo na aula e fóra dela que permitan enriquecer a relación afectiva coa música, a través do canto e da participación instrumental en grupo.
- f)** Valorar o corpo e a mente para utilizar con seguridade a técnica e poder concentrarse na audición e na interpretación.
- g)** Relacionar e aplicar os coñecementos adquiridos en todas as materias que compoñen o currículo, nas vivencias e nas experiencias propias para acadar unha interpretación artística de calidade.
- h)** Coñecer e aplicar as técnicas do instrumento ou da voz de acordo coas exigencias das obras.
- i)** Adquirir e demostrar os reflexos necesarios para resolver eventualidades que xurdan na interpretación.
- j)** Cultivar a improvisación e a transposición como elementos inherentes á creatividade musical.



k) Interpretar individualmente ou dentro da agrupación correspondente obras escritas en todas as linguaxes musicais, afondando no coñecemento dos estilos e das épocas, así como nos recursos interpretativos de cada un destes.

l) Actuar en público con autocontrol, dominio da memoria e capacidade comunicativa.

## **4. Obxectivos, contidos e criterios de avaliación da materia de Piano**

### **4.1. Grao elemental da materia de Piano**

No Anexo II do Decreto 198/2007, do 27 de setembro, polo que se establece a ordenación do grao elemental das ensinanzas de réxime especial de música, establécense os obxectivos, contidos e criterios de avaliación sobre os que se basa a presente programación e que son os que se citan a continuación:

#### **4.1.1. Obxectivos**

– O ensino do piano no grao elemental terá como obxectivo contribuir a desenvolver no alumnado as capacidades seguintes:

**Adoptar unha posición axeitada do corpo con respecto ao instrumento que posibilite e favoreza a acción do conxunto brazo-antebrazo-man sobre o teclado.**

**Coñecer as características e as posibilidades sonoras do instrumento, e sabelas empregar dentro das exigencias do nivel.**

**Coñecer as épocas que abrangue a literatura pianística ao longo da súa historia e as exigencias que suscita unha interpretación estilisticamente correcta.**

**Amosar un grao de desenvolvemento técnico que permita abordar, dentro das exigencias do nivel, os estilos de escritura posibles nun instrumento da capacidade polifónica do piano.**

**Interpretar un repertorio de obras representativas das épocas e os estilos dunha dificultade adecuada ao nivel.**

#### **4.1.2. Contidos**

- Desenvolvemento da percepción interna da propia relaxación, así como dos indispensables esforzos musculares que require a execución instrumental, e procura dun equilibrio satisfactorio entre ambos os factores.
- Bases dunha utilización consciente do peso do brazo.



- Desenvolvemento da habilidade de cada man e do xogo coordinado de ambas.
- Planificación do traballo da técnica, tendo en conta os seguintes principios xerais:
- Práctica da técnica dixital dirixida a incrementar a independencia, a velocidade, a resistencia e a capacidade de diversificación dinámica, partindo dos movementos das articulacións dos dedos.
- Estudo dos movementos posibles a partir das articulacións do brazo (pulso, cóbado, ombro), tales como caídas, lanzamentos, desprazamentos laterais, movementos circulares e de rotación, e toda a combinatoria que permiten.
- Percepción clara de que a interacción permanente deses tipos de accións constitúen a base de toda técnica pianística eficaz.
- Estudo dos principios da dicitación pianística e o seu desenvolvemento, en función da complexidade progresiva das dificultades que cumpra resolver.
- Desenvolvemento da sensibilidade auditiva como premisa para a obtención dunha boa calidade de son. Aprendizaxe dos modos de ataque e de articulación en relación coa dinámica, a condución da frase e a densidade da textura musical.
- Desenvolvemento da capacidade de obter simultaneamente sons de distinta intensidade entre ambas as mans ou entre os dedos dunha mesma man, tratando de alcanzar unha diferenciación dinámica que resulta indispensable nun instrumento polifónico coma o piano, xa se trate da relación entre melodía e acompañamento, ou xa de formas contrapuntísticas de maior ou menor complexidade.
- Coñecemento e práctica dos pedais.
- Iniciación á comprensión das estruturas musicais nos seus niveis (motivos, temas, períodos, frases, seccións, etc.), para chegar a unha interpretación consciente e non simplemente intuitiva.
- Adestramento permanente e progresivo da memoria. Desenvolvemento de hábitos correctos e eficaces de estudo, estimulando a concentración, o sentido de autocrítica e a disciplina no traballo.
- Selección progresiva canto ao grao de dificultade dos exercicios, os estudos e as obras do repertorio pianístico que se consideren útiles para o desenvolvemento conxunto da capacidade musical e técnica do alumnado.
- Práctica de conxunto.

#### **4.1.3. Criterios de Avaliación do Grao Elemental**

En termos xerais, a avaliación terá un carácter eminentemente formativo co fin de detectar as dificultades no instante en que se produzan e ofrecer medidas de reforzo en calquera momento do curso.

Para elo utilizaranse procedementos e ferramentas variados que permitirán valorar o que se quere medir en cada caso, e que serán determinados polo/ propio/a profesor/a en función da



adecuación cos obxectivos e os contidos que pretenda avaliar.

A avaliación do proceso de aprendizaxe rexirase por unha serie de principios xerais como son a obxectividade, tendo en conta a dificultade de avaliar unha disciplina artística, a transparencia, xa que se aplicarán os criterios de calificación contidos nesta programación didáctica, e a accesibilidade, dado que alumnado e familias disporán de toda a información relacionada coa súa avaliación ao longo de todo o proceso de ensinanza-aprendizaxe sin limitarse unicamente á calificación trimestral ou final.

- a)** Ler textos a primeira vista con fluidez e comprensión. Este criterio de avaliación pretende constatar a capacidade do alumnado para se desenvolver con certo grao de autonomía na lectura dun texto.
- b)** Memorizar e interpretar textos musicais empregando a medida, a afinación, a articulación e o fraseo adecuados ao seu contido. Este criterio de avaliación pretende comprobar, a través da memoria, a correcta aplicación dos coñecementos teórico/prácticos da linguaxe musical.
- c)** Interpretar obras de acordo cos criterios do estilo correspondente. Este criterio de avaliación pretende comprobar a capacidade do alumnado para empregar o tempo, a articulación e a dinámica como elementos básicos da interpretación.
- d)** Describir logo dunha audición os trazos característicos das obras escoitadas. Con este criterio, preténdese avaliar a capacidade para percibir e relacionar cos coñecementos adquiridos os aspectos esenciais de obras que o alumnado poida entender segundo o seu nivel de desenvolvemento cognitivo e afectivo, aínda que non as interprete por seren novas para el ou por resultaren aínda inabordables pola súa dificultade e técnica.
- e)** Amosar nos estudos e nas obras a capacidade de aprendizaxe progresiva individual. Este criterio de avaliación pretende verificar se o alumnado é capaz de aplicar no seu estudo as indicacións do profesorado e, con elas, desenvolver unha autonomía progresiva de traballo que lle permita valorar correctamente o seu rendemento.
- f)** Interpretar en público, como solista e de memoria, obras representativas do seu nivel no instrumento, con seguridade e control da situación. Este criterio de avaliación trata de comprobar a capacidade de memoria e autocontrol, e o dominio da obra estudada. Así mesmo, pretende estimular o interese polo estudo e fomentar as capacidades de equilibrio persoal que lle permitan enfrontarse con naturalidade ante un público.
- g)** Actuar como membro dun grupo e manifestar a capacidade de tocar ou cantar, ao mesmo tempo que escoita e se adapta ao resto dos instrumentos ou das voces. Este criterio de avaliación presta atención á capacidade do alumnado para adaptar a súa afinación, precisión rítmica, dinámica, etc., á dos seus compañeiros ou compañeiras nun traballo común.

#### **4.1.3.1. Criterios de cualificación aplicables a todos os cursos**

Os seguintes criterios de cualificación serán aplicados por aquel profesorado que non utilice as rúbricas expostas na secuenciación dos cursos para a avaliación do seu alumnado



---

1	Carencia total de traballo individual
---	---------------------------------------

---

2-3	Graves dificultades coa lectura e interpretación das notas e do ritmo
	Interrupcións frecuentes
	Acusada falta do control do son
	Escaso dominio da obra
	Falta de control técnico das diferentes seccións da obra

---

4	Insuficiencia do nivel preciso e aceptable segundo os criterios de avaliación de cada curso
	Falta de continuidade na interpretación
	Pobre recuperación dos atrancos
	Erros de lectura, afinación e ritmo
	Baixa calidade do son
	Falta de preparación xeral
	Actitude negativa e falta de interese na materia

---

5-6	Seguridade xeral na lectura (notas e ritmo)
	Traballo técnico adecuado
	Continuidade na interpretación da obra
	Limitación no uso de recursos musicais
	Evidencia dunha coidada preparación

---

7-8	Interpretación realizada con seguridade técnica
	Evidencia de control do son e da afinación
	Tempo adecuado e mantido
	Uso correcto das dinámicas e do fraseo
	Capacidade de resposta ó estilo

---

9-10	Interpretación creativa realizada con fluidez e seguridade técnica
	Dominio da memoria
	Atención ás dinámicas e o fraseo
	Control do son e da afinación
	Tempo axeitado dende o punto de vista musical
	Comprensión dos detalles musicais e do carácter e estilo da obra

---



#### **4.1.3.2. Sistema de control da asistencia do alumnado**

O alumnado que supere ás **TRES** faltas de asistencia **trimestrais** para materias dunha sesión semanal e **CATRO** faltas de asistencia para materias de dúas sesións semanais poderá ser avaliado en cada trimestre mediante unha proba específica. O profesorado desenvolverá esta proba no horario asignado ao/á alumno/a, no caso das materias individuais. No suposto das materias colectivas o profesorado indicará ao alumnado a data e hora de realización da proba.

O profesorado das diferentes materias deberá notificar ao/á titor/a e á Xefatura de Estudos cando o seu alumnado acade o número de faltas sinalado.

A Comisión de Coordinación Pedagóxica será o órgano que resolverá as incidencias ou casos excepcionais que podan acontecer.

A materia de Piano impártese nunha sesión dunha hora semanal.

#### **4.1.3.3. Medidas de recuperación ao longo do curso académico**

Consistirá nunha proba onde alumnado deberá presentar toda a materia que corresponda a avaliación en cuestión, sendo o profesorado o encargado de designar os contidos e as pezas a interpretar na proba.

#### **4.1.3.4. Procedemento de recuperación da convocatoria ordinaria**

No suposto en que sexa necesario o/a alumno/a terá dereito a realizar un exame ao final do curso académico.

Consistirá nunha proba práctica, onde o/a alumno/a presentará un programa cun número de obras segundo o disposto nesta programación e proposto polo/a profesor/a para ese curso. Nela terá que demostrar acadados os obxectivos reflectidos nesta programación.

#### **4.1.3.5. Procedemento de recuperación da convocatoria extraordinaria**

Consistirá nunha proba práctica a celebrar nas datas que indique a Xefatura de Estudos do centro, na que o/a alumno/a presentará un programa segundo o reflectido no Informe da materia que se lle entregará xunto co Boletín de Cualificacións finais. Na devandita proba o/a alumno/a terá que amosar ter acadados os obxectivos reflectidos nesta programación.

#### **4.1.3.6. Criterios para a concesión de ampliación de matrícula**

Demostrar que ten adquiridos os obxectivos específicos ou capacidades de tódalas materias do curso actual.

Amosar as adecuadas capacidades de aprendizaxe para superar o curso ao que aspira a acceder.

O profesorado titor/a será o encargado/a de propoñer a ampliación de matrícula informando ás familias, e solicitando unha reunión do profesorado de todas as materias que cursa o/a alumno/a.

O profesorado das distintas materias informarán por escrito en relación ás capacidades de





aprendizaxe e a adquisición dos obxectivos específicos reflectidos nas diferentes programacións.

No suposto de que todos os informes sexan favorables, o/a titor/a presentará a proposta á dirección do Centro que a elevará ao Consello Escolar para a súa aprobación definitiva.

## **4.2.Grao Profesional da materia de Piano**

En canto aos elementos curriculares do grao profesional que serviron de base para a elaboración desta programación, figuran no Anexo II do Decreto 203/2007, do 27 de setembro, polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música e son os seguintes:

### **4.2.1.Obxectivos**

As ensinanzas de piano dos estudos profesionais de música terán como obxectivo contribuir a desenvolver no alumnado as seguintes capacidades:

- a) Coñecer as diversas convencións interpretativas vixentes en distintos períodos da música instrumental, especialmente as referidas á escritura rítmica ou á ornamentación.
- b) Adquirir e aplicar progresivamente ferramentas e competencias para o desenvolvemento da memoria.
- c) Desenvolver a capacidade de lectura á primeira vista e aplicar con autonomía progresivamente maior os coñecementos musicais para a improvisación co instrumento.
- d) Practicar a música de conxunto, integrándose en formacións camerísticas de diversa configuración e desempeñando papeis de solista con orquestra en obras de dificultade media, desenvolvendo así o sentido da interdependencia dos respectivos cometidos.
- e) Aplicar con autonomía progresivamente maior os coñecementos musicais para solucionar por si mesmo os diversos problemas de execución que se poidan presentar relativos a dixitación, pedalización, fraseo, dinámica.
- f) Dominar no seu conxunto a técnica e as posibilidades sonoras e expresivas do instrumento, así como alcanzar e demostrar a sensibilidade auditiva necesaria para perfeccionar gradualmente a calidade sonora.
- g) Interpretar un repertorio que inclúa obras representativas de diferentes épocas e estilos de dificultade adecuada a este nivel.

### **4.2.2.Contidos**

- Estudo en profundidade da dixitación e a súa problemática.
- Desenvolvemento e perfeccionamento de toda a gama de modos de ataque.
- A utilización progresivamente maior do peso do brazo como principal fonte de forza e de control da sonoridade.
- A dinámica, a precisión na realización das diversas indicacións que a ela se refiren e o



equilibrio dos niveis e calidades de son resultantes.

- A utilización dos pedais e a potenciación que experimentaron os seus recursos na evolución da escritura pianística.
- Fraseo e a súa adecuación aos diferentes estilos; ligado a iso, o desenvolvemento da cantabilidade no piano.
- Iniciación á interpretación da música contemporánea e ao coñecemento das súas graffías e efectos.
- Adestramento permanente e progresivo da memoria.
- Práctica da lectura á vista.
- Audicións comparadas de grandes intérpretes para analizar de xeito crítico as características das súas diferentes versións.
- Práctica de conxunto.

#### **4.2.3. Criterios de Avaliación do Grao Profesional**

1. Utilizar o esforzo muscular, a respiración e relaxación adecuados ás esixencias da execución instrumental. Con este criterio preténdese avaliar o dominio da coordinación motriz e o equilibrio entre os indispensables esforzos musculares que require a execución instrumental e o grao de relaxación necesaria para evitar tensións que conduzan a unha perda de control na execución.
2. Demostrar o dominio na execución de estudos e obras sen desligar os aspectos técnicos dos musicais. Este criterio avalía a capacidade de relacionar os coñecementos técnicos e teóricos necesarios para alcanzar unha interpretación adecuada.
3. Demostrar sensibilidade auditiva na afinación e no uso das posibilidades sonoras do instrumento. Mediante este criterio preténdese avaliar o coñecemento das características e do funcionamento mecánico do instrumento e a utilización das súas posibilidades.
4. Demostrar capacidade para abordar individualmente o estudo das obras de repertorio. Con este criterio preténdese avaliar a autonomía do alumnado e a súa competencia para emprender o estudo individualizado e a resolución dos problemas que se lle susciten no estudo.
5. Demostrar solvencia na lectura á primeira vista e capacidade progresiva na improvisación sobre o instrumento. Este criterio avalía a competencia progresiva que adquire o alumnado na lectura á primeira vista así como a súa desenvolvemento para abordar a improvisación no instrumento aplicando os coñecementos adquiridos.
6. Interpretar obras das distintas épocas e estilos como solista e en grupo. Trátase de avaliar o coñecemento que o alumnado posúe do repertorio do seu instrumento e das súas obras máis representativas, así como o grao de sensibilidade e imaxinación para aplicar os criterios estéticos correspondentes.
7. Interpretar de memoria obras do repertorio solista de acordo cos criterios do estilo correspondente. Mediante este criterio valórase o dominio e a comprensión que o



alumnado posúe das obras, así como a capacidade de concentración sobre o resultado sonoro delas.

8. Demostrar a autonomía necesaria para abordar a interpretación dentro das marxes de flexibilidade que permita o texto musical. Este criterio avalía o concepto persoal estilístico e a liberdade de interpretación dentro do respecto ao texto.
9. Mostrar unha autonomía progresivamente maior na resolución de problemas técnicos e interpretativos. Con este criterio quérese comprobar o desenvolvemento que o alumnado alcanzou en canto aos hábitos de estudo e á capacidade de autocrítica.
10. Presentar en público un programa adecuado ao seu nivel demostrando capacidade comunicativa e calidade artística. Mediante este criterio preténdese avaliar a capacidade de autocontrol e grao de madureza da súa personalidade artística.

#### 4.2.3.1. Criterios de cualificación aplicables a todos os cursos

Os seguintes criterios de cualificación será aplicados por aquel profesorado que non utilice as rúbricas expostas na secuenciación dos cursos para a avaliación do seu alumnado

1	Carencia total de traballo individual
2-3	Graves dificultades coa lectura e interpretación das notas e do ritmo Interrupcións frecuentes Acusada falta do control do son Escaso dominio da obra Falta de control técnico das diferentes seccións da obra
4	Insuficiencia do nivel preciso e aceptable segundo os criterios de avaliación de cada curso Falta de continuidade na interpretación Pobre recuperación dos atrancos Erros de lectura, afinación e ritmo Baixa calidade do son Falta de preparación xeral Actitude negativa e falta de interese na matéria
5-6	Seguridade xeral na lectura (notas e ritmo) Traballo técnico adecuado Continuidade na interpretación da obra Limitación no uso de recursos musicais Evidencia dunha coidada preparación
7-8	Interpretación realizada con seguridade técnica



---

Evidencia de control do son e da afinación

Tempo adecuado e mantido

Uso correcto das dinámicas e do fraseo

Capacidade de resposta ó estilo

---

9-10 Interpretación creativa realizada con fluidez e seguridade técnica

Dominio da memoria

Atención ás dinámicas e o fraseo

Control do son e da afinación

Tempo axeitado dende o punto de vista musical

Comprensión dos detalles musicais e do carácter e estilo da obra

---

#### **4.2.3.2. Sistema de control da asistencia do alumnado**

O alumnado que supere ás **TRES** faltas de asistencia **trimestrais** para materias dunha sesión semanal e **CATRO** faltas de asistencia para materias de dúas sesións semanais poderá ser avaliado en cada trimestre mediante unha proba específica. O profesorado desenvolverá esta proba no horario asignado ao/á alumno/a, no caso das materias individuais. No suposto das materias colectivas o profesorado indicará ao alumnado a data e hora de realización da proba.

O profesorado das diferentes materias deberá notificar ao/á titor/a e á Xefatura de Estudos cando o seu alumnado acade o número de faltas sinalado.

A Comisión de Coordinación Pedagóxica será o órgano que resolverá as incidencias ou casos excepcionais que podan acontecer.

A materia de Piano impártese nunha sesión dunha hora semanal.

#### **4.2.3.3. Medidas de recuperación ao longo do curso académico**

Consistirá nunha proba onde alumnado deberá presentar toda a materia que corresponda a avaliación en cuestión, sendo o profesorado o encargado de designar os contidos e as pezas a interpretar na proba.

#### **4.2.3.4. Procedementos de recuperación da convocatoria ordinaria**

No suposto en que sexa necesario o/a alumno/a terá dereito a realizar un exame ao final do curso académico.

Consistirá nunha proba práctica, onde o/a alumno/a presentará un programa cun número de obras segundo o disposto nesta programación e proposto polo/a profesor/a para ese curso. Nela terá que demostrar acadados os obxectivos reflectidos nesta programación.

#### **4.2.3.5. Procedementos de recuperación da convocatoria extraordinaria**

Consistirá nunha proba práctica a celebrar nas datas que indique a Xefatura de Estudos do



centro, na que o/a alumno/a presentará un programa segundo o reflectido no Informe da materia que se lle entregará xunto co Boletín de Cualificacións finais. Na devandita proba o /a alumno/a terá que amosar ter acadados os obxectivos reflectidos nesta programación.

#### **4.2.3.6. Criterios para a concesión de ampliación de matrícula**

Demostrar que ten adquiridos os obxectivos específicos ou capacidades de tódalas materias do curso actual.

Amosar as adecuadas capacidades de aprendizaxe para superar o curso ao que aspira a acceder.

O profesorado titor/a será o encargado de propoñer a ampliación de matrícula informando ás familias, e solicitando unha reunión do profesorado de todas as materias que cursa o/a alumno/a.

O profesorado das distintas materias informarán por escrito en relación ás capacidades de aprendizaxe e a adquisición dos obxectivos específicos reflectidos nas diferentes programacións.

No suposto de que todos os informes sexan favorables, o/a titor/a presentará a proposta á dirección do Centro que a elevará ao Consello Escolar para a súa aprobación definitiva.



## 5. Metodoloxía

Pola propia natureza da ensinanza da materia de Piano, ao ter unha maior carga de traballo individual, as técnicas de ensinanza serán individuais e activas, e o método a empregar será a autoaprendizaxe guiada, onde o/a profesor/a en cada clase orientará e motivará ao alumnado para a busca, procesamento e aplicación da información necesaria, así como a aprendizaxe por proxectos, xa que estes coñecementos que adquirirá poranse en práctica nas metas ou proxectos establecidos, desde a preparación de obras e estudos hasta un programa de concerto.

Para dar resposta a todo o anterior, e de xeito xeral, as estratexias metodolóxicas adaptaranse á madurez do alumnado e aos factores contextuais da clase, como son o tempo dispoñible e os espazos e recursos cos que se conte.

### 5.1 Principios metodolóxicos

Os principios que rixen a elaboración desta programación didáctica dotándoa de coherencia e sentido son:

- **Actividade:** O carácter instrumental da especialidade de Piano require da práctica, polo que o principio de que as cousas se aprenden facéndoas vai implícito na nosa ensinanza.
- **Autonomía:** Cada alumno/a será orientado nas súas clases individuais e nos ensaios que se poidan realizar, ensinándolle a traballar de forma independente e a tomar decisións por si mesmo.
- **Creatividade:** Ao tratarse dunha ensinanza artística, toda actividade que realicemos tratará de estimular o pensamento e a imaxinación, buscando conseguir que os/as nosos/as alumnos/as non repitan soamente o que decimos e pedimos.
- **Individualización:** A nosa ensinanza da materia é individual a maior parte do tempo, algo que nos facilita que en cada clase se teña en conta a dimensión persoal e afectivo social de cada alumno ou alumna.
- **Flexibilidade e diversidade de estratexias didácticas:** Co fin de conseguir os obxectivos propostos poderemos realizar as adecuacións que fosen precisas na temporalización dos contidos.
- **Convivencia:** Nos casos en que as actividades da nosa ensinanza requiran de traballo en equipo fomentaranse en todo momento un clima de cordialidade e respecto entre o alumnado.
- **Significación:** Esta será unha das vías de motivación que empregaremos, presentando o que se aprende como algo que será útil noutras situacións, que terá aplicación reais.
- **Interdisciplinabilidade:** Buscaremos relacionar os contidos da nosa materia cos das outras materias do currículo que cursa o noso alumnado para dotalos dunha maior significación



## 5.2 Métodos didácticos

Á hora de decidir os métodos didácticos para esta programación didáctica tivéronse en conta os seguintes enfoques:

- **Modelo constructivista:** Tomando como idea principal que o coñecemento é unha construción persoal na que o/a alumno/a elabora significados propios a partir duns coñecementos previos, a través dunha actividade intelectual e práctica.
- **Aprendizaxe significativa:** Este modelo de aprendizaxe está moi relacionado co constructivista, xa que a adquisición de coñecemento polo/a alumno/a realízase construíndo sobre os seus propios esquemas, sumando información sobre a que xa ten, que lle será útil para aplicar noutras situacións.

Para que esto se produza, debemos ter en conta ao longo de toda actividade:

- a) Que o alumnado teña unha boa actitude, algo que se consegue facéndolle ver que o que están a facer ten sentido, é dicir ten unha razón, unha finalidade, así como fomentando o bo clima de clase, a autoconfianza, etc.
- b) Que o que se ensine presente unha estrutura lóxica dentro da materia, enfocando o traballo de forma globalizadora.
- c) Que as novas aprendizaxes se relacionen cos coñecementos previos, é dicir, os contidos deben ter significatividade psicolóxica.
- d) Que sexan conscientes da importancia do estudo individual, fomentando o interese e o respecto polo hábito de estudo e ensinándolles a maneira de que ese tempo sexa eficiente.



## 6. Atención á diversidade

A diversidade constitúe un valor que enriquece e diversifica a realidade, esixindo no plano educativo unha maior atención por parte do profesorado.

É un feito que os/as alumnos/as que acceden a un conservatorio presentan diferenzas individuais e non todos os/as alumnos/as aprenden ao mesmo ritmo nin teñen as mesmas capacidades, polo que será labor do profesorado adecuar a práctica docente ás necesidades e características do alumnado.

Para dar resposta á diversidade, desde a clase de Piano teremos en conta as seguintes pautas:

- Traballar con materiais abertos e flexibles, que expoñan diversas estratexias para o logro dos coñecementos.
- Ter en conta as diferenzas individuais e de grupo que se detectan na avaliación inicial: os intereses dos/as nenos/as, o contacto que tiveron coas actividades, as destrezas adquiridas, etc.
- Buscar orientación externa, de ser necesario, co propio centro como mediador.
- Respetar o ritmo de aprendizaxe de cada alumno/a.
- Diversificar as actividades para lograr os obxectivos.
- Expor actividades de diferente dificultade e integrar aos/as alumnos/as na máis apropiada ao seu nivel.
- Fomentar a pedagogía do éxito, é dicir, valorar os pequenos logros de cada un e considerar positivamente o seu proceso de aprendizaxe.
- Potenciar o traballo das actitudes para lograr o respecto de todos/as

A atención á diversidade constitúe un indicador moi positivo da saúde do noso sistema educativo, xa que un sistema que tamén intenta dar resposta a todos eses nenos e nenas con deficiencias a nivel persoal e con características cognoscitivas por encima da media, é un sistema educativo cercano ás necesidades reais do educando. Neste sentido a nosa programación didáctica intentará establecer os instrumentos necesarios, en consonancia cos outros documentos do centro, para lograr unha educación musical comprensiva e de calidade.





## 7. Temas transversais

A nosa materia tamén trata esta serie de elementos transversais que son abordados desde cada unha das diferentes asignaturas que comprenden o currículo das ensinanzas de réxime especial de música, e que nos dan a oportunidade de reflexionar sobre a dimensión máis persoal da educación.

### 7.1. Educación en valores

Á hora de abordar a educación en valores seguiranse as seguintes consignas:

- A **educación ambiental** tratarémola a través do coidado pola produción excesiva de sons por parte do alumnado, a concienciación sobre contaminación acústica, e a través da importancia que se lle debe de dar ao silencio como marco de calquera actividade musical.
- En canto á **educación para a saúde**, abordarémola a través da práctica corporal, aprendendo a apreciar e valorar o propio corpo e as súas posibilidades de movemento, tendo en conta e incidindo sobre a educación postural e a adquisición dun correcto tono muscular. Ademais, a música, polos seus compoñentes afectivos, fisiolóxicos e intelectuais, tamén incide de forma positiva no equilibrio persoal e anímico das persoas.
- No referente á **educación para a igualdade de sexos**, partiremos de que a música non está relacionada co sexo do alumnado, e de que toda actividade musical en grupo partirá do principio de integración, de colaboración e de respecto mutuo entre os integrantes da clase independentemente do sexo ao que pertenzan.
- A **educación para a paz e a tolerancia** traballarase a partir de pezas doutras culturas e das relacións que se establezan coas persoas da contorna.
- A **educación para o lecer** traballarase a partir do concepto productivo do ocio, a través da asistencia a concertos, audicións, recitais e outras actividades culturais, ademais de fomentar a escoita de música e a lectura de libros relacionados co traballado en clase.
- En canto á **educación do consumidor** trataremos que o alumnado adquira unha actitude crítica ante o fenómeno musical, axudándolles a forxar un criterio á hora de decantarse por diferentes versións, e propiciando dese modo un aumento da súa capacidade de elección á hora de consumir música.
- Para rematar, a **educación moral e cívica** abordarémola ao ter presente o respecto ás normas e a necesidade da súa existencia como poden ser á hora de tocar en grupo: a entrada simultánea, o mantemento do plano sonoro adecuado, a actitude de escoita e respecto aos demais... Todas estas normas estarían referidas aos/ás compañeiros/as, ao material da aula, ao/á profesor/a, etc.



## **7.2 Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC's)**

Hoxe en día é difícil pensar nun modelo pedagóxico que non se complemente cos recursos tecnolóxicos, permitindo unha formación máis completa e posibilitando unha renovación na pedagogía e na didáctica. A educación ten que avanzar ao paso da sociedade co fin de enriquecerse mutuamente. Para elo, o profesorado poderá utilizar todos os recursos dispoñibles cara á mellor implementación de contidos dixitais na aula e a través da Aula Virtual do centro.



## 8. Actividades culturais e de promoción das ensinanzas

Segundo o establecido no Proxecto Educativo de Centro en referencia ás actividades culturais e de promoción das ensinanzas:

**A.** Terán a consideración de actividades complementarias as organizadas durante o horario escolar polo Conservatorio, dacordo cos seus proxectos e programacións e que teñen un carácter diferenciado das actividades propiamente lectivas, polo momento, espacio ou recursos que utilizan.

Son actividades complementarias fixas as seguintes:

- Audicións
- Concertos trimestrais e finais
- Aqueloutras que así o determine o centro a traves dos órganos competentes.

**B.** Terán a consideración de actividades extraescolares as encamiñadas a potenciar a apertura do centro ó seu entorno e á procura da formación integral do alumnado. As actividades extraescolares realizaránse, sempre que sexa posible, fora do horario lectivo, terán carácter voluntario para o alumnado e buscarán a implicación activa de toda a comunidade educativa.

Son actividades extraescolares as seguintes:

- Os intercambios educativos/culturais con outros centros
- As viaxes, excursións ou saídas culturais
- Os cursos ou cursiños
- Aqueloutras que así o determine o centro a traves dos órganos competentes.

**C.** Poderanse organizar outras actividades no centro a proposta de calquera membro da comunidade educativa que sexan de interés tanto para o centro coma para os destinatarios aos que vai dirixida. En calquera caso as propostas doutras actividades deberán seguir os puntos enumerados anteriormente no apartado que corresponda.

O alumnado do centro terá o dereito de asistir, aínda que non a obriga, ás actividades culturais e de promoción das ensinanzas que se organicen dende os distintos Departamentos, agás nas audicións, onde si deberán participar.

### 8.1. Actos institucionais

Dende hai xa varios cursos académicos temos xa institucionalizados unha serie de concertos, de xeito que pasaran a formar parte da programación estable do centro. Seguindo esta liña de continuidade, as posibles participacións do alumnado do centro sería nos seguintes actos:

- Concerto de Santa Icí: Terá lugar ao redor do 22 de novembro de cada ano.



- Concerto de Nadal : a celebrar antes das vacacións de Nadal.
- Concerto de Fin de Curso: a celebrar antes da avaliación final do curso.

Ademais das actividades que se realicen no seo do propio centro, intentarase celebrar concertos en salas ou espazos que permitan unha maior proxección da nosa tarefa profesional.

## **8.2. Cursos e clases maxistras**

Os cursos e clases maxistras que se desexen organizar, unha vez propostos no departamento correspondente trasladaranse ao Claustro de profesores e Consello Escolar onde se debaterán, e se son autorizados pasarán a ter a consideración de actividades extraescolares ou complementarias do centro.

No caso de que os diferentes departamentos teñan algunha proposta, esta deberá ser tratada no mes de setembro para incluíla na Programación Xeral Anual. As propostas posteriores a esta data, poderán terse en conta, sempre que sexan autorizadas polo Consello Escolar.

## **8.3. Audicións**

Atendendo ao que se contempla nos currículos de Grao Elemental e de Grao Profesional, o centro organizará audicións públicas de alumnos/as que se celebrarán de forma continuada ao longo do curso.

O centro organizará dous ou tres períodos de audicións anuais, nas que o alumnado deberá participar como mostra do traballo realizado na clase, interpretando a ou as obras que o/a seu/súa profesor/a lle asigne, sexa en grupo ou como solista. Cada alumno/a deberá participar alomenos en dúas audicións anuais.

## **8.4. Outros**

O centro colabora con entidades públicas e privadas participando en eventos organizados por estes, ou ben polo Concello de Vilagarcía de Arousa a través dos distintos departamentos ou Concellerías. O profesorado poderá propoñer alumnado para a súa inclusión nestas actividades.



## 9. Secuenciación por cursos

A continuación desenvólvese a programación didáctica de Piano dos graos elemental e profesional por cursos.

### 9.1. Curso: 1º de grao elemental

#### 9.1.1. Obxectivos

- Iniciar o alumnado na práctica musical do instrumento sen ter coñecementos previos da escritura musical.
- Contribuír a espertar a sensibilidade e a creatividade musical do alumnado.
- Coñecer as particularidades xerais do instrumento: a situación das notas no teclado, as diferentes alturas dos sons, os pedais, o mecanismo fundamental de produción de son, etc.
- Coñecer a numeración dos dedos da man e a correcta posición desta sobre o teclado.
- Coñecer e asimilar a correcta posición do corpo na execución pianística.
- Facer consciente ao alumnado da súa percepción de tensión-relaxación e do seu propio ritmo interno.
- Iniciar ao alumnado en técnicas de estudo axeitadas.
- Introducir ao alumnado na práctica das articulacións, os diferentes tipos de toque e a gradación da intensidade do son.
- Adquirir un grao de destreza que lle permita interpretar pequenas melodías populares e fragmentos moi sinxelos con sentido musical.
- Iniciar ao alumnado na práctica da memorización de fragmentos sinxelos.

#### 9.1.2. Contidos

- Xogos de lectura dixital para tocar sen notación musical fragmentos populares.
- Xogos melódicos de pregunta-resposta.
- Mecanismo de produción de son, sistema de propulsión dos macillos, número e disposición das cordas, funcionamento e efecto dos pedais.
- Exercicios de localización das notas en diversas alturas ao longo do teclado.
- Xogos de numeración dos dedos das dúas mans para familiarizarse coa dixitación pianística.
- Práctica da caída libre e do peso do brazo, antebrazo e man, conxunta e separadamente, e exercicios de tensión-relaxación con diferentes partes do corpo.
- Práctica da técnica dixital con pequenos exercicios que desenvolvan a mobilidade, independencia e resistencia dos dedos (notas mantidas, progresións diatónicas con dous,



tres e cinco dedos, etc.).

- Práctica da percepción auditiva para a obtención dunha boa calidade de son.
- Producción de sons conectados melodicamente.
- Ligado e picado coas dúas mans e combinación dos dous tipos de toque en frases curtas.
- Pedal de prolongación a tempo.
- Paso do polgar nunha oitava.
- Exercicios de dinámica iniciando ao alumnado na obtención simultánea de sons de distinta intensidade coas dúas mans.
- Exercicios para o desenvolvemento da memorización de maneira progresiva.
- Introducción ao traballo con acordes triadas.

### **9.1.3. Criterios de avaliación**

- Mostrar a capacidade de producir diferentes tipos de articulacións e dinámicas que enriquezan a interpretación.
- Mostrar un coñecemento do uso e funcionamento do pedal de prolongación.
- Interpretar o repertorio cunha aplicación axeitada dos aspectos mecánicos, técnicos e musicais, con fluidez, pulso estable e precisión rítmica.
- Mostrar un grao axeitado de dominio da interpretación de memoria.
- Mostrar un dominio axeitado da interpretación en público.
- Mostrar unha capacidade mecánica e técnica acorde ao nivel.
- Amosar a capacidade de producir sons conectados melodicamente.
- Observar unha execución relaxada e unha completa asimilación da posición corporal con respecto ao instrumento.
- Mostrar unha comprensión musical global e unha correcta diferenciación estilística no repertorio.

#### **9.1.3.1. Mínimos esixibles**

- O repertorio do/a alumno/a deberá incluír, durante o curso, polo menos 20 pezas de pequeno formato.
- O alumnado deberá participar alomenos en dúas audicións.

#### **9.1.3.2. Procedementos e ferramentas de avaliación**

##### **Ferramentas de avaliación.**

- Avaliación continuada a través do seguimento semanal e a observación atenta do alumnado e da súa evolución respecto aos obxectivos marcados en cada sesión lectiva, que



serán anotados axeitadamente no caderno do profesor, debendo cumprir ao remate do curso cos requisitos mínimos e o programa especificado nos criterios de avaliación.

- A través da observación, gravación, etc. de actuacións en audicións ou concertos de carácter público nos que se amose parte do traballo desenvolvido.
- Gravación en audio ou vídeo do repertorio traballado polo alumnado, cunha posterior análise e posta en común cos compañeiros de clase dos principais aspectos musicais e técnicos.
- A autoavaliación do alumnado.

### **Procedementos de avaliación.**

Avaliación inicial ou diagnóstica.

- A avaliación inicial realizarase durante a primeira semana do curso escolar. Este proceso comprenderá as seguintes accións que permitan identificar as dificultades do alumnado, así como as posibles necesidades de atención educativa.
- Detección das aprendizaxes imprescindibles non adquiridas en anos anteriores (de ser o caso).
- Coñecemento personalizado do alumnado e da súa situación emocional coa fin de tomar as decisións profesionais de actuación por parte do profesorado.

Avaliación formativa.

- É a que determina como se vai desenvolvendo o proceso de aprendizaxe, coa fin de proporcionar unha información útil para adaptar as actividades propostas ás necesidades concretas do alumnado. Todas as actividades de ensino-aprendizaxe que se propoñan son, polo tanto, actividades de avaliación formativa e deben ter un control detallado que amose a información precisa sobre o rendemento do alumnado, permitindo a axuda pedagóxica axeitada en cada momento para que aprenda máis e mellor.

Avaliación sumativa.

- É a que ten lugar ao remate de cada unidade, bloque de contidos, curso ou trimestre e que consiste en avaliar os resultados obtidos na aprendizaxe para verificar que se alcanzaron os obxectivos propostos.

### **9.1.3.3. Criterios de cualificación.**

Os seguintes criterios de cualificación serán aplicados por aquel profesorado que utilice as rúbricas expostas de seguido.



<b>Criterios de avaliación homoxeneizados</b>				
<b>Traballo persoal</b>		<b>Hábitos de Estudo</b>	<b>Audicións / Grao de consecución do repertorio*</b>	
Semanal de aula	Probas técnicas ou exames de aula		Públicas	De aula
<b>70%</b>		<b>10%</b>	<b>20%*</b>	
Registros				
Caderno do profesor	Táboa ou listade cotexo	Caderno do profesor	Táboa ou lista de cotexo	

\* Cando por decisión do profesorado o alumnado non realice a audición, o 20% corresponderá ao grao de consecución do repertorio.





<b>Rúbrica para a cualificación dos hábitos de estudo semanais</b>			
<b>Sobresaínte (9-10)</b>	<b>Notable (7-8)</b>	<b>Ben (5-6)</b>	<b>Insuficiente (1-4)</b>
<ul style="list-style-type: none"><li>- Amosa unha grande concienciación da importancia do traballo individual e da adquisición e emprego de hábitos e rutinas de estudo eficaces.</li><li>- Amosa interese pola materia.</li><li>- Asiste regular e puntualmente a clase.</li></ul>	<ul style="list-style-type: none"><li>- Aínda que amosa concienciación da importancia do traballo individual non emprega hábitos de estudo completamente eficaces.</li><li>- Amosa moito interese pola materia.</li><li>- Asiste regular e puntualmente as clases.</li></ul>	<ul style="list-style-type: none"><li>- Aínda que amosa concienciación da importancia do traballo individual, non emprega hábitos de estudo completamente eficaces.</li><li>- Amosa interese pola materia.</li><li>- Non sempre asiste regular e puntualmente as clases.</li></ul>	<ul style="list-style-type: none"><li>- Amosa falta de concienciación da importancia do traballo individual e da adquisición e emprego de hábitos e rutinas de estudo eficaces.</li><li>- Non amosa interese pola materia.</li><li>- Non asiste regular ou puntualmente ás clases.</li></ul>

## Táboa avaliación para probas e audicións

Nome do alumno:

Título da obra:

Resultado da obra:

Fidelidade a partitura, fluidez e precisión rítmica	Son e técnica	Estilo, expresión e fraseo
<input type="checkbox"/> <b>4 puntos</b> <b>Moi ben.</b> Interpreta con fluidez a un tempo estable e adecuado. Non hai apenas notas falsas nin imprecisións rítmicas. Respecta as dixitacións e as indicacións da partitura. Toca de memoria.	<input type="checkbox"/> <b>3 puntos</b> <b>Moi ben.</b> Tendo en conta o nivel, presenta unha moi boa calidade do son. Usa moi ben o peso do brazo e dispón da variedade de ataques necesaria. Resolve moi ben as dificultades técnicas que a obra presenta, mantendo a claridade e a igualdade entre as notas. Mantén unha moi boa posición, natural e relaxada, do corpo e as mans.	<input type="checkbox"/> <b>3 puntos</b> <b>Moi ben.</b> Adáptase moi ben ao estilo e carácter da obra con musicalidade. A expresión e a <del>agóxi</del> <del>ca</del> son as axeitadas á obra. O fraseo é claro e adecuado e as articulacións, dinámicas e acentos están moi ben realizados e son claramente independentes entre as mans, diferenciando planos sonoros. O uso dos pedais é adecuado ao estilo.
<input type="checkbox"/> <b>3,5 puntos</b>	<input type="checkbox"/> <b>2,75 puntos</b>	<input type="checkbox"/> <b>2,75 puntos</b>
<input type="checkbox"/> <b>3 puntos</b> <b>Ben.</b> Mantén, en xeral, unha interpretación fluída e un tempo estable. Toca, en xeral, con corrección nas notas e precisión no ritmo. Respecta, en xeral, as dixitacións e as indicacións da partitura.	<input type="checkbox"/> <b>2,5 puntos</b> <b>Ben.</b> Presenta, en xeral, unha boa calidade do son. Usa ben o peso do brazo e dispón, en xeral, da variedade de ataques necesaria. En xeral, resolve ben as dificultades técnicas que a obra presenta, mantendo a claridade e a igualdade entre as notas. Mantén, en xeral, unha boa posición do corpo e as mans.	<input type="checkbox"/> <b>2,5 puntos</b> <b>Ben.</b> Adáptase, en xeral, ben ao estilo e carácter da obra. A expresión e a <del>agóxi</del> <del>ca</del> son, en xeral, axeitadas á obra. En xeral, o fraseo é claro e adecuado e as articulacións, dinámicas e acentos están ben realizados e son independentes entre as mans. O uso dos pedais, en xeral, é adecuado ao estilo.
<input type="checkbox"/> <b>2,5 puntos</b>	<input type="checkbox"/> <b>2 puntos</b>	<input type="checkbox"/> <b>2 puntos</b>
<input type="checkbox"/> <b>2 puntos</b> <b>Suficiente.</b> A interpretación é suficientemente fluída e o tempo está dentro das marxes aceptables, aínda que nalgunha pasaxe presente dificultades ou inestabilidades no tempo. As notas falsas e as imprecisións rítmicas están dentro do aceptable. Cumpre suficientemente coas dixitacións e as indicacións da partitura.	<input type="checkbox"/> <b>1,5 puntos</b> <b>Suficiente.</b> Presenta unha calidade aceptable do son. Usa aceptablemente o peso do brazo. Resolve suficientemente as dificultades técnicas, aínda que nalgunha pasaxe perda claridade ou haxa desigualdades. Mantén unha posición aceptable do corpo e as mans.	<input type="checkbox"/> <b>1,5 puntos</b> <b>Suficiente.</b> A interpretación está aceptablemente dentro do estilo e o carácter da obra. A expresión e a <del>agóxi</del> <del>ca</del> son aceptables. O fraseo, as articulacións, as dinámicas e os acentos e a súa independencia entre as mans son suficientes. O uso dos pedais é aceptable dentro do estilo.
<input type="checkbox"/> <b>1,5 puntos</b>	<input type="checkbox"/> <b>1 punto</b>	<input type="checkbox"/> <b>1 punto</b>
<input type="checkbox"/> <b>1 punto</b> <b>Insuficiente.</b> Interpretación pouco fluída, tempo inestable ou inadecuado, interrupcións frecuentes. Demasiadas notas falsas ou imprecisións rítmicas. Non respecta suficientemente as dixitacións e as indicacións da partitura.	<input type="checkbox"/> <b>0,5 puntos</b> <b>Insuficiente.</b> Presenta unha mala calidade do son. Non usa correctamente o peso do brazo. Non resolve suficientemente as dificultades técnicas, perdendo a claridade e a igualdade entre as notas. Mantén unha posición inadecuada do corpo e das mans.	<input type="checkbox"/> <b>0,5 puntos</b> <b>Insuficiente.</b> A interpretación está fóra do estilo e do carácter da obra. A expresión e a <del>agóxi</del> <del>ca</del> son inadecuadas. O fraseo, as articulacións, as dinámicas e os acentos e a súa independencia entre as mans son insuficientes. O uso dos pedais é inadecuado ao estilo.
<input type="checkbox"/> <b>0 puntos</b> <b>Moi deficiente</b> É incapaz de superar minimamente as dificultades que a obra presenta.	<input type="checkbox"/> <b>0 puntos</b> <b>Moi deficiente</b> É incapaz de superar minimamente as dificultades que a obra presenta.	<input type="checkbox"/> <b>0 puntos</b> <b>Moi deficiente</b> É incapaz de superar minimamente as dificultades que a obra presenta.



#### 9.1.4. Recursos didácticos

##### Repertorio orientador:

- Edna Mae Burman. Unha ducia ao día (preparatorio)
- Czerny. Os cinco dedos Op. 777: nº 1, 2, 3, 4, 5, 7, 8
- F. Emonts. Método Europeo I
- Violeta Hemsy de Gainza. Palitos chinoses Volume I a; I b
- Antón García-Abril. Cadernos de Adriana I, II
- M. Carra. Método curso 1º, 1º volume
- Kabalewsky. Op. 39: 1-12, e Op. 89: 1-8
- B. Bartok. Mikrokosmos Vol. I, e “32 Klavierstück” nº 1, 3
- Duvernoy. Estudos op. 176
- Tchokov-Gemiu. “El Piano”. Iniciación, Preparatorio, 1º.
- Método Bastien

##### Libros de consulta:

- Wolters, Klaus. “Handbuch der Klavierliteratur zu zwei Händen” (Ed. Atlantis Musikbuch)
- Margrath, Jane: The Pianist's guide to standard teaching and performance literature (Ed. Alfred Music)
- Hinson, Maurice: Guide to the Pianist's Repertoire (Ed. Indiana University Press)
- Rattalino, Piero. Historia del piano (Ed. SpanPress)
- Chiantore, Luca. Historia de la técnica pianística (Ed. Alianza Música)
- Ferguson, Howard. La interpretación de los instrumentos de teclado del siglo XIV al XIX (Ed. Alianza Música)
- Banowetz, Joseph. El pedal pianístico, técnicas y uso (Ed. Pirámide) Deschaussess, Monique. El intérprete y la música (Ed. Rialp)
- Neuhaus, Heinrich. El arte del piano (Ed. Real Musical) Rosen, Charles. El piano: notas y vivencias (Ed. Alianza)
- Schonberg, Harold C. Los grandes pianistas (Ed. Javier Vergara)
- Dalia, Guillermo. Cómo ser feliz si eres músico o tienes uno cerca (Ed. MundiMúsica)



## 9.2. Curso: 2º de grao elemental

### 9.2.1. Obxectivos

- Desenvolver a creatividade musical do alumnado.
- Inculcar ao alumnado o sentido tonal e dar a coñecer os principios da construción musical (motivos, frases, etc.).
- Iniciar ao alumnado no coñecemento e a práctica do equilibrio entre relaxación muscular e o esforzo indispensable na esixencia da execución instrumental.
- Potenciar os principios esenciais da técnica de base.
- Introducir ao alumnado na técnica polifónica e a ornamentación.
- Introducir a práctica do pedal de resonancia a tempo en pequenos fragmentos.
- Introducir a técnica de acordes.
- Habituar ao alumnado a interpretar obras de memoria e fomentar a súa participación en audiencias públicas.
- Coñecer as principais épocas da literatura pianística e as súas características estilísticas.
- Ser capaz de interpretar un pequeno repertorio, co desenvolvemento técnico requirido, que abarque obras de diferentes autores e estilos.
- Inculcar hábitos eficaces de estudo que estimulen a concentración, a autoaudición, a autocrítica e a disciplina no traballo.
- Iniciar ao alumnado na práctica da memorización de fragmentos sinxelos.

### 9.2.2. Contidos

- Lectura a primeira vista en Do maior no ámbito dunha oitava.
- Traballo con acordes triadas.
- Transposicións sinxelas de exercicios sobre os acordes traballados.
- Estrutura musical xeral de pequenas obras e fragmentos.
- Exercicios de relaxación do brazo e de transmisión do peso do mesmo aos dedos.
- Paso do polgar en escalas e arpejos maiores no ámbito de dúas oitavas.
- Exercicios de dinámica e obtención de sons de diferente intensidade.
- Contrastes dinámicos tipo melodía-acompañamento e entre as seccións dunha obra.
- Rotación do antebrazo en sinxelos deseños.
- Movementos laterais do brazo en desprazamentos curtos.
- Exercicios de igualdade rítmica cun pulso constante e cambio de tempo nunha obra.
- Pezas polifónicas sinxelas a dúas voces.



- Pedal de resonancia en pequenos fragmentos.
- Memorización de obras do repertorio traballado.
- Estudo e interpretación de obras sinxelas do Clasicismo, Romanticismo e século XX.
- Práctica da percepción auditiva para a obtención dunha boa calidade de son.
- Exercicios para o desenvolvemento da memorización de maneira progresiva.

### **9.2.3. Criterios de avaliación**

- Mostrar a capacidade de producir diferentes tipos de articulacións e dinámicas que enriquezan a interpretación.
- Mostrar un emprego do pedal de prolongación a tempo nas obras que así o requiran.
- Interpretar o repertorio cunha aplicación axeitada dos aspectos mecánicos, técnicos e musicais, con fluidez, pulso estable e precisión rítmica.
- Mostrar un grao axeitado de dominio da interpretación de memoria.
- Mostrar un dominio axeitado da interpretación en público.
- Mostrar unha capacidade mecánica e técnica acorde ao nivel.
- Amosar a capacidade de producir sons conectados melodicamente.
- Observar unha execución relaxada e unha completa asimilación da posición corporal con respecto ao instrumento.
- Mostrar unha comprensión musical global e unha correcta diferenciación estilística no repertorio.

#### **9.2.3.1. Mínimos esixibles**

- O repertorio do/a alumno/a deberá incluír, durante o curso, polo menos 20 pezas de pequeno formato ou ben 5 obras de gran formato.
- O alumnado deberá participar alomenos en dúas audicións.

#### **9.2.3.2. Procedementos e ferramentas de avaliación**

##### **Ferramentas de avaliación.**

- Avaliación continuada a través do seguimento semanal e a observación atenta do alumnado e da súa evolución respecto aos obxectivos marcados en cada sesión lectiva, que serán anotados axeitadamente no caderno do profesor, debendo cumprir ao remate do curso cos requisitos mínimos e o programa especificado nos criterios de avaliación.
- A través da observación, gravación, etc. de actuacións en audicións ou concertos de carácter público nos que se amose parte do traballo desenvolvido.
- Gravación en audio ou vídeo do repertorio traballado polo alumnado, cunha posterior análise e posta en común cos/coas compañeiros/as de clase dos principais aspectos musicais e técnicos.
- A autoavaliación do alumnado.



### Procedementos de avaliación.

Avaliación inicial ou diagnóstica.

- A avaliación inicial realizarase durante a primeira semana do curso escolar. Este proceso comprenderá as seguintes accións que permitan identificar as dificultades do alumnado, así como as posibles necesidades de atención educativa.
- Detección das aprendizaxes imprescindibles non adquiridas en anos anteriores (de ser o caso).
- Coñecemento personalizado do alumnado e da súa situación emocional coa fin de tomar as decisións profesionais de actuación por parte do profesorado.

Avaliación formativa.

- É a que determina como se vai desenvolvendo o proceso de aprendizaxe, coa fin de proporcionar unha información útil para adaptar as actividades propostas ás necesidades concretas do alumnado. Todas as actividades de ensino-aprendizaxe que se propoñan son, polo tanto, actividades de avaliación formativa e deben ter un control detallado que amose a información precisa sobre o rendemento do alumnado, permitindo a axuda pedagóxica axeitada en cada momento para que aprenda máis e mellor.

Avaliación sumativa.

- É a que ten lugar ao remate de cada unidade, bloque de contidos, curso ou trimestre e que consiste en avaliar os resultados obtidos na aprendizaxe para verificar que se alcanzaron os obxectivos propostos.

### 9.2.3.3. Criterios de cualificación

Os seguintes criterios de cualificación serán aplicados por aquel profesorado que utilice as rúbricas expostas de seguido.

<b>Criterios de avaliación homoxeneizados</b>				
<b>Traballo persoal</b>		<b>Hábitos De estudo</b>	<b>Traballo persoal</b>	
Semanal de aula	Probas técnicas ou exámenes de aula		Públicas	De aula
<b>70%</b>		<b>10%</b>	<b>20%</b>	
Registros				
Caderno do profesor	Táboa ou lista de cotexo	Caderno do profesor	Táboa ou lista de cotexo	

\* Cando por decisión do profesorado o alumnado non realice a audición, o 20% corresponderá ao grao de consecución do repertorio.



### Rúbrica para a cualificación dos hábitos de estudo semanais

<b>Sobresaínte (9-10)</b>	<b>Notable (7-8)</b>	<b>Ben (5-6)</b>	<b>Insuficiente (1-4)</b>
<ul style="list-style-type: none"><li>– Amosa unha grande concienciación da importancia do traballo individual e da adquisición e emprego de hábitos e rutinas de estudo eficaces.</li><li>– Amosa interese pola materia.</li><li>– Asiste regular e puntualmente a clase.</li></ul>	<ul style="list-style-type: none"><li>– Aínda que amosa concienciación da importancia do traballo individual non emprega hábitos de estudo completamente eficaces.</li><li>– Amosa moito interese pola materia.</li><li>– Asiste regular e puntualmente as clases.</li></ul>	<ul style="list-style-type: none"><li>– Aínda que amosa concienciación da importancia do traballo individual, non emprega hábitos de estudo completamente eficaces.</li><li>– Amosa interese pola materia.</li><li>– Non sempre asiste regular e puntualmente as clases.</li></ul>	<ul style="list-style-type: none"><li>– Amosa falta de concienciación da importancia do traballo individual e da adquisición e emprego de hábitos e rutinas de estudo eficaces.</li><li>– Non amosa interese pola materia.</li><li>– Non asiste regular ou puntualmente ás clases.</li></ul>



## Táboa avaliación para probas e audición

Nome do alumno:

Título da obra:

Resultado da obra:

Fidelidade a partitura, fluidez e precisión rítmica	Son e técnica	Estilo, expresión e fraseo
<input type="checkbox"/> <b>4 puntos</b> <b>Moi ben.</b> Interpreta con fluidez a un tempo estable e adecuado. Non hai apenas notas falsas nin imprecisións rítmicas. Respecta as dixitacións e as indicacións da partitura. Toca de memoria.	<input type="checkbox"/> <b>3 puntos</b> <b>Moi ben.</b> Tendo en conta o nivel, presenta unha moi boa calidade do son. Usa moi ben o peso do brazo e dispón da variedade de ataques necesaria. Resolve moi ben as dificultades técnicas que a obra presenta, mantendo a claridade e a igualdade entre as notas. Mantén unha moi boa posición, natural e relaxada, do corpo e as mans.	<input type="checkbox"/> <b>3 puntos</b> <b>Moi ben.</b> Adáptase moi ben ao estilo e carácter da obra con musicalidade. A expresión e a <b>agóxica</b> son as axeitadas á obra. O fraseo é claro e adecuado e as articulacións, dinámicas e acentos están moi ben realizados e son claramente independentes entre as mans, diferenciando planos sonoros. O uso dos pedais é adecuado ao estilo.
<input type="checkbox"/> <b>3,5 puntos</b>	<input type="checkbox"/> <b>2,75 puntos</b>	<input type="checkbox"/> <b>2,75 puntos</b>
<input type="checkbox"/> <b>3 puntos</b> <b>Ben.</b> Mantén, en xeral, unha interpretación fluída e un tempo estable. Toca, en xeral, con corrección nas notas e precisión no ritmo. Respecta, en xeral, as dixitacións e as indicacións da partitura.	<input type="checkbox"/> <b>2,5 puntos</b> <b>Ben.</b> Presenta, en xeral, unha boa calidade do son. Usa ben o peso do brazo e dispón, en xeral, da variedade de ataques necesaria. En xeral, resolve ben as dificultades técnicas que a obra presenta, mantendo a claridade e a igualdade entre as notas. Mantén, en xeral, unha boa posición do corpo e as mans.	<input type="checkbox"/> <b>2,5 puntos</b> <b>Ben.</b> Adáptase, en xeral, ben ao estilo e carácter da obra. A expresión e a <b>agóxica</b> son, en xeral, axeitadas á obra. En xeral, o fraseo é claro e adecuado e as articulacións, dinámicas e acentos están ben realizados e son independentes entre as mans. O uso dos pedais, en xeral, é adecuado ao estilo.
<input type="checkbox"/> <b>2,5 puntos</b>	<input type="checkbox"/> <b>2 puntos</b>	<input type="checkbox"/> <b>2 puntos</b>
<input type="checkbox"/> <b>2 puntos</b> <b>Suficiente.</b> A interpretación é suficientemente fluída e o tempo está dentro das marxes aceptables, aínda que nalgunha pasaxe presente dificultades ou inestabilidades no tempo. As notas falsas e as imprecisións rítmicas están dentro do aceptable. Cumpre suficientemente coas dixitacións e as indicacións da partitura.	<input type="checkbox"/> <b>1,5 puntos</b> <b>Suficiente.</b> Presenta unha calidade aceptable do son. Usa aceptablemente o peso do brazo. Resolve suficientemente as dificultades técnicas, aínda que nalgunha pasaxe perda claridade ou haxa desigualdades. Mantén unha posición aceptable do corpo e as mans.	<input type="checkbox"/> <b>1,5 puntos</b> <b>Suficiente.</b> A interpretación está aceptablemente dentro do estilo e o carácter da obra. A expresión e a <b>agóxica</b> son aceptables. O fraseo, as articulacións, as dinámicas e os acentos e a súa independencia entre as mans son suficientes. O uso dos pedais é aceptable dentro do estilo.
<input type="checkbox"/> <b>1,5 puntos</b>	<input type="checkbox"/> <b>1 punto</b>	<input type="checkbox"/> <b>1 punto</b>
<input type="checkbox"/> <b>1 punto</b> <b>Insuficiente.</b> Interpretación pouco fluída, tempo inestable ou inadecuado, interrupcións frecuentes. Demasiadas notas falsas ou imprecisións rítmicas. Non respecta suficientemente as dixitacións e as indicacións da partitura.	<input type="checkbox"/> <b>0,5 puntos</b> <b>Insuficiente.</b> Presenta unha mala calidade do son. Non usa correctamente o peso do brazo. Non resolve suficientemente as dificultades técnicas, perdendo a claridade e a igualdade entre as notas. Mantén unha posición inadecuada do corpo e das mans.	<input type="checkbox"/> <b>0,5 puntos</b> <b>Insuficiente.</b> A interpretación está fóra do estilo e do carácter da obra. A expresión e a <b>agóxica</b> son inadecuadas. O fraseo, as articulacións, as dinámicas e os acentos e a súa independencia entre as mans son insuficientes. O uso dos pedais é inadecuado ao estilo.
<input type="checkbox"/> <b>0 puntos</b> <b>Moi deficiente</b> É incapaz de superar minimamente as dificultades que a obra presenta.	<input type="checkbox"/> <b>0 puntos</b> <b>Moi deficiente</b> É incapaz de superar minimamente as dificultades que a obra presenta.	<input type="checkbox"/> <b>0 puntos</b> <b>Moi deficiente</b> É incapaz de superar minimamente as dificultades que a obra presenta.





## 9.2.4. Recursos didácticos

### Repertorio orientador

- Edna Mae Burman. Unha ducia ao día (libro I)
- Burgmüller. Estudos nº 1, 2
- Gurlitt. 35 Estudos Op. 130; Sonatinas Op. 214
- Czerny. Os cinco dedos Op. 777: nº 6, 9, 10, 11, 12, 14, 15, 17, 18. Estudos Op. 599, Estudos Op. 746, 110 Progressive; Exercises Op. 453.
- Duvernoy. Estudos op. 176
- F. Emonts. Método Europeo II
- Violeta Hemsy de Gainza. Vol II a; II b; III M. Carra. Método curso 1º, 2º volume
- Mozart. Pezas para piano (Mozart Piano pieces)
- Köhler. 12 Estudos Op. 151
- Kabalewsky. Op. 39: 13-20; e Op. 89
- B. Bartok. Mikrokosmos II (ata nº 55); e “32 Klavierstück” nº 2, 5
- Z. Nömar. Cantos de España: O gato e o ratón; Bartolo tiña unha flauta; Tres folliñas, nai; A min gústame o branco; Se a neve escorrega; Os catro muleros
- Tchokov-Gemiu. El Piano 2º”
- García-Abril. Cadernos de Adriana II, III Método Bastien

### Libros de consulta:

- Wolters, Klaus. “Handbuch der Klavierliteratur zu zwei Händen” (Ed. Atlantis Musikbuch)
- Margrath, Jane: The Pianist's guide to standard teaching and performance literature (Ed. Alfred Music)
- Hinson, Maurice: Guide to the Pianist's Repertoire (Ed. Indiana University Press)
- Rattalino, Piero. Historia del piano (Ed. SpanPress)
- Chiantore, Luca. Historia de la técnica pianística (Ed. Alianza Música)
- Ferguson, Howard. La interpretación de los instrumentos de teclado del siglo XIV al XIX (Ed. Alianza Música)
- Banowetz, Joseph. El pedal pianístico, técnicas y uso (Ed. Pirámide) Deschaussess, Monique. El intérprete y la música (Ed. Rialp)
- Neuhaus, Heinrich. El arte del piano (Ed. Real Musical) Rosen, Charles. El piano: notas y vivencias (Ed. Alianza)
- Schonberg, Harold C. Los grandes pianistas (Ed. Javier Vergara)



- Dalia, Guillermo. *Cómo ser feliz si eres músico o tienes uno cerca* (Ed. MundiMúsica)

### **9.3. Curso: 3º de grao elemental**

#### **9.3.1. Obxectivos**

- Desenvolver a creatividade musical do alumnado.
- Inculcar ao alumnado o sentido tonal e dar a coñecer os principios da construción musical (motivos, frases, etc.).
- Iniciar ao alumnado no coñecemento e a práctica do equilibrio entre relaxación muscular e o esforzo indispensable na esixencia da execución instrumental.
- Potenciar os principios esenciais da técnica de base.
- Introducir ao alumnado na técnica polifónica e a ornamentación.
- Introducir a práctica do pedal de resonancia a tempo en pequenos fragmentos.
- Introducir a técnica de acordes.
- Habituar ao alumnado a interpretar obras de memoria e fomentar a súa participación en audicións públicas.
- Coñecer as principais épocas da literatura pianística e as súas características estilísticas.
- Ser capaz de interpretar un pequeno repertorio, co desenvolvemento técnico requirido, que abarque obras de diferentes autores e estilos.
- Inculcar hábitos eficaces de estudo que estimulen a concentración, a autoaudición, a autocrítica e a disciplina no traballo.
- Iniciar ao alumnado na práctica da memorización de fragmentos sinxelos.

#### **9.3.2. Contidos**

- Lectura a primeira vista en Do maior no ámbito dunha oitava.
- Traballo con acordes triadas.
- Transposicións sinxelas de exercicios sobre os acordes traballados.
- Estrutura musical xeral de pequenas obras e fragmentos.
- Exercicios de relaxación do brazo e de transmisión do peso do mesmo aos dedos.
- Paso do polgar en escalas e arpejos maiores no ámbito de dúas oitavas.
- Exercicios de dinámica e obtención de sons de diferente intensidade.
- Contrastes dinámicos tipo melodía-acompañamento e entre as seccións dunha obra.
- Rotación do antebrazo en sinxelos deseños.
- Movementos laterais do brazo en desprazamentos curtos.
- Exercicios de igualdade rítmica cun pulso constante e cambio de tempo nunha obra.
- Pezas polifónicas sinxelas a dúas voces.
- Pedal de resonancia en pequenos fragmentos.



- Memorización de obras do repertorio traballado.
- Estudo e interpretación de obras sinxelas do Clasicismo, Romanticismo e século XX.
- Práctica da percepción auditiva para a obtención dunha boa calidade de son.
- Exercicios para o desenvolvemento da memorización de maneira progresiva.

### **9.3.3. Criterios de avaliación**

- Mostrar a capacidade de producir diferentes tipos de articulacións e dinámicas que enriquezan a interpretación.
- Mostrar un emprego do pedal de prolongación a tempo nas obras que así o requiran.
- Interpretar o repertorio cunha aplicación axeitada dos aspectos mecánicos, técnicos e musicais, con fluidez, pulso estable e precisión rítmica.
- Mostrar un grao axeitado de dominio da interpretación de memoria.
- Mostrar un dominio axeitado da interpretación en público.
- Mostrar unha capacidade mecánica e técnica acorde ao nivel.
- Amosar a capacidade de producir sons conectados melodicamente.
- Observar unha execución relaxada e unha completa asimilación da posición corporal con respecto ao instrumento.
- Mostrar unha comprensión musical global e unha correcta diferenciación estilística no repertorio.

#### **9.3.3.1. Mínimos esixibles**

- O repertorio do/a alumno/a deberá incluír durante o curso as seguintes obras: 3 estudos e 3 obras de diferentes estilos.
- Como mínimo, unha das obras deberá interpretarse de memoria
- O alumnado deberá participar alomenos en dúas audicións.

#### **9.3.3.2 Procedementos e ferramentas de avaliación**

##### **Ferramentas de avaliación.**

- Avaliación continuada a través do seguimento semanal e a observación atenta do alumnado e da súa evolución respecto aos obxectivos marcados en cada sesión lectiva, que serán anotados axeitadamente no caderno do profesor, debendo cumprir ao remate do curso cos requisitos mínimos e o programa especificado nos criterios de avaliación.
- A través da observación, gravación, etc. de actuacións en audicións ou concertos de carácter público nos que se amose parte do traballo desenvolvido.
- Gravación en audio ou vídeo do repertorio traballado polo alumnado, cunha posterior análise e posta en común cos/as compañeiros/as de clase dos principais aspectos musicais e técnicos.
- A autoavaliación do alumnado.

##### **Procedementos de avaliación.**

##### **Avaliación inicial ou diagnóstica.**

- A avaliación inicial realizarase durante a primeira semana do curso escolar. Este proceso com-



prenderá as seguintes accións que permitan identificar as dificultades do alumnado, así como as posibles necesidades de atención educativa.

- Detección das aprendizaxes imprescindibles non adquiridas en anos anteriores (de ser o caso).
- Coñecemento personalizado do alumnado e da súa situación emocional coa fin de tomar as decisións profesionais de actuación por parte do profesorado.

Avaliación formativa.

- É a que determina como se vai desenvolvendo o proceso de aprendizaxe, coa fin de proporcionar unha información útil para adaptar as actividades propostas ás necesidades concretas do alumnado. Todas as actividades de ensino-aprendizaxe que se propoñan son, polo tanto, actividades de avaliación formativa e deben ter un control detallado que amose a información precisa sobre o rendemento do alumnado, permitindo a axuda pedagóxica axeitada en cada momento para que aprenda máis e mellor.

Avaliación sumativa.

- É a que ten lugar ao remate de cada unidade, bloque de contidos, curso ou trimestre e que consiste en avaliar os resultados obtidos na aprendizaxe para verificar que se alcanzaron os obxectivos propostos.

### 9.3.3.3 Criterios de cualificación

Os seguintes criterios de cualificación serán aplicados por aquel profesorado que utilice as rúbricas expostas de seguido.

<b>Criterios de avaliación homoxeneizados</b>				
<b>Traballo persoal</b>		<b>Hábitos de Estudo</b>	<b>Audicións / Grao de consecución do repertorio*</b>	
Semanal de aula	Probas técnicas ou exames de aula		Públicas	De aula
70%		10%	20%*	
Rexistros				
Caderno do profesor	Táboa ou listade cotexo	Caderno do profesor	Táboa ou lista de cotexo	

\* Cando por decisión do profesorado o alumnado non realice a audición, o 20% corresponderá ao grao de consecución do repertorio.



### Rúbrica para a cualificación dos hábitos de estudo semanais

<b>Sobresaínte (9-10)</b>	<b>Notable (7-8)</b>	<b>Ben (5-6)</b>	<b>Insuficiente (1-4)</b>
<ul style="list-style-type: none"><li>– Amosa unha grande concienciación da importancia do traballo individual e da adquisición e emprego de hábitos e rutinas de estudo eficaces.</li><li>– Amosa interese pola materia.</li><li>– Asiste regular e puntualmente a clase.</li></ul>	<ul style="list-style-type: none"><li>– Aínda que amosa concienciación da importancia do traballo individual non emprega hábitos de estudo completamente eficaces.</li><li>– Amosa moito interese pola materia.</li><li>– Asiste regular e puntualmente as clases.</li></ul>	<ul style="list-style-type: none"><li>– Aínda que amosa concienciación da importancia do traballo individual, non emprega hábitos de estudo completamente eficaces.</li><li>– Amosa interese pola materia.</li><li>– Non sempre asiste regular e puntualmente as clases.</li></ul>	<ul style="list-style-type: none"><li>– Amosa falta de concienciación da importancia do traballo individual e da adquisición e emprego de hábitos e rutinas de estudo eficaces.</li><li>– Non amosa interese pola materia.</li><li>– Non asiste regular ou puntualmente ás clases.</li></ul>



## Táboa avaliación para probas e audicións

Nome do alumno:

Título da obra:

Resultado da obra:

Fidelidade a partitura, fluidez e precisión rítmica	Son e técnica	Estilo, expresión e fraseo
<input type="checkbox"/> <b>4 puntos</b> <b>Moi ben.</b> Interpreta con fluidez a un tempo estable e adecuado. Non hai apenas notas falsas nin imprecisións rítmicas. Respecta as dixitacións e as indicacións da partitura. Toca de memoria.	<input type="checkbox"/> <b>3 puntos</b> <b>Moi ben.</b> Tendo en conta o nivel, presenta unha moi boa calidade do son. Usa moi ben o peso do brazo e dispón da variedade de ataques necesaria. Resolve moi ben as dificultades técnicas que a obra presenta, mantendo a claridade e a igualdade entre as notas. Mantén unha moi boa posición, natural e relaxada, do corpo e as mans.	<input type="checkbox"/> <b>3 puntos</b> <b>Moi ben.</b> Adáptase moi ben ao estilo e carácter da obra con musicalidade. A expresión e a <del>agónica</del> <b>agónica</b> son as axeitadas á obra. O fraseo é claro e adecuado e as articulacións, dinámicas e acentos están moi ben realizados e son claramente independentes entre as mans, diferenciando planos sonoros. O uso dos pedais é adecuado ao estilo.
<input type="checkbox"/> <b>3,5 puntos</b>	<input type="checkbox"/> <b>2,75 puntos</b>	<input type="checkbox"/> <b>2,75 puntos</b>
<input type="checkbox"/> <b>3 puntos</b> <b>Ben.</b> Mantén, en xeral, unha interpretación fluída e un tempo estable. Toca, en xeral, con corrección nas notas e precisión no ritmo. Respecta, en xeral, as dixitacións e as indicacións da partitura.	<input type="checkbox"/> <b>2,5 puntos</b> <b>Ben.</b> Presenta, en xeral, unha boa calidade do son. Usa ben o peso do brazo e dispón, en xeral, da variedade de ataques necesaria. En xeral, resolve ben as dificultades técnicas que a obra presenta, mantendo a claridade e a igualdade entre as notas. Mantén, en xeral, unha boa posición do corpo e as mans.	<input type="checkbox"/> <b>2,5 puntos</b> <b>Ben.</b> Adáptase, en xeral, ben ao estilo e carácter da obra. A expresión e a <del>agónica</del> <b>agónica</b> son, en xeral, axeitadas á obra. En xeral, o fraseo é claro e adecuado e as articulacións, dinámicas e acentos están ben realizados e son independentes entre as mans. O uso dos pedais, en xeral, é adecuado ao estilo.
<input type="checkbox"/> <b>2,5 puntos</b>	<input type="checkbox"/> <b>2 puntos</b>	<input type="checkbox"/> <b>2 puntos</b>
<input type="checkbox"/> <b>2 puntos</b> <b>Suficiente.</b> A interpretación é suficientemente fluída e o tempo está dentro das marxes aceptables, aínda que nalgunha pasaxe presente dificultades ou inestabilidades no tempo. As notas falsas e as imprecisións rítmicas están dentro do aceptable. Cumpre suficientemente coas dixitacións e as indicacións da partitura.	<input type="checkbox"/> <b>1,5 puntos</b> <b>Suficiente.</b> Presenta unha calidade aceptable do son. Usa aceptablemente o peso do brazo. Resolve suficientemente as dificultades técnicas, aínda que nalgunha pasaxe perda claridade ou haxa desigualdades. Mantén unha posición aceptable do corpo e as mans.	<input type="checkbox"/> <b>1,5 puntos</b> <b>Suficiente.</b> A interpretación está aceptablemente dentro do estilo e o carácter da obra. A expresión e a <del>agónica</del> <b>agónica</b> son aceptables. O fraseo, as articulacións, as dinámicas e os acentos e a súa independencia entre as mans son suficientes. O uso dos pedais é aceptable dentro do estilo.
<input type="checkbox"/> <b>1,5 puntos</b>	<input type="checkbox"/> <b>1 punto</b>	<input type="checkbox"/> <b>1 punto</b>
<input type="checkbox"/> <b>1 punto</b> <b>Insuficiente.</b> Interpretación pouco fluída, tempo inestable ou inadecuado, interrupcións frecuentes. Demasiadas notas falsas ou imprecisións rítmicas. Non respecta suficientemente as dixitacións e as indicacións da partitura.	<input type="checkbox"/> <b>0,5 puntos</b> <b>Insuficiente.</b> Presenta unha mala calidade do son. Non usa correctamente o peso do brazo. Non resolve suficientemente as dificultades técnicas, perdendo a claridade e a igualdade entre as notas. Mantén unha posición inadecuada do corpo e das mans.	<input type="checkbox"/> <b>0,5 puntos</b> <b>Insuficiente.</b> A interpretación está fóra do estilo e do carácter da obra. A expresión e a <del>agónica</del> <b>agónica</b> son inadecuadas. O fraseo, as articulacións, as dinámicas e os acentos e a súa independencia entre as mans son insuficientes. O uso dos pedais é inadecuado ao estilo.
<input type="checkbox"/> <b>0 puntos</b> <b>Moi deficiente</b> É incapaz de superar minimamente as dificultades que a obra presenta.	<input type="checkbox"/> <b>0 puntos</b> <b>Moi deficiente</b> É incapaz de superar minimamente as dificultades que a obra presenta.	<input type="checkbox"/> <b>0 puntos</b> <b>Moi deficiente</b> É incapaz de superar minimamente as dificultades que a obra presenta.



### 9.3.4. Recursos didácticos

#### – Repertorio orientador

- Estudos
- Edna Mae Burman. Unha ducia ao día (libros II e III)
- Burgmüller. Estudos Op. 100 nº 3, 5, 6, 7, 9, 12, 15, 16, 18
- Czerny. Os cinco dedos Op. 777: nº 19, 20, 21, 22, 23, 24. Estudos Op. 599, Estudos Op. 746, 110 Progressive Exercises Op. 453.
- Köhler. 12 Estudos Op. 151
- Gurlitt. 35 Estudos Op. 130
- M. Carra. Método curso 2º
- Lemoine. Estudos op. 37
- Bertini. Estudos op. 100
- Duvernoy. Estudos op. 176

#### **Barroco**

- J. S. Bach. Pequenos preludios: DoM BWV. 939, Dom BWV. 999, DoM BWV. 924
- Álbum Ana Magdalena. Menuet en SolM BWV 116, Menuet en Dom BWV 121, Marche mi b M BWV. 127

#### **Clasicismo**

- Clementi. Sonatinas 1, 3
- Beethoven. Sonatina nº 5
- Georg Benda. 34 Sonatas
- Mozart. Pezas Kv. 15 (2 ó 3 segundo a dificultade) e Menuet K.6 ó K.7
- Ignaz Pleyel. Six Sonatinas
- Schubert. Ländler D.366 nº 1, 8, 5, 15

#### **Romanticismo, Nacionalismo**

- Theodor Kirchner. Neue Kinderszenen Op. 55
- Schumann. Álbum da Mocidade nº 1, 2, 3, 4, 5, 8, 10, 12
- Tchaikowsky. Álbum de a Mocidade nº 5
- Granados. “Contos da mocidade” nº 6
- Gurlitt. Sonatinas Op. 214, Albumleaves for the Young Op. 101



## **Moderno**

- B. Bartok. Mikrokosmos II (desde nº 56); Mikrokosmos III (ata nº75) “32 Klavierstück” nº 8, 9, 10, 13, 20. For Children.
- Z. Nömar. Cantos de España: A tarara; O patio da miña casa; O cencerru da vaca; Romance anónimo
- Álbum de Colien. Muntanyí (Joseph M. Mestres Quadreny), Melodía Mozárabe (Joseph Adoitar)

## **Libros de consulta:**

- Wolters, Klaus. “Handbuch der Klavierliteratur zu zwei Händen” (Ed. Atlantis Musikbuch)
  - Margrath, Jane: The Pianist's guide to standard teaching and performance literature (Ed. Alfred Music)
  - Hinson, Maurice: Guide to the Pianist's Repertoire (Ed. Indiana University Press)
  - Rattalino, Piero. Historia del piano (Ed. SpanPress)
  - Chiantore, Luca. Historia de la técnica pianística (Ed. Alianza Música)
  - Fergurson, Howard. La interpretación de los instrumentos de teclado del siglo XIV al XIX (Ed. Alianza Música)
  - Banowetz, Joseph. El pedal pianístico, técnicas y uso (Ed. Pirámide) Deschaussess, Monique. El intérprete y la música (Ed. Rialp)
  - Neuhaus, Heinrich. El arte del piano (Ed. Real Musical) Rosen, Charles. El piano: notas y vivencias (Ed. Alianza)
  - Schonberg, Harold C. Los grandes pianistas (Ed. Javier Vergara)
  - Dalia, Guillermo. Cómo ser feliz si eres músico o tienes uno cerca (Ed. MundiMúsica)
-





## 9.4. Curso: 4º de grao elemental

### 9.4.1. Obxectivos

- Fomentar que o alumnado se exprese con sensibilidade musical e estética para interpretar e gozar da música das diferentes épocas, e para enriquecer as súas posibilidades de comunicación e realización persoal.
- Relacionar os coñecementos musicais coas características da escritura e literatura pianística.
- Valorar a importancia da memoria como hábito de estudo e interpretación.
- Interpretar música en grupo para desenvolver a capacidade do alumnado de adaptarse aos seus compañeiros.
- Desenvolver o toque cantáble.
- Ampliar os recursos de dixitación.
- Afondar no traballo polifónico e no coñecemento dos principios estruturais das obras contrapuntísticas.
- Perfeccionar a técnica das notas dobres e iniciar as oitavas (se a man do alumnado o permite).
- Desenvolver a capacidade de desprazamento e colocación dos acordes.
- Repasare e consolidar os conceptos técnicos e musicais aprendidos anteriormente, con especial atención ao uso dos pedais.
- Interpretar en público un repertorio con obras de diversos estilos.
- Capacitar ao alumnado para participar activa e conscientemente do fenómeno musical.
- Continuar coa práctica da memorización.

### 9.4.2. Contidos

- Interpretación dun repertorio que comprenda obras representativas dos principais períodos e estilos.
- Audicións de obras para piano de diferentes estilos e análise das versións.
- Lectura a primeira vista.
- Memorización de obras diversas.
- Toque cantabile.
- Cruzamento e deslizamento de dedos.
- O Paso do polgar.
- Exercicios de independencia, velocidade e resistencia, e xogo dinámico pola articulación dos dedos.
- Adecuación do emprego de brazo, antebrazo e pulso segundo as esixencias de cada pasaxe en obras diversas.



- Trinos.
- Exercicios de caída, desprazamento lateral e movementos circulares desde as articulacións do brazo.
- Pequenos saltos simultáneos con ambas as mans.
- Interpretación dun pequeno repertorio en audicións ou concertos.
- Práctica da percepción auditiva para a obtención dunha boa calidade de son.
- Exercicios para o desenvolvemento da memorización de maneira progresiva.
- Continuación e afondamento no uso dos diferentes tipos de pedal.

### **9.4.3. Criterios de avaliación**

- Mostrar a capacidade de producir diferentes tipos de articulacións e dinámicas que enriquezan a interpretación.
- Mostrar un variado emprego dos pedais, nas obras que así o requiran.
- Interpretar o repertorio cunha aplicación axeitada dos aspectos mecánicos, técnicos e musicais, con fluidez, pulso estable e precisión rítmica.
- Mostrar un grao axeitado de dominio da interpretación de memoria.
- Mostrar un dominio axeitado da interpretación en público.
- Mostrar unha capacidade mecánica e técnica acorde ao nivel.
- Amosar a capacidade de producir sons conectados melodicamente.
- Observar unha execución relaxada e unha completa asimilación da posición corporal con respecto ao instrumento.
- Mostrar unha comprensión musical global e unha correcta diferenciación estilística no repertorio.

#### **9.4.3.1. Mínimos esixibles**

- O repertorio do/a alumno/a deberá incluír durante o curso, o seguinte repertorio: 3 estudos e 3 obras de diferentes estilos.
- Como mínimo, unha das obras deberá interpretarse de memoria
- O alumnado deberá participar alomenos en dúas audicións.

#### **9.4.3.2. Procedementos e ferramentas de avaliación**

##### **Ferramentas de avaliación.**

- Avaliación continuada a través do seguimento semanal e a observación atenta do alumnado e da súa evolución respecto aos obxectivos marcados en cada sesión lectiva, que serán anotados axeitadamente no caderno do profesor, debendo cumprir ao remate do curso cos requisitos mínimos e o programa especificado nos criterios de avaliación.



- A través da observación, gravación, etc. de actuacións en audicións ou concertos de carácter público nos que se amose parte do traballo desenvolvido.
- Gravación en audio ou vídeo do repertorio traballado polo alumnado, cunha posterior análise e posta en común cos/as compañeiros/as de clase dos principais aspectos musicais e técnicos.
- A autoavaliación do alumnado.

### **Procedementos de avaliación.**

#### **Avaliación inicial ou diagnóstica.**

- A avaliación inicial realizarase durante a primeira semana do curso escolar. Este proceso comprenderá as seguintes accións que permitan identificar as dificultades do alumnado, así como as posibles necesidades de atención educativa.
- Detección das aprendizaxes imprescindibles non adquiridas en anos anteriores (de ser o caso).
- Coñecemento personalizado do alumnado e da súa situación emocional coa fin de tomar as decisións profesionais de actuación por parte do profesorado.

#### **Avaliación formativa.**

- É a que determina como se vai desenvolvendo o proceso de aprendizaxe, coa fin de proporcionar unha información útil para adaptar as actividades propostas ás necesidades concretas do alumnado. Todas as actividades de ensino-aprendizaxe que se propoñan son, polo tanto, actividades de avaliación formativa e deben ter un control detallado que amose a información precisa sobre o rendemento do alumnado, permitindo a axuda pedagóxica axeitada en cada momento para que aprenda máis e mellor.

#### **Avaliación sumativa.**

- É a que ten lugar ao remate de cada unidade, bloque de contidos, curso ou trimestre e que consiste en avaliar os resultados obtidos na aprendizaxe para verificar que se alcanzaron os obxectivos propostos.



### 9.4.3.3. Criterios de cualificación

Os seguintes criterios de cualificación serán aplicados por aquel profesorado que utilice as rúbricas expostas de seguido.

<b>Criterios de avaliación homoxeneizados</b>				
<b>Traballo persoal</b>		<b>Hábitos de Estudio</b>	<b>Audicións / Grao de consecución do repertorio*</b>	
Semanal de aula	Probas técnicas ou exames de aula		Públicas	De aula
70%		10%	20%*	
Rexistros				
Caderno do profesor	Táboa ou listade cotexo	Caderno do profesor	Táboa ou lista de cotexo	

<b>Rúbrica para a cualificación dos hábitos de estudo semanais</b>			
<b>Sobresaínte (9-10)</b>	<b>Notable (7-8)</b>	<b>Ben (5-6)</b>	<b>Insuficiente (1-4)</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Amosa unha grande concienciación da importancia do traballo individual e da adquisición e emprego de hábitos e rutinas de estudo eficaces.</li> <li>- Amosa interese pola materia.</li> <li>- Asiste regular e puntualmente a clase.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Aínda que amosa concienciación da importancia do traballo individual non emprega hábitos de estudo completamente eficaces.</li> <li>- Amosa moito interese pola materia.</li> <li>- Asiste regular e puntualmente as clases.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Aínda que amosa concienciación da importancia do traballo individual, non emprega hábitos de estudo completamente eficaces.</li> <li>- Amosa interese pola materia.</li> <li>- Non sempre asiste regular e puntualmente as clases.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Amosa falta de concienciación da importancia do traballo individual e da adquisición e emprego de hábitos e rutinas de estudo eficaces.</li> <li>- Non amosa interese pola materia.</li> <li>- Non asiste regular ou puntualmente ás clases.</li> </ul>



## Táboa avaliación para probas e audicións

Nome do alumno:

Título da obra:

Resultado da obra:

Fidelidade a partitura, fluidez e precisión rítmica	Son e técnica	Estilo, expresión e fraseo
<input type="checkbox"/> <b>4 puntos</b> <b>Moi ben.</b> Interpreta con fluidez a un tempo estable e adecuado. Non hai apenas notas falsas nin imprecisións rítmicas. Respecta as dixitacións e as indicacións da partitura. Toca de memoria.	<input type="checkbox"/> <b>3 puntos</b> <b>Moi ben.</b> Tendo en conta o nivel, presenta unha moi boa calidade do son. Usa moi ben o peso do brazo e dispón da variedade de ataques necesaria. Resolve moi ben as dificultades técnicas que a obra presenta, mantendo a claridade e a igualdade entre as notas. Mantén unha moi boa posición, natural e relaxada, do corpo e as mans.	<input type="checkbox"/> <b>3 puntos</b> <b>Moi ben.</b> Adáptase moi ben ao estilo e carácter da obra con musicalidade. A expresión e a <del>agónica</del> son as axeitadas á obra. O fraseo é claro e adecuado e as articulacións, dinámicas e acentos están moi ben realizados e son claramente independentes entre as mans, diferenciando planos sonoros. O uso dos pedais é adecuado ao estilo.
<input type="checkbox"/> <b>3,5 puntos</b>	<input type="checkbox"/> <b>2,75 puntos</b>	<input type="checkbox"/> <b>2,75 puntos</b>
<input type="checkbox"/> <b>3 puntos</b> <b>Ben.</b> Mantén, en xeral, unha interpretación fluída e un tempo estable. Toca, en xeral, con corrección nas notas e precisión no ritmo. Respecta, en xeral, as dixitacións e as indicacións da partitura.	<input type="checkbox"/> <b>2,5 puntos</b> <b>Ben.</b> Presenta, en xeral, unha boa calidade do son. Usa ben o peso do brazo e dispón, en xeral, da variedade de ataques necesaria. En xeral, resolve ben as dificultades técnicas que a obra presenta, mantendo a claridade e a igualdade entre as notas. Mantén, en xeral, unha boa posición do corpo e as mans.	<input type="checkbox"/> <b>2,5 puntos</b> <b>Ben.</b> Adáptase, en xeral, ben ao estilo e carácter da obra. A expresión e a <del>agónica</del> son, en xeral, axeitadas á obra. En xeral, o fraseo é claro e adecuado e as articulacións, dinámicas e acentos están ben realizados e son independentes entre as mans. O uso dos pedais, en xeral, é adecuado ao estilo.
<input type="checkbox"/> <b>2,5 puntos</b>	<input type="checkbox"/> <b>2 puntos</b>	<input type="checkbox"/> <b>2 puntos</b>
<input type="checkbox"/> <b>2 puntos</b> <b>Suficiente.</b> A interpretación é suficientemente fluída e o tempo está dentro das marxes aceptables, aínda que nalgunha pasaxe presente dificultades ou inestabilidades no tempo. As notas falsas e as imprecisións rítmicas están dentro do aceptable. Cumpre suficientemente coas dixitacións e as indicacións da partitura.	<input type="checkbox"/> <b>1,5 puntos</b> <b>Suficiente.</b> Presenta unha calidade aceptable do son. Usa aceptablemente o peso do brazo. Resolve suficientemente as dificultades técnicas, aínda que nalgunha pasaxe perda claridade ou haxa desigualdades. Mantén unha posición aceptable do corpo e as mans.	<input type="checkbox"/> <b>1,5 puntos</b> <b>Suficiente.</b> A interpretación está aceptablemente dentro do estilo e o carácter da obra. A expresión e a <del>agónica</del> son aceptables. O fraseo, as articulacións, as dinámicas e os acentos e a súa independencia entre as mans son suficientes. O uso dos pedais é aceptable dentro do estilo.
<input type="checkbox"/> <b>1,5 puntos</b>	<input type="checkbox"/> <b>1 punto</b>	<input type="checkbox"/> <b>1 punto</b>
<input type="checkbox"/> <b>1 punto</b> <b>Insuficiente.</b> Interpretación pouco fluída, tempo inestable ou inadecuado, interrupcións frecuentes. Demasiadas notas falsas ou imprecisións rítmicas. Non respecta suficientemente as dixitacións e as indicacións da partitura.	<input type="checkbox"/> <b>0,5 puntos</b> <b>Insuficiente.</b> Presenta unha mala calidade do son. Non usa correctamente o peso do brazo. Non resolve suficientemente as dificultades técnicas, perdendo a claridade e a igualdade entre as notas. Mantén unha posición inadecuada do corpo e das mans.	<input type="checkbox"/> <b>0,5 puntos</b> <b>Insuficiente.</b> A interpretación está fóra do estilo e do carácter da obra. A expresión e a <del>agónica</del> son inadecuadas. O fraseo, as articulacións, as dinámicas e os acentos e a súa independencia entre as mans son insuficientes. O uso dos pedais é inadecuado ao estilo.
<input type="checkbox"/> <b>0 puntos</b> <b>Moi deficiente</b> É incapaz de superar minimamente as dificultades que a obra presenta.	<input type="checkbox"/> <b>0 puntos</b> <b>Moi deficiente</b> É incapaz de superar minimamente as dificultades que a obra presenta.	<input type="checkbox"/> <b>0 puntos</b> <b>Moi deficiente</b> É incapaz de superar minimamente as dificultades que a obra presenta.



#### **9.4.4. Recursos didácticos**

##### **Repertorio orientador**

##### **Estudios**

- Edna Mae Burman. Unha ducia ao día (libro IV)
- Brahms. Exercício nº 7 dos “51 exercicios para piano
- Burgmüller. Estudos Op. 100 nº 10, 11, 13, 14, 17, 20, 21, 22, 23, 24
- Cramer. Estudo nº 1
- Czerny. Estudos Op. 636
- M. Carra. Método curso 3º
- Lemoine. Estudos op.37
- Bertini. Estudos op. 100
- Kirchner, Theodor. 100 Kleine Studien Op. 71, Vol. I
- Heller. 25 Etudes Op. 47

##### **Barroco**

- J. S. Bach. Pequenos preludios: DoM BWV. 933, Dom BWV. 934, Rem BWV. 935, Mim BWV. 938, Mim BWV. 941, Lam BWV. 942, FaM BWV. 927, Rem BWV. 926, Rem BWV. 940; Álbum
- Ana Magdalena: Polonesa BWV. 123, e Invencións a 2 voces nº 1 y 8

##### **Clasicismo**

- Diabelli. Sonatinas Op. 151 nº 1, 2
- Georg Benda. 34 Sonatas
- Beethoven. Sonatina nº 6
- Ignaz Pleyel. Six Sonatinas
- Clementi. Sonatinas Op. 36 nº 2, 3, 4, 6
- Kuhlau. Sonatinas Op. 20 nº 1; Op. 88 nº 1, 2
- Haydn. Sonatas Hob. XVI/II - nº 5; XVI/4; XVI/8, Sonatinas Hob. XI/35 na M; Hob. XI/75 en a M
- Dussek. Sonatina Op.20 nº 1

##### **Romanticismo, Nacionalismo**

- Schumann. Álbum de Mocidade nº 10, 11, 12, 14, 28, 35. Escenas de nenos nº 1
- Theodor Kirchner. Neue Kinderszenen Op. 55



- Tchaikowsky. Álbum de a Mocidade nº 1, 8, 16
- S. Heller. Album for the Young Op. 138; Preludios Op. 119
- Mendelssohn. Romanza sen palabras Op. 30 nº 6
- Granados. Ciclo “Contos da mocidade”: “Conto vello”, “Vindo da fonte”, “Dedicatoria”, “A pantasma”
- Gurlitt. Albumleaves for the Young Op. 101
- Grieg. Liric Pieces Op. 12

### **Modeno**

- B. Bartok. Mikrokosmos III (desde nº 76) e “32 Klavierstück” nº 19,23, 24, 31.
- Edward Elgar. Sonatina for Piano For Children 10 piezas fáciles.
- Álbum de Colien. Janeira (Jorge Peixinho), Pins (Albert Sardá)
- Casella. 11 pipiezas infantiles
- Prokofiev. 20 piezas fáciles op. 65
- Stravinsky. Los cinco dedos
- Shostakovich. 6 piezas infantiles
- Ch. Corea. Children’s songs

### **Libros de consulta:**

- Wolters, Klaus. “Handbuch der Klavierliteratur zu zwei Händen” (Ed. Atlantis Musikbuch)
- Margrath, Jane: The Pianist's guide to standard teaching and performance literature (Ed. Alfred Music)
- Hinson, Maurice: Guide to the Pianist's Repertoire (Ed. Indiana University Press)
- Rattalino, Piero. Historia del piano (Ed. SpanPress)
- Chiantore, Luca. Historia de la técnica pianística (Ed. Alianza Música)
- Fergurson, Howard. La interpretación de los instrumentos de teclado del siglo XIV al XIX (Ed. Alianza Música)
- Banowetz, Joseph. El pedal pianístico, técnicas y uso (Ed. Pirámide) Deschaussess, Monique. El intérprete y la música (Ed. Rialp)
- Neuhaus, Heinrich. El arte del piano (Ed. Real Musical) Rosen, Charles. El piano: notas y vivencias (Ed. Alianza)
- Schonberg, Harold C. Los grandes pianistas (Ed. Javier Vergara)
- Dalia, Guillermo. Cómo ser feliz si eres músico o tienes uno cerca (Ed. MundiMúsica)



## 9.5. Curso: 1º de grao profesional

### 9.5.1. Obxectivos

**A. Coñecer as diversas convencións interpretativas vixentes en distintos períodos da música instrumental, especialmente as referidas á escritura rítmica ou á ornamentación.**

- 1.- Inculcar o hábito de escoitar interpretacións dos grandes intérpretes coa intención de enriquecer a bagaxe cultural do alumnado e crear pouco a pouco un criterio persoal propio.
- 2.- Fomentar a asistencia a concertos ou actividades culturais.
- 3.- Adquirir conciencia das principais diferenzas e características de escritura dos estilos máis representativos do repertorio traballado.
- 4.- Iniciar ao alumnado nas novas grafías musicais contemporáneas.
- 5.- Aplicar os coñecementos de linguaxe musical á comprensión formal, rítmica e harmónica do repertorio a traballar.
- 6.- Incidir nunha interpretación máis fiel, minuciosa e atenta ás características de estilo, estrutura e fraseo dunha obra musical.

**B. Adquirir e aplicar progresivamente ferramentas e competencias para o desenvolvemento da memoria.**

- 1.- Adestrar permanentemente e progresivamente a memoria musical, algo de primordial importancia na comprensión e asimilación dunha obra.
- 2.- Incorporar estratexias durante o estudo que axuden a memorizar a obra, a través da asimilación dos movementos musculares implicados, da comprensión analítica dos elementos principais da partitura, do emprego da memoria visual e auditiva e o adestramento periódico da mesma.

**C. Desenvolver a capacidade de lectura a primeira vista e aplicar con autonomía progresivamente maior os coñecementos musicais para a improvisación co instrumento.**

- 1.- Mellorar a capacidade de lectura a vista

**D. Practicar a música de conxunto integrándose en formacións camerísticas de diversa configuración e desempeñando papeis de solista con orquestra en obras de dificultade media, desenvolvendo así o sentido da interdependencia dos respectivos labores.**

*Este obxectivo non é específico da materia de instrumento individual, senón que é máis ben propio da materia de conxunto. Non obstante, no seo dun traballo interdisciplinar presentamos á materia de instrumento os seguintes obxectivos:*

- 1.-Axudar ao alumnado a abordar a práctica de conxunto e coordinarse co profesorado de conxunto na elección do repertorio e outras cuestións técnicas que poidan xurdir.
- 2.-Adquirir conciencia da necesidade do estudo responsable.
- 3.-Mellorar a lectura a vista.





4.-Ampliar a gama sonora.

5.-Aplicar os coñecementos interpretativos adquiridos na execución das obras que lle toque abordar.

6.-Mellorar a autonomía na comprensión da partitura para ir adquirindo a capacidade de desenvolver diversos papeis interpretativos no seo dunha agrupación.

**E. Aplicar con autonomía progresivamente maior os coñecementos musicais para solucionar de seu os diversos problemas de execución que poidan presentarse relativos á dixitación, pedalización, fraseo, dinámica.**

1.- Fomentar una actitude creativa a través da música. Suxerir estratexias de estudo eficaces e habituar ao alumnado a traballar non tanto a pasaxe en si como a dificultade que representa.

2.-Fomentar valores baseados na constancia e o espírito de mellora e superación. Inculcar o hábito de estudo lento e reflexivo.

3.-Asimilar pautas globais de pedalización en función do estilo, autor e obra.

4.- Inculcar o respecto pola dixitación e introducir pautas xerais de dixitación en función do estilo e contexto musical. Vixiar as problemáticas que poidan xurdir e a súa resolución, especialmente co ataque do dedo polgar e maimiño.

5.- Inculcar o respecto polas indicacións da partitura relativas a articulación, fraseo e dinámica, perseverando no traballo dos diferentes ataques, caídas e movementos verticais e laterais da mano, pulso e antebrazo en aras da claridade da articulación, da correcta dirección, pronunciación e acentuación das frases musicais e dunha maior variedade interpretativa.

6.- Inculcar a importancia da autoescoita no estudo.

**F. Dominar no seu conxunto a técnica e as posibilidades sonoras e expresivas do instrumento, así como alcanzar e demostrar a sensibilidade auditiva necesaria para perfeccionar gradualmente a calidade sonora.**

1.- Coñecer as características morfolóxicas básicas do instrumento.

2.- Sentir a emoción de facer música para fortalecer a sensibilidade e personalidade artística do alumnado e demostrar a sensibilidade auditiva necesaria para perfeccionar a calidade sonora. Adquirir maior control rítmico e auditivo.

3.- Potenciar a autoescoita e o autocontrol como partes imprescindibles do estudo.

4.- Inculcar a necesidade de aprender a dosificar o esforzo muscular na interpretación.

5.- Introducir ao alumnado nas diferentes partes do corpo que interveñen na interpretación.

6.- Ampliar a gama sonora producida, sempre desde o respecto polas indicacións dinámicas e agónicas da partitura e no seo dun estudo reflexivo e atento.

7.- Avanzar na aplicación coordinada da técnica e do control corporal e instrumental na interpretación.

– Amosar a capacidade de realizar escalas diatónicas en unísonos con ambas mans, ascenden-



- tes e descendentes, atendendo á correcta colocación da man, a simultaneidade e o correcto paso do polgar nas tonalidades que o profesorado determine. Coñecer a escala cromática.
- Amosar a capacidade de realizar arpejos con ambas mans nun ámbito de dúas oitavas coa dixitación apropiada, nas tonalidades que o profesorado determine.
  - Practicar acordes tríada en todas as inversións. Iniciación a acordes cuatríada.
  - Coñecer a posibilidade de realizar notas repetidas con un mesmo dedo ou con outras dixitacións, con control rítmico e dinámico, minimizando o esforzo muscular e maximizando o apoio.
  - Perfeccionar a execución de notas dobres e oitavas.
  - Introducir ao alumnado na asimilación do movemento de rotación do antebrazo necesario para realizar trinos, trémolos, arpexiados e intervalos quebrados.
  - Desenvolver progresivamente a extensión da man.
  - Coñecer novos tipos de toque e articulacións. Perfeccionar progresivamente os movementos verticais e laterais necesarios.
  - Desenvolver a capacidade de preparar saltos e desprazamentos para mellorar a soltura e precisión dos mesmos.
  - Adquirir maior coordinación e independencia entre as mans. Coñecer a hemiola.

**G. Interpretar un repertorio que inclúa obras representativas de diferentes épocas e estilos de dificultade adecuada a este nivel.**

- 1.- Progresar na interpretación axeitada de obras contrapuntísticas de carácter imitativo.
- 2.- Interpretar alomenos unha obra do repertorio contemporáneo.
- 3.- Comprender a estrutura tonal e forma das obras traballadas.
- 4.- Diferenciar as principais características de textura, cor e ataque que se atopan nos diferentes estilos aos que corresponden as obras traballadas.
- 5.- Interpretar obras de diferentes épocas e estilos adecuadas a este nivel.
- 6.- Interpretar en público unha parte do repertorio traballado con autocontrol, dominio da memoria e capacidade comunicativa.
- 7.- Fomentar a participación en actividades de carácter individual e colectivo como audicións, concertos, intercambios culturais, concursos, etc.

**9.5.2. Contidos**

**BLOQUE I: FUNDAMENTOS TÉCNICOS. COORDINACIÓN MOTORA E SONORA**

*Correspóndese con obxectivos dos apartados: F)1, F)2, F)3, F)4, F)5, F)6, F)7 e os seus subapartados relativos a aspectos mecánicos e técnicos. G)1, G)2 E G)5 (en relación á aplicación destes na interpretación de diferentes estilos).*



- 1.- Exercicios de tensión-distensión e hábito de detectar as tensións musculares.
- 2.- Exercicios de relaxación a través da respiración
- 3.- Procura dunha interpretación orgánica e coordinada. Toma de conciencia da relación e interacción das partes do corpo.
- 4.- Toma de conciencia das posturas incorrectas que poidan acontecer.
- 5.- Exercicios de control do peso e de obtención de diferentes planos sonoros.
- 6.- O progreso na aplicación coordinada da técnica e control corporal na interpretación, facendo fincapé nos seguintes epígrafes:
  - a) Execución de escalas á nivel do repertorio do curso. O paso do polgar.
  - b) Execución de arpejos á nivel do repertorio do curso.
  - c) Execución de acordes triada en tódalas inversións. Iniciación aos acordes cuatriada, a nivel das obras e estudos do curso.
  - d) Execución de pasaxes con notas repetidas á nivel das obras do curso.
  - e) Execución de pasaxes de notas dobres e oitavas.
  - f) Movements de rotación de antebrazo en pasaxes con trinos, trémolos a intervalos de quinta ou sexta, arpexiados, intervalos quebrados e lanzamento do maimiño.
  - g) Exercicios de extensión da man.
  - h) Portato e non legato. Variedade de tipos de toque. Movements laterais e verticais do brazo e da man. As articulacións de dúas notas.
  - i) Pequenos saltos e desprazamentos.
  - j) Hemiolas. Execución de pasaxes con ritmos e articulacións independentes entre as mans.
- 7.- Exercicios técnicos sinxelos elaborados a partir das dificultades do repertorio traballado.
- 8.- O fraseo. O toque legato. A dirección da frase.
- 9.- O traballo da gama sonora. A dinámica (piano, forte, crescendo e diminuendo). Control auditivo.
- 10.- O tempo. O respecto polas indicacións de agónica, carácter e velocidade. O mantemento do pulso estable no transcurso da interpretación. Control rítmico no repertorio a traballar.

## **BLOQUE 2: REPERTORIO**

*Correspóndese con obxectivos contidos nos apartados : A)3, A)4, A)6, G)1, G)2, G)4, G)5 Inclúese aquí o apartado correspondente ao obxectivo D (práctica de conxunto).*

- 1.- Interpretación dun repertorio diverso que permita desenvolver e fortalecer a sensibilidade e personalidade musical do alumnado.
- 2.- Traballo contrapuntístico. Obras barrocas a dúas ou tres voces.
- 3.- Principais convencións interpretativas do repertorio do s. XVIII e s. XIX a traballar. Diferenzas



de ataque, articulación e fraseo e principais convencións interpretativas relativas á ornamentación (trinos, apoiaturas e grupetos), acentuación rítmica ou dinámica.

- 4.- Interpretación dunha obra contemporánea.
- 5.- Estudos de carácter técnico.
- 6.- Práctica de conxunto.

### **BLOQUE 3: DIXITACIÓN, PEDALIZACIÓN, MEMORIZACIÓN E TRABALLO PERSOAL**

*Correspóndese con obxectivos contidos nos apartados B), E)1, E)2, E)3, E)4, E)5, F)6.*

- 1.- Dixitación segundo as particularidades de cada alumno/a e as necesidades estilísticas e expresivas de cada pasaxe. Realización da dixitación elixida.
- 2.- Pautas globais de pedalización nos estilos musicais máis característicos.
- 3.- Memorización de obras e estudos.
- 4.- Hábito de estudo lento e consciente. Estratexias de estudo eficaces. Hábito de corrixir illadamente os erros cometidos con exercicios diversos.

### **BLOQUE 4: AUDICIÓN MUSICAL**

*Correspóndese con apartados A)1, A)2, E)6, F)1, F)2, F)3, G)6, G)7 dos obxectivos.*

- 1.- Interpretación pública en concertos e audicións, e potenciación das facultades necesarias para afrontalos con éxito.
- 2.- Audición de gravacións das obras traballadas e análise das mesmas.
- 3.- Audición en clase e en concertos realizados polo propio alumnado e análise dos mesmos.
- 4.- Autoescoita atenta e crítica.
- 5.- Hábito de gravarse un mesmo.

### **BLOQUE 5: CONTIDOS TEÓRICOS E OUTROS CONTIDOS**

*Correspóndese cos obxectivos contidos nos apartados A)5, A)6, C), F)1, G)3, G)4,*

- 1.- Análise estilística e estrutural do repertorio traballado. Comprensión formal, rítmica e harmónica do mesmo, correspondente cos coñecementos de linguaxe musical deste nivel.
- 2.- Respecto polas indicacións da partitura. Interpretación fiel, minuciosa e atenta as características de estilo, estrutura e fraseo dunha obra musical.
- 3.- Comprensión das características morfolóxicas e acústicas básicas do instrumento.
- 4.- Lectura a primeira vista.

#### **9.5.3. Criterios de avaliación**

**Interpretar un repertorio que comprenda unha obra clásica, unha obra romántica, unha obra barroca a dúas ou tres voces e unha obra moderna/contemporánea, cunha aplicación axeitada dos aspectos mecánicos, técnicos e musicais traballados.**



- Amosar unha comprensión musical global e unha diferenciación estilística no repertorio interpretado.
- Amosar unha axeitada colocación corporal e, en concreto, da man e do brazo.
- Memorizar dúas obras ou estudos.
- Realizar escalas diatónicas e cromáticas, arpejos, e outros exercicios técnicos con diferentes velocidades toques, acentuacións rítmicas, etc.
- Interpretar dous estudos con corrección técnica e musical.
- Amosar a capacidade de diferenciar a intensidade de son das notas extremas dos acordes.
- Facer unha análise estrutural e musical xeral do repertorio traballado.
- Interpretar parte do repertorio traballado en audicións de clase e públicas con dominio técnico e autocontrol.
- Ler a vista unha peza de dificultade inferior ao repertorio do curso con mans xuntas a velocidade lenta.
- Empregar o pedal de resonancia con corrección e adecuación estilística nas obras do repertorio.

#### **9.5.3.1. Mínimos esixibles**

- O/A alumno/a deberá presentar, entre as diferentes audicións do curso, un programa mínimo de 3 obras de estilos diferentes e 3 estudos
- Como mínimo, unha das obras será interpretada de memoria.
- O alumnado deberá participar alomenos en dúas audicións.

#### **9.5.3.2. Procedementos e ferramentas de avaliación**

##### **Ferramentas de avaliación.**

- Avaliación continuada a través do seguimento semanal e a observación atenta do alumnado e da súa evolución respecto aos obxectivos marcados en cada sesión lectiva, que serán anotados axeitadamente no caderno do/a profesor/a, debendo cumprir ao remate do curso cos requisitos mínimos e o programa especificado nos criterios de avaliación.
- A través da observación, gravación, etc. de actuacións en audicións ou concertos de carácter público nos que se amose parte do traballo desenvolvido.
- Gravación en audio ou vídeo do repertorio traballado polo alumnado, cunha posterior análise e posta en común cos/as compañeiros/as de clase dos principais aspectos musicais e técnicos.
- A autoavaliación do alumnado.
- Análise das producións e traballos escritos feitos polo alumnado.



### Procedementos de avaliación.

Avaliación inicial ou diagnóstica.

- A avaliación inicial realizarase durante a primeira semana do curso escolar. Este proceso comprenderá as seguintes accións que permitan identificar as dificultades do alumnado, así como as posibles necesidades de atención educativa:
- Detección das aprendizaxes imprescindibles non adquiridas en anos anteriores (de ser o caso).
- Coñecemento personalizado do alumnado e da súa situación emocional coa fin de tomar as decisións profesionais de actuación por parte do profesorado.

Avaliación formativa.

- É a que determina como se vai desenvolvendo o proceso de aprendizaxe, coa fin de proporcionar unha información útil para adaptar as actividades propostas ás necesidades concretas do alumnado. Todas as actividades de ensino-aprendizaxe que se propoñan son, polo tanto, actividades de avaliación formativa e deben ter un control detallado que amose a información precisa sobre o rendemento do alumnado, permitindo a axuda pedagóxica axeitada en cada momento para que aprenda máis e mellor.

Avaliación sumativa.

- É a que ten lugar ao remate de cada unidade, bloque de contidos, curso ou trimestre e que consiste en avaliar os resultados obtidos na aprendizaxe para verificar que se alcanzaron os obxectivos propostos.

### 9.5.3.3. Criterios de cualificación

Os seguintes criterios de cualificación serán aplicados por aquel profesorado que utilice as rúbricas expostas de seguido.

<b>Criterios de avaliación homoxeneizados</b>				
<b>Traballo persoal</b>		<b>Hábitos de Estudio</b>	<b>Audicións / Grao de consecución do repertorio*</b>	
Semanal de aula	Probas técnicas ou exames de aula		Públicas	De aula
<b>70%</b>		<b>10%</b>	<b>20%*</b>	
Registros				
Caderno do profesor	Táboa ou listade cotexo	Caderno do profesor	Táboa ou lista de cotexo	



### Rúbrica para a cualificación dos hábitos de estudo semanais

<b>Sobresaínte (9-10)</b>	<b>Notable (7-8)</b>	<b>Ben (5-6)</b>	<b>Insuficiente (1-4)</b>
<ul style="list-style-type: none"><li>– Amosa unha grande concienciación da importancia do traballo individual e da adquisición e emprego de hábitos e rutinas de estudo eficaces.</li><li>– Amosa interese pola materia.</li><li>– Asiste regular e puntualmente a clase.</li></ul>	<ul style="list-style-type: none"><li>– Aínda que amosa concienciación da importancia do traballo individual non emprega hábitos de estudo completamente eficaces.</li><li>– Amosa moito interese pola materia.</li><li>– Asiste regular e puntualmente as clases.</li></ul>	<ul style="list-style-type: none"><li>– Aínda que amosa concienciación da importancia do traballo individual, non emprega hábitos de estudo completamente eficaces.</li><li>– Amosa interese pola materia.</li><li>– Non sempre asiste regular e puntualmente as clases.</li></ul>	<ul style="list-style-type: none"><li>– Amosa falta de concienciación da importancia do traballo individual e da adquisición e emprego de hábitos e rutinas de estudo eficaces.</li><li>– Non amosa interese pola materia.</li><li>– Non asiste regular ou puntualmente ás clases.</li></ul>



## TÁBOA AVALIACIÓN PARA PROBAS E AUDICIÓ

Nome do alumno: \_\_\_\_\_ Título da obra: \_\_\_\_\_ Resultado da obra: \_\_\_\_\_

Fidelidade a partitura, fluidez e precisión rítmica	Son e técnica	Estilo, expresión e fraseo
<input type="checkbox"/> <b>3 puntos</b> <b>Moi ben.</b> Interpreta con fluidez a un tempo estable e adecuado. Non hai apenas notas falsas nin imprecisións rítmicas. Respecta as dixitacións e as indicacións da partitura. Toca de memoria.	<input type="checkbox"/> <b>3,5 puntos</b> <b>Moi ben.</b> Tendo en conta o nivel, presenta unha moi boa calidade do son. Usa moi ben o peso do brazo e dispón da variedade de ataques necesaria. Resolve moi ben as dificultades técnicas que a obra presenta, mantendo a claridade e a igualdade entre as notas. Mantén unha moi boa posición, natural e relaxada, do corpo e as mans.	<input type="checkbox"/> <b>3,5 puntos</b> <b>Moi ben.</b> Adáptase moi ben ao estilo e carácter da obra con musicalidade. A expresión e a agóxica son as axeitadas á obra. O fraseo é claro e adecuado e as articulacións, dinámicas e acentos están moi ben realizados e son claramente independentes entre as mans, diferenciando planos sonoros. O uso dos pedais é adecuado ao estilo.
<input type="checkbox"/> <b>2,5 puntos</b>	<input type="checkbox"/> <b>3,25 puntos</b>	<input type="checkbox"/> <b>3,25 puntos</b>
<input type="checkbox"/> <b>2 puntos</b> <b>Ben.</b> Mantén, en xeral, unha interpretación fluída e un tempo estable. Toca, en xeral, con corrección nas notas e precisión no ritmo. Respecta, en xeral, as dixitacións e as indicacións da partitura.	<input type="checkbox"/> <b>3 puntos</b> <b>Ben.</b> Presenta, en xeral, unha boa calidade do son. Usa ben o peso do brazo e dispón, en xeral, da variedade de ataques necesaria. En xeral, resolve ben as dificultades técnicas que a obra presenta, mantendo a claridade e a igualdade entre as notas. Mantén, en xeral, unha boa posición do corpo e as mans.	<input type="checkbox"/> <b>3 puntos</b> <b>Ben.</b> Adáptase, en xeral, ben ao estilo e carácter da obra. A expresión e a agóxica son, en xeral, axeitadas á obra. En xeral, o fraseo é claro e adecuado e as articulacións, dinámicas e acentos están ben realizados e son independentes entre as mans. O uso dos pedais, en xeral, é adecuado ao estilo.
<input type="checkbox"/> <b>1,75 puntos</b>	<input type="checkbox"/> <b>2,5 puntos</b>	<input type="checkbox"/> <b>2,5 puntos</b>
<input type="checkbox"/> <b>1,5 puntos</b> <b>Suficiente.</b> A interpretación é suficientemente fluída e o tempo está dentro das marxes aceptables, aínda que nalgunha pasaxe presente dificultades ou inestabilidades no tempo. As notas falsas e as imprecisións rítmicas están dentro do aceptable. Cumpre suficientemente coas dixitacións e as indicacións da partitura.	<input type="checkbox"/> <b>2 puntos</b> <b>Suficiente.</b> Presenta unha calidade aceptable do son. Usa aceptablemente o peso do brazo. Resolve suficientemente as dificultades técnicas, aínda que nalgunha pasaxe perda claridade ou haxa desigualdades. Mantén unha posición aceptable do corpo e as mans.	<input type="checkbox"/> <b>2 puntos</b> <b>Suficiente.</b> A interpretación está aceptablemente dentro do estilo e o carácter da obra. A expresión e a agóxica son aceptables. O fraseo, as articulacións, as dinámicas e os acentos e a súa independencia entre as mans son suficientes. O uso dos pedais é aceptable dentro do estilo.
<input type="checkbox"/> <b>1 punto</b>	<input type="checkbox"/> <b>1,5 punto</b>	<input type="checkbox"/> <b>1,5 punto</b>
<input type="checkbox"/> <b>0,5 puntos</b> <b>Insuficiente.</b> Interpretación pouco fluída, tempo inestable ou inadecuado, interrupcións frecuentes. Demasiadas notas falsas ou imprecisións rítmicas. Non respecta suficientemente as dixitacións e as indicacións da partitura.	<input type="checkbox"/> <b>1 punto</b> <b>Insuficiente.</b> Presenta unha mala calidade do son. Non usa correctamente o peso do brazo. Non resolve suficientemente as dificultades técnicas, perdendo a claridade e a igualdade entre as notas. Mantén unha posición inadecuada do corpo e das mans.	<input type="checkbox"/> <b>1 punto</b> <b>Insuficiente.</b> A interpretación está fóra do estilo e do carácter da obra. A expresión e a agóxica son inadecuadas. O fraseo, as articulacións, as dinámicas e os acentos e a súa independencia entre as mans son insuficientes. O uso dos pedais é inadecuado ao estilo.
<input type="checkbox"/> <b>0 puntos</b> <b>Moi deficiente</b> É incapaz de superar minimamente as dificultades que a obra presenta.	<input type="checkbox"/> <b>0 puntos</b> <b>Moi deficiente</b> É incapaz de superar minimamente as dificultades que a obra presenta.	<input type="checkbox"/> <b>0 puntos</b> <b>Moi deficiente</b> É incapaz de superar minimamente as dificultades que a obra presenta.





## 9.5.4. Recursos didácticos

### Repertorio orientador

#### Estudios:

- Heller: Estudios Op. 46, Op. 47, Op. 45
- J. B. Cramer. Etudes mélodiques Op. 107, Etudes en 4 Cahiers
- Godard. Estudios melódicos Op. 149
- Moszkowski. Pequeños estudios Op. 91
- Pozzoli. Estudios de movimiento rápido
- Burgmüller. Op. 105; Op. 109
- Czerny. Op. 299, Op. 636
- Jensen. Op. 32
- Kirchner, Theodor. 100 Kleine Studien Op. 71, Vol II
- Lemoine. Estudios Op. 37
- Bertini. Estudios Op. 100

#### Barroco:

- Bach: Invecciones a 2 voces Clasicismo:
- Haydn. Sonatas Hob. XVI nº 8 en sol M; G1 en sol M; nº 7 en do M; nº 9 en fa M; nº 1 en do M; nº 3 en do M; nº 10 en do M; nº 2 en sib M
- Mozart. Sonatinas Vienesas; “Marcha fúnebre del señor Maestro Con-trapunto” en do m Kv. 453
- Beethoven. Bagatelas Op. 33 nº 3; Op. 119 nº 3, 4
- Clementi. Sonatinas Op. 36

#### Romanticismo, Nacionalismo:

- C. M. V. Weber. 10 Danzas Alemanas Op. 4
- H. Heller. Album Fort he Young Op. 138
- Schubert. 20 Menuette D41; Scherzo D593 en sib M; Valses Op. 9; Op. 18; Op. 33; 12 Deutsche Vieneses D128; Menuette D334/35 en la M y en mi M; Menuetto D600 en do# m; Danza Alemana D722 en solb M
- Schumann. Escenas infantiles Op. 15 nº 1; Álbum de la juventud Op. 68 nº 26, 24, 21, 15, 12, 22; Sonata infantil Op. 118 nº 1 (1ª y última pieza); Op. 118 nº 3 (última pieza); Hojas de Álbum Op. 124 nº 6
- Grieg. Liric Pieces Op. 12, Op. 38 No. 7



### **Moderno:**

- Guridi. Danzas Vellas (unha delas)
- Granados. Escenas Románticas nº 2; Danzas Españolas números 2, 4, 10
- Albéniz. Rumores de a Galeta; (Suite España:) Malagueña, Serenata, Capricho Catalán
- Bartok.: Mikrokosmos nº 97, 99, 100, 104, 112, 118.
- Shostakovich. Preludios Op. 34, nº 1, 4, 7, 16, 21
- Pai Donostia. Preludios nº 1, 6, 7, 9, 10, 14, 19, 20, 21
- Mc. Dowell. Woodland Sketches Op. 51 (un deles)/deles.; Sexa Pieces Op. 55, nº 2, 4, 5, 7; Fire side Irilles Op. 61 nº 1, 6; New England Idyls Op. 62, nº 1,
- Ch. Corea. Children's songs.

### **Libros de consulta:**

- Wolters, Klaus. "Handbuch der Klavierliteratur zu zwei Händen" (Ed. Atlantis Musikbuch)
- Margrath, Jane: The Pianist's guide to standard teaching and performance literature (Ed. Alfred Music)
- Hinson, Maurice: Guide to the Pianist's Repertoire (Ed. Indiana University Press)
- Rattalino, Piero. Historia del piano (Ed. SpanPress)
- Chiantore, Luca. Historia de la técnica pianística (Ed. Alianza Música)
- Ferguson, Howard. La interpretación de los instrumentos de teclado del siglo XIV al XIX (Ed. Alianza Música)
- Banowetz, Joseph. El pedal pianístico, técnicas y uso (Ed. Pirámide) Deschaussess, Monique. El intérprete y la música (Ed. Rialp)
- Neuhaus, Heinrich. El arte del piano (Ed. Real Musical) Rosen, Charles. El piano: notas y vivencias (Ed. Alianza)
- Schonberg, Harold C. Los grandes pianistas (Ed. Javier Vergara)
- Dalia, Guillermo. Cómo ser feliz si eres músico o tienes uno cerca (Ed. MundiMúsica)



## 9.6. Curso: 2º de grao profesional

### 9.6.1. Obxectivos

#### A. Coñecer as diversas convencións interpretativas vixentes en distintos períodos da música instrumental, especialmente as referidas á escritura rítmica ou á ornamentación.

- 1.- Desenvolver o sentido crítico e os criterios propios a través da audición das interpretacións de obras do repertorio por grandes pianistas.
- 2.- Fomentar a asistencia a concertos e a colaboración en actividades de tipo musical, así como coñecer discografía sobre esta materia.
- 3.- Adquirir conciencia das principais diferenzas e características de escritura dos estilos máis representativos do repertorio a traballar, incidindo na diferenza de ataque e articulación determinados polo instrumento no período barroco e clásico e nas principais convencións que afectan á realización da ornamentación das obras que traballe o alumnado (realización de trinos, grupetos e apoiaturas) á acentuación rítmica e a dinámica, no repertorio do século XVIII.
- 4.- Iniciar ao alumnado nas novas grafías musicais contemporáneas.
- 5.- Mostrar una comprensión formal das obras estudadas de acordo aos coñecementos teóricos correspondentes a este nivel.
- 6.- Incidir nunha interpretación máis fiel, minuciosa e atenta ás características de estilo, estrutura e fraseo dunha obra musical.

#### B. Adquirir e aplicar progresivamente ferramentas e competencias para o desenvolvemento da memoria.

- 1.- Adestrar permanentemente e progresivamente a memoria musical, algo de primordial importancia na comprensión e asimilación dunha obra.
- 2.- Incorporar estratexias durante o estudo que axuden a memorizar a obra, a través da asimilación dos movementos musculares implicados, da comprensión analítica dos elementos principais da partitura, do emprego da memoria visual e auditiva e o adestramento periódico da mesma.

#### C. Desenvolver a capacidade de lectura a primeira vista e aplicar con autonomía progresivamente maior os coñecementos musicais para a improvisación co instrumento.

- 1.- Mellorar a capacidade de lectura a vista

#### D. Practicar a música de conxunto integrándose en formacións camerísticas de diversa configuración e desempeñando papeis de solista con orquestra en obras de dificultade media, desenvolvendo así o sentido da interdependencia dos respectivos labores.

*Este obxectivo non é específico da materia de instrumento individual, se non que é máis ben propio da materia de conxunto. Non obstante, no seo dun traballo interdisciplinar, presentamos á materia de instrumento os seguintes obxectivos:*

- 1.- Axudar ao alumnado a abordar a práctica de conxunto e coordinarse co profesorado de con-



xunto na elección do repertorio e outras cuestión técnicas que poidan presentarse.

2.- Adquirir conciencia da necesidade do estudo responsable.

3.- Mellorar a lectura a vista.

4.- Ampliar a gama sonora.

5.-Aplicar os coñecementos interpretativos adquiridos na execución das obras que lle toque abordar.

6.-Mellorar a autonomía na comprensión da partitura para ir adquirindo a capacidade de desenvolver diversos papeis interpretativos no seo dunha agrupación.

**E. Aplicar con autonomía progresivamente maior os coñecementos musicais para solucionar por sí sós os diversos problemas de execución que poidan presentarse relativos á dixitación, pedalización, fraseo, dinámica.**

1.- Fomentar una actitude creativa a través da música. Suxerir estratexias de estudo eficaces e habituar ao alumnado a traballar non tanto a pasaxe en sí como a dificultade que representa.

2.- Fomentar valores baseados na constancia e o espírito de mellora e superación. Inculcar o hábito de estudo lento e reflexivo.

3.- Asimilar pautas globais de pedalización en función do estilo, autor e obra.

4.- Alentar a procura de diferentes opcións de dixitación, atendendo ás diferenzas e funcións dos distintos dedos e á peculiaridade do pasaxe musical e o contexto estilístico. Vixiar as problemáticas que poidan xurdir e a súa resolución, especialmente co ataque do dedo polgar e maimiño.

5.- Conseguir unha maior claridade na articulación e no fraseo das obras interpretadas. Amosar respecto polas indicacións da partitura e aplicar con criterio e economía os esforzos musculares necesarios para mellorar a correcta dirección, pronunciación e acentuación das frases musicais conferindo variedade sonora á interpretación.

6.- Inculcar a importancia da autoescoita para mellorar o rendemento do traballo persoal.

**F. Dominar no seu conxunto a técnica e as posibilidades sonoras e expresivas do instrumento, así como alcanzar e demostrar a sensibilidade auditiva necesaria para perfeccionar gradualmente a calidade sonora.**

1.- Coñecer as características morfolóxicas básicas do instrumento.

2.- Potenciar o desenvolvemento da sensibilidade musical do/a alumno/a.

3.- Perseverar no desenvolvemento da sensibilidade auditiva necesaria para perfeccionar gradualmente o control rítmico e a calidade sonora.

4.- Potenciar a autoescoita e o autocontrol como vehículo necesario para a madurez interpretativa e artística de calquera músico.

5.- Ser consciente do xogo de tensión-distensión e aprender a dosificar o esforzo muscular na interpretación.



- 6.- Adquirir unha maior interacción das diferentes partes do corpo na execución.
- 7.- Ampliar a gama sonora producida, sempre desde o respecto polas indicacións dinámicas e agónicas da partitura e no seo dun estudo reflexivo e atento.
- 8.- Afondar no traballo mecánico e técnico que permita a execución do repertorio do nivel.
- **Escalas:** amosar a capacidade de realizar escalas diatónicas en unísonos con ambas mans, ascendentes e descendentes, atendendo á simultaneidade, correcta colocación da man e o correcto paso do polgar nas tonalidades e velocidade que o profesorado determine. Coñecer a escala cromática e a súa dixitación en ámbalas dúas mans.
  - **Arpexos:** amosar a capacidade de realizar arpexos con ambas mans nun ámbito de dúas oitavas coa dixitación apropiada, nas tonalidades que o profesor determine.
  - Flexibilizar a técnica dos acordes. Practicar os acordes cuatriadas e as súas combinacións.
  - Practicar a través dos exercicios, estudos ou obras do repertorio as notas repetidas con un mesmo dedo ou con outras dixitacións, con control rítmico e dinámico, minimizando o esforzo muscular e maximizando o apoio.
  - Perfeccionar a execución de notas dobres e oitavas.
  - Perseverar na asimilación do movemento de rotación do antebrazo necesario para realizar trinos, trémolos, arpexiados e intervalos quebrados.
  - Desenvolver progresivamente a extensión da man.
  - Traballar os diferentes tipos de toque e articulacións. Perfeccionar progresivamente os movementos verticais e laterais necesarios.
  - Desenvolver a capacidade de preparar saltos e desprazamentos para mellorar a soltura e precisión dos mesmos.
  - Mellorar a coordinación e independencia rítmica entre mans e adquirir soltura na realización de hemiolas.

**G. Interpretar un repertorio que inclúa obras representativas de diferentes épocas e estilos de dificultade adecuada a este nivel.**

- 1.- Traballar obras contrapuntísticas a tres voces buscando a claridade e diferenciación destas.
- 2.- Interpretar obras do repertorio contemporáneo.
- 3.- Afondar na comprensión formal das obras traballadas.
- 4.- Diferenciar as principais características de textura, cor e ataque que se atopan nos diferentes estilos aos que corresponden as obras traballadas.
- 5.- Interpretar obras de diferentes épocas e estilos adecuadas a este nivel.
- 6.- Interpretar en público unha parte do repertorio traballado con autocontrol, dominio da memoria e capacidade comunicativa.
- 7.- Fomentar a participación en actividades de carácter individual e colectivo como audicións, concertos, intercambios culturais, concursos, etc.



## 9.6.2. Contidos

### **BLOQUE I: FUNDAMENTOS TÉCNICOS; COORDINACIÓN MOTORA E SONORA**

*Correspóndese con obxectivos dos apartados: F)1, F)2, F)3, F)4, F)5, F)6, F)7 e os seus subapartados relativos a aspectos mecánicos e técnicos. G)1, G)2 E G)5 (en relación á aplicación destes na interpretación de diferentes estilos).*

- 1.- Exercicios de tensión-distensión e hábito de detectar as tensións musculares.
- 2.- Exercicios de relaxación a través da respiración.
- 3.- Interacción das diferentes partes do corpo na execución.
- 4.- Toma de conciencia das posturas incorrectas que poidan acontecer.
- 5.- Exercicios de control do peso e de obtención de diferentes planos sonoros segundo a textura da obra ou pasaxe.
- 6.- O progreso na aplicación coordinada da técnica e control corporal na interpretación, facendo fincapé nos seguintes epígrafes:
  - a) Execución de escalas á nivel do repertorio do curso. O paso do polgar.
  - b) Execución de arpejos á nivel do repertorio do curso.
  - c) Acordes de tres e catro notas coas súas inversións correspondentes nas tonalidades traballadas.
  - d) Execución de pasaxes con notas repetidas ao nivel das obras do curso.
  - e) Pasaxes ou exercicios de dobres notas(continuación) –principalmente terceiras, cuartas, sextas y oitavas- ao nivel das obras do curso.
  - f) Movements de rotación de antebrazo (trinos anticipados e a tempo, trémolos a intervalos de quinta ou sexta, arpexiados ou intervalos quebrados e lanzamento do maimiño).
  - g) Exercicios de extensión da man.
  - h) Variedade de tipos de toque e articulacións. Articulacións de dúas notas. Picado, portato, non legato. Movements verticais e laterais do brazo e da man.
  - i) Saltos e desprazamentos.
  - j) Hemiolas. Execución de pasaxes con ritmos e articulacións independentes entre as mans.
- 7.- Exercicios técnicos sinxelos elaborados a partir das dificultades do repertorio traballado.
- 8.- O fraseo. O fraseo rubato. A dirección da frase. O legato.
- 9.- O traballo da gama sonora dentro dos límites do nivel do repertorio de curso. A dinámica (piano, mp e mf, forte, crescendo e diminuendo). Control auditivo.
- 10.- O tempo. O respecto polas indicacións de agónica, carácter e velocidade. O mantemento do pulso estable no transcurso da interpretación. Control rítmico do repertorio a traballar



## **BLOQUE 2: REPERTORIO**

*Correspóndese con obxectivos contidos nos apartados :A)3, A)4, A)6, G)1, G)2, G)4, G)5 Inclúese aquí o apartado correspondente ao obxectivo D (práctica de conxunto).*

- 1.- Interpretación dun repertorio diverso que recolla obras representativas de diferentes estilos e estéticas.
- 2.- Obras contrapuntísticas a dúas ou tres voces.
- 3.- As principais diferenzas e características de escritura dos estilos máis representativos do repertorio do s. XVIII e p.s.XIX a traballar, incidindo en aspectos de ataque, articulación e fraseo determinados polo instrumento. As principais convencións interpretativas deste repertorio, principalmente np que afecta a ornamentación (trinos, apoiaturas, grupetos, pequenas fermatas) e acentuación rítmica ou dinámica.
- 4.- Interpretación dunha obra contemporánea.
- 5.- Estudos de carácter técnico.
- 6.- Práctica de conxunto.

## **BLOQUE 3: DIXITACIÓN, PEDALIZACIÓN, MEMORIZACIÓN E TRABALLO PERSOAL**

*Correspóndese con obxectivos contidos nos apartados B), E)1, E)2, E)3, E)4, E)5, F)6.*

- 1.- Distintas opcións de dixitación en función da dificultade, sentido musical e peculiaridades de cada alumno/a. Respecto polas indicacións de dixitación.
- 2.- Pautas globais de pedalización nos estilos musicais máis característicos.
- 3.- Memorización de obras e estudos.
- 4.- Hábito de estudo lento e consciente. Estratexias de estudo eficaces. Hábito de corrixir illadamente os erros cometidos con exercicios diversos.

## **BLOQUE 4: AUDICIÓN MUSICAL**

*Correspóndese con apartados A)1, A)2, E)6, F)1, F)2, F)3, G)6, G)7 dos obxectivos.*

- 1.- Interpretación pública en concertos e audicións, e potenciación das facultades necesarias para afrontalos con éxito.
- 2.- Audicións comparadas de obras do repertorio por grandes intérpretes.
- 3.- Audición en clase e en concertos realizados polo propio alumnado, e análise dos mesmos.
- 4.- Autoescoita e comentario crítico.
- 5.- Hábito de gravarse un mesmo



## **BLOQUE 5: CONTIDOS TEÓRICOS E OUTROS CONTIDOS**

*Correspóndese cos obxectivos contidos nos apartados A)5, A)6, C), F)1, G)3, G)4.*

- 1.- Análise estilística e estrutural do repertorio traballado. Comprensión formal, rítmica, melódica e harmónica correspondente aos coñecementos de linguaxe musical deste nivel.
- 2.- Respecto polas indicacións da partitura. Interpretación fiel, minuciosa e atenta as características de estilo, estrutura e fraseo dunha obra musical.
- 3.- Comprensión das características morfolóxicas e acústicas básicas do instrumento.
- 4.- Lectura a primeira vista con cambios de posición, pedal e indicacións de agónica e dinámica.

### **9.6.3. Criterios de avaliación**

**Interpretar un repertorio que comprenda unha obra clásica, unha obra romántica, unha obra barroca a dúas ou tres voces e unha obra moderna/contemporánea, cunha aplicación axeitada dos aspectos mecánicos, técnicos e musicais traballados.**

- Amosar unha comprensión musical global e unha diferenciación estilística no repertorio interpretado.
- Amosar unha axeitada colocación corporal e, en concreto, da man e do brazo.
- Memorizar dúas obras ou estudos.
- Realizar escalas diatónicas e cromáticas, arpejos, e outros exercicios técnicos con diferentes velocidades toques, acentuacións rítmicas, etc.
- Interpretar dous estudos con corrección técnica e musical.
- Amosar a capacidade de diferenciar a intensidade de son das notas extremas dos acordes.
- Amosar unha correcta execución das notas dobres.
- Facer unha análise estrutural e musical xeral do repertorio traballado.
- Interpretar parte do repertorio traballado en audicións de clase e públicas con dominio técnico e autocontrol.
- Ler a vista unha peza de dificultade inferior ao repertorio do curso con mans xuntas a velocidade lenta.
- Empregar o pedal de resonancia con corrección e adecuación estilística nas obras do repertorio.

#### **9.6.3.1. Mínimos esixibles**

- O/A alumno/a deberá presentar, entre as diferentes audicións do curso, un programa mínimo de 3 obras de estilos diferentes e 3 estudos
- Como mínimo, unha das obras será interpretada de memoria.
- O alumnado deberá participar alomenos en dúas audicións.





### 9.6.3.2 Procedementos e ferramentas da avaliación

#### Ferramentas de avaliación.

- Avaliación continuada a través do seguimento semanal e a observación atenta do alumnado e da súa evolución respecto aos obxectivos marcados en cada sesión lectiva, que serán anotados axeitadamente no caderno do profesor, debendo cumprir ao remate do curso cos requisitos mínimos e o programa especificado nos criterios de avaliación.
- A través da observación, gravación, etc. de actuacións en audicións ou concertos de carácter público nos que se amose parte do traballo desenvolvido.
- Gravación en audio ou vídeo do repertorio traballado polo alumnado, cunha posterior análise e posta en común cos/as compañeiros/as de clase dos principais aspectos musicais e técnicos.
- A autoavaliación do alumnado.
- Análise das producións e traballos escritos feitos polo alumnado.

#### Procedementos de avaliación.

##### Avaliación inicial ou diagnóstica.

- A avaliación inicial realizarase durante a primeira semana do curso escolar. Este proceso comprenderá as seguintes accións que permitan identificar as dificultades do alumnado, así como as posibles necesidades de atención educativa:
- Detección das aprendizaxes imprescindibles non adquiridas en anos anteriores (de ser o caso).
- Coñecemento personalizado do alumnado e da súa situación emocional coa fin de tomar as decisións profesionais de actuación por parte do profesorado.

##### Avaliación formativa.

- É a que determina como se vai desenvolvendo o proceso de aprendizaxe, coa fin de proporcionar unha información útil para adaptar as actividades propostas ás necesidades concretas do alumnado. Todas as actividades de ensino-aprendizaxe que se propoñan son, polo tanto, actividades de avaliación formativa e deben ter un control detallado que amose a información precisa sobre o rendemento do alumnado, permitindo a axuda pedagóxica axeitada en cada momento para que aprenda máis e mellor.

##### Avaliación sumativa.

- É a que ten lugar ao remate de cada unidade, bloque de contidos, curso ou trimestre e que consiste en avaliar os resultados obtidos na aprendizaxe para verificar que se alcanzaron os obxectivos propostos.



### 9.6.3.3 Criterios de cualificación

Os seguintes criterios de cualificación serán aplicados por aquel profesorado que utilice as rúbricas expostas de seguido.

<b>Criterios de avaliación homoxeneizados</b>				
<b>Traballo persoal</b>		<b>Hábitos de Estudio</b>	<b>Audicións / Grao de consecución do repertorio*</b>	
Semanal De aula	Probas técnicas ou exames de aula		Públicas	De aula
<b>70%</b>		<b>10%</b>	<b>20%*</b>	
Registros				
Caderno do profesor	Táboa ou listade cotexo	Caderno do Profesor	Táboa ou lista de cotexo	

<b>Rúbrica para a cualificación dos hábitos de estudo semanais</b>			
<b>Sobresaínte (9-10)</b>	<b>Notable (7-8)</b>	<b>Ben (5-6)</b>	<b>Insuficiente (1-4)</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Amosa unha grande concienciación da importancia do traballo individual e da adquisición e emprego de hábitos e rutinas de estudo eficaces.</li> <li>- Amosa interese pola materia.</li> <li>- Asiste regular e puntualmente a clase.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Aínda que amosa concienciación da importancia do traballo individual non emprega hábitos de estudo completamente eficaces.</li> <li>- Amosa moito interese pola materia.</li> <li>- Asiste regular e puntualmente as clases.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Aínda que amosa concienciación da importancia do traballo individual, non emprega hábitos de estudo completamente eficaces.</li> <li>- Amosa interese pola materia.</li> <li>- Non sempre asiste regular e puntualmente as clases.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Amosa falta de concienciación da importancia do traballo individual e da adquisición e emprego de hábitos e rutinas de estudo eficaces.</li> <li>- Non amosa interese pola materia.</li> <li>- Non asiste regular ou puntualmente ás clases.</li> </ul>



## TÁBOA AVALIACIÓN PARA PROBAS E AUDIÇÃO

Nome do alumno: \_\_\_\_\_ Título da obra: \_\_\_\_\_ Resultado da obra: \_\_\_\_\_

Fidelidade a partitura, fluidez e precisión rítmica	Son e técnica	Estilo, expresión e fraseo
<input type="checkbox"/> <b>3 puntos</b> <b>Moi ben.</b> Interpreta con fluidez a un tempo estable e adecuado. Non hai apenas notas falsas nin imprecisións rítmicas. Respecta as dixitacións e as indicacións da partitura. Toca de memoria.	<input type="checkbox"/> <b>3,5 puntos</b> <b>Moi ben.</b> Tendo en conta o nivel, presenta unha moi boa calidade do son. Usa moi ben o peso do brazo e dispón da variedade de ataques necesaria. Resolve moi ben as dificultades técnicas que a obra presenta, mantendo a claridade e a igualdade entre as notas. Mantén unha moi boa posición, natural e relaxada, do corpo e as mans.	<input type="checkbox"/> <b>3,5 puntos</b> <b>Moi ben.</b> Adáptase moi ben ao estilo e carácter da obra con musicalidade. A expresión e a agóxica son as axeitadas á obra. O fraseo é claro e adecuado e as articulacións, dinámicas e acentos están moi ben realizados e son claramente independentes entre as mans, diferenciando planos sonoros. O uso dos pedais é adecuado ao estilo.
<input type="checkbox"/> <b>2,5 puntos</b>	<input type="checkbox"/> <b>3,25 puntos</b>	<input type="checkbox"/> <b>3,25 puntos</b>
<input type="checkbox"/> <b>2 puntos</b> <b>Ben.</b> Mantén, en xeral, unha interpretación fluída e un tempo estable. Toca, en xeral, con corrección nas notas e precisión no ritmo. Respecta, en xeral, as dixitacións e as indicacións da partitura.	<input type="checkbox"/> <b>3 puntos</b> <b>Ben.</b> Presenta, en xeral, unha boa calidade do son. Usa ben o peso do brazo e dispón, en xeral, da variedade de ataques necesaria. En xeral, resolve ben as dificultades técnicas que a obra presenta, mantendo a claridade e a igualdade entre as notas. Mantén, en xeral, unha boa posición do corpo e as mans.	<input type="checkbox"/> <b>3 puntos</b> <b>Ben.</b> Adáptase, en xeral, ben ao estilo e carácter da obra. A expresión e a agóxica son, en xeral, axeitadas á obra. En xeral, o fraseo é claro e adecuado e as articulacións, dinámicas e acentos están ben realizados e son independentes entre as mans. O uso dos pedais, en xeral, é adecuado ao estilo.
<input type="checkbox"/> <b>1,75 puntos</b>	<input type="checkbox"/> <b>2,5 puntos</b>	<input type="checkbox"/> <b>2,5 puntos</b>
<input type="checkbox"/> <b>1,5 puntos</b> <b>Suficiente.</b> A interpretación é suficientemente fluída e o tempo está dentro das marxes aceptables, aínda que nalgunha pasaxe presente dificultades ou inestabilidades no tempo. As notas falsas e as imprecisións rítmicas están dentro do aceptable. Cumpre suficientemente coas dixitacións e as indicacións da partitura.	<input type="checkbox"/> <b>2 puntos</b> <b>Suficiente.</b> Presenta unha calidade aceptable do son. Usa aceptablemente o peso do brazo. Resolve suficientemente as dificultades técnicas, aínda que nalgunha pasaxe perda claridade ou haxa desigualdades. Mantén unha posición aceptable do corpo e as mans.	<input type="checkbox"/> <b>2 puntos</b> <b>Suficiente.</b> A interpretación está aceptablemente dentro do estilo e o carácter da obra. A expresión e a agóxica son aceptables. O fraseo, as articulacións, as dinámicas e os acentos e a súa independencia entre as mans son suficientes. O uso dos pedais é aceptable dentro do estilo.
<input type="checkbox"/> <b>1 punto</b>	<input type="checkbox"/> <b>1,5 punto</b>	<input type="checkbox"/> <b>1,5 punto</b>
<input type="checkbox"/> <b>0,5 puntos</b> <b>Insuficiente.</b> Interpretación pouco fluída, tempo inestable ou inadecuado, interrupcións frecuentes. Demasiadas notas falsas ou imprecisións rítmicas. Non respecta suficientemente as dixitacións e as indicacións da partitura.	<input type="checkbox"/> <b>1 punto</b> <b>Insuficiente.</b> Presenta unha mala calidade do son. Non usa correctamente o peso do brazo. Non resolve suficientemente as dificultades técnicas, perdendo a claridade e a igualdade entre as notas. Mantén unha posición inadecuada do corpo e das mans.	<input type="checkbox"/> <b>1 punto</b> <b>Insuficiente.</b> A interpretación está fóra do estilo e do carácter da obra. A expresión e a agóxica son inadecuadas. O fraseo, as articulacións, as dinámicas e os acentos e a súa independencia entre as mans son insuficientes. O uso dos pedais é inadecuado ao estilo.
<input type="checkbox"/> <b>0 puntos</b> <b>Moi deficiente</b> É incapaz de superar minimamente as dificultades que a obra presenta.	<input type="checkbox"/> <b>0 puntos</b> <b>Moi deficiente</b> É incapaz de superar minimamente as dificultades que a obra presenta.	<input type="checkbox"/> <b>0 puntos</b> <b>Moi deficiente</b> É incapaz de superar minimamente as dificultades que a obra presenta.



#### 9.6.4. Recursos didácticos

##### Repertorio orientador

##### Estudios:

- Heller. Op. 46, Op. 47, Op. 45
- J. B. Cramer. Etudes mélodiques Op. 107, Etudes en 4 Cahiers
- Godard. Estudios melódicos Op. 149
- Moszkowski. Pequeños estudios
- Pozzoli. Estudios de movement
- Burgmüller. Op. 105
- Czerny. Op. 299. Op. 636
- Jensen. Op. 32
- Kirchner, Theodor. 100 Kleine Studien Op. 71, Vol II
- Lemoine. Op. 3

##### Barroco:

- Bach. Invenciones a 2 voces
- Scarlatti. Sonatas
- Haendel. Piezas para teclado

##### Clasicismo:

- Haydn. Sonatas Hob. XVI nº 4 en re M; nº 12 en la M; nº 13 en mi M
- Mozart. Sonatinas Vienesas; Variaciones sobre un tema original en fa M Kv. 547; sobre el Himno Holandés “Wilhelm von Nassau” Kv. 25; Fantasía en re m Kv. 397; Andantino en mib M Kv. 236
- Beethoven. Sonatas Op. 49 nº 1, 2; Variaciones fáciles sobre una canción suiza, WoO. 64 en fa M; Bagatelas Op. 33 nº 2, 1; Op. 119 nº 9, 1, 11; Op. 126 nº 5
- Clementi. Sonatinas Op. 37, 38
- Dussek. Sonata Op. 47 nº 1; 12 Estudios Melódicos

##### Romanticismo, Nacionalismo:

- M. V. Weber. 10 Danzas Alemanas Op. 4
- Schubert. Andante D29 en do M; Scherzo D570 en re M; Variación sobre un vals de Diabelli D718; Vals D844 en sol M; 6 Danzas Alemanas D820
- Mendelssohn. Romanzas sin palabras Op. 19 nº 6 en sol m; Op. 30 nº 3 en mi M; Op. 19 nº 4 en



la M; Op. 30 n° 6 en fa# m; Kinderstücke Op. 72

- Schumann. Escenas infantiles Op. 15 n° 6; Álbum de la juventud Op. 68 n° 29, 28, 30, 23; Escenas del bosque Op. 82 n° 3; Sonata infantil Op. 118 n° 2 (Abendlied); Hojas multicolores Op. 99 n° 4; Hojas de Álbum Op. 124 n° 4
- Liszt. Cuatro pequeñas piezas S.192; En rêve
- Heller. Album for the Young Op. 138
- Grieg. Lyric Pieces Op. 38 No. 4; Op. 65 No. 2; Op. 68 No. 5

### **Moderno:**

- Debussy. Danse de la poupée (de La Caja de Juguetes); El pequeño negrito
- Guridi. Danzas Vellas (unha delas)/delas:.
- Granados. Escenas Románticas n° 2; Danzas Españolas números 2, 4, 10
- Albéniz. Rumores de a Caleta; (Suite España:) Malagueña, Serenata, Capricho Catalán
- Bartok. Mikrokosmos n° 97, 99, 100, 104, 112, 118
- Shostakovich. Preludios Op. 34, n° 1, 4, 7, 16, 21
- Pai Donostia. Preludios n° 1, 6, 7, 9, 10, 14, 19, 20, 21
- Mc. Dowell. Woodland Sketches Op. 51 (un deles)/deles:; Sexa Pieces Op. 55, n° 2, 4, 5, 7; Fire side Irles Op. 61 n° 1, 6; New England Idyls Op. 62, n° 1, 4

### **Libros de consulta:**

- Wolters, Klaus. “Handbuch der Klavierliteratur zu zwei Händen” (Ed. Atlantis Musikbuch)
- Margrath, Jane: The Pianist's guide to standard teaching and performance literature (Ed. Alfred Music)
- Hinson, Maurice: Guide to the Pianist's Repertoire (Ed. Indiana University Press)
- Rattalino, Piero. Historia del piano (Ed. SpanPress)
- Chiantore, Luca. Historia de la técnica pianística (Ed. Alianza Música)
- Ferguson, Howard. La interpretación de los instrumentos de teclado del siglo XIV al XIX (Ed. Alianza Música)
- Banowetz, Joseph. El pedal pianístico, técnicas y uso (Ed. Pirámide) Deschaussess, Monique. El intérprete y la música (Ed. Rialp)
- Neuhaus, Heinrich. El arte del piano (Ed. Real Musical) Rosen, Charles. El piano: notas y vivencias (Ed. Alianza)
- Schonberg, Harold C. Los grandes pianistas (Ed. Javier Vergara)
- Dalia, Guillermo. Cómo ser feliz si eres músico o tienes uno cerca (Ed. MundiMúsica)



## 9.7. Curso: 3º de grao profesional

### 9.7.1. Obxectivos

#### A. Coñecer as diversas convencións interpretativas vixentes en distintos períodos da música instrumental, especialmente as referidas á escritura rítmica ou á ornamentación.

- 1.- Inculcar o hábito de escoitar música clásica en xeral e en particular, as interpretacións dos grandes intérpretes e as versións das obras traballadas, coa intención de ir creando un criterio interpretativo propio.
- 2.- Fomentar a asistencia a concertos e a colaboración en actividades de tipo musical, así como coñecer a discografía e bibliografía sobre esta materia.
- 3.- Adquirir conciencia das principais diferenzas e características de escritura dos estilos máis representativos do repertorio a traballar, incidindo na diferenza de ataque e articulación determinados polo instrumento no período barroco e clásico e nas principais convencións que afectan á realización da ornamentación que poidan aparecer no repertorio traballado (apoiaturas, trinos, grupetos, notes inéguales) á acentuación rítmica e a dinámica, no repertorio do século XVIII.
- 4.- Iniciar ao alumnado nas novas graffias musicais contemporáneas.
- 5.- Fomentar o estudo e análise dos elementos harmónicos, estruturais, etc do repertorio traballado.
- 6.- Incidir nunha interpretación máis fiel, minuciosa e atenta ás características de estilo, estrutura e fraseo dunha obra musical.

#### B. Adquirir e aplicar progresivamente ferramentas e competencias para o desenvolvemento da memoria.

- 1.- Adestrar permanentemente e progresivamente a memoria musical, algo de primordial importancia na comprensión e asimilación dunha obra.
- 2.- Incorporar estratexias durante o estudo que axuden a memorizar a obra, a través da asimilación dos movementos musculares implicados, da comprensión analítica dos elementos principais da partitura, do emprego da memoria visual e auditiva e o adestramento periódico da mesma.

#### C. Desenvolver a capacidade de lectura a primeira vista e aplicar con autonomía progresivamente maior os coñecementos musicais para a improvisación có instrumento.

- 1.- Mellorar a capacidade de lectura a vista.

#### D. Practicar a música de conxunto integrándose en formacións camerísticas de diversa configuración e desempeñando papeis de solista con orquestra en obras de dificultade media, desenvolvendo así o sentido da interdependencia dos respectivos labores.

*Este obxectivo non é específico da materia de instrumento individual, se non que é máis ben propio da materia de conxunto. Non obstante, no seo dun traballo interdisciplinar, presentamos á materia de instrumento os seguintes obxectivos:*



- 1.- Axudar ao alumnado a abordar a práctica de conxunto e coordinarse co profesorado de conxunto na elección do repertorio e outras cuestión técnicas que poidan presentarse.
- 2.- Adquirir conciencia da necesidade do estudo responsable.
- 3.- Mellorar a lectura a vista.
- 4.- Ampliar a gama sonora.
- 5.-Aplicar os coñecementos interpretativos adquiridos na execución das obras que lle toque abordar.
- 6.-Mellorar a autonomía na comprensión da partitura para ir adquirindo a capacidade de desenvolver diversos papeis interpretativos no seo dunha agrupación.

**E. Aplicar con autonomía progresivamente maior os coñecementos musicais para solucionar por si sós os diversos problemas de execución que poidan presentarse relativos á dixitación, pedalización, fraseo, dinámica.**

- 1.- Fomentar una actitude creativa a través da música. Suxerir estratexias de estudo eficaces e habituar ao alumnado a traballar non tanto a pasaxe en si como a dificultade que representa.
- 2.- Vixiar a constancia e regularidade do traballo persoal. Perseverar na adquisición dun hábito de estudo lento e reflexivo centrado na mellora e superación persoal.
- 3.- Adquirir e coñecer criterios xerais de pedalización atendendo a criterios musicais, estéticos, etc. Coñecer o pedal tonal e o seu emprego e funcionamento.
- 4.- Adquirir maior criterio e autonomía para elixir a mellor dixitación das obras a interpretar, con adecuación ao estilo, contexto musical, peculiaridades de cada pasaxe e as diferenzas e función de cada dedo. Acadar maior autonomía para detectar problemas que poidan xurdir da incorrecta posición dos diferentes dedos no ataque (da inadecuada articulación do polgar, incorrecta posición do maimiño, ausencia de solidez, flexión de falanxes, incorrecto ángulo de xiro da man por encima do polgar, etc.).
- 5.- Conseguir unha maior claridade na articulación e no fraseo das obras interpretadas. Ampliar a gama dinámica. Amosar respecto polas indicacións da partitura e aplicar con criterio e economía os esforzos musculares necesarios para mellorar a correcta dirección, pronunciación e acentuación das frases musicais conferindo variedade sonora á interpretación. Introducir ao alumnado no tempo e fraseo rubato.
- 6.- Mellorar o rendemento do traballo persoal coa axuda da autoescoita e autocrítica.

**F. Dominar no seu conxunto a técnica e as posibilidades sonoras e expresivas do instrumento, así como alcanzar e demostrar a sensibilidade auditiva necesaria para perfeccionar gradualmente a calidade sonora.**

- 1.- Coñecer as características morfolóxicas e sonoras do instrumento.
- 2.- Exteriorizar e potenciar a capacidade expresiva persoal, valorando a actividade instrumental (o acompañamento, a interpretación etc) como fonte de aprendizaxe.
- 3.- Perseverar no desenvolvemento da sensibilidade auditiva necesaria para perfeccionar gra-



dualmente o control rítmico e a calidade sonora.

**4.-** Potenciar a autoescoita e o autocontrol como vehículo necesario para a madurez interpretativa e artística de calquera músico.

**5.-** Ser consciente do xogo de tensión-distensión e aprender a dosificar o esforzo muscular na interpretación.

**6.-** Adquirir unha maior interacción das diferentes partes do corpo na execución.

**7.-** Ampliar a gama sonora producida, sempre desde o respecto polas indicacións dinámicas e agónicas da partitura e no seo dun estudo reflexivo e atento.

**8.-** Afondar no traballo mecánico e técnico que permita a execución do repertorio do nivel.

- **Escalas:** ampliar o coñecemento da tonalidade amosando a capacidade de realizar escalas en unísonos con ambas mans, ascendentes e descendentes, atendendo á correcta colocación da man, a simultaneidade e o correcto paso do polgar nas tonalidades e velocidade que o profesor determine. Coñecer e executar a escala cromática e a súa dixitacións con ámbalas dúas mans.
- **Arpexos:** incrementar a velocidade e o rexistro; perfeccionar o paso de polgar e da man por encima do polgar amosando a capacidade de realizar arpexos con ambas mans coa dixitación apropiada, nas tonalidades que o profesor determine.
- Practicar os acordes cuatriadas e as súas distintas combinacións.
- Perfeccionar a realización das notas repetidas con flexibilidade, incrementando a velocidade, o control rítmico e dinámico, minimizando o esforzo muscular e maximizando o apoio.
- Conseguir maior soltura na execución de terceiras, sextas e oitavas. Adquirir destreza na execución de oitavas alternas e partidas coas dúas mans.
- Practicar o movemento de rotación do antebrazo necesario para realizar trinos, arpexiados, trémolos e intervalos quebrados evitando posicións moi abertas. Coñecer a realización de trinos con diferentes dixitacións.
- Desenvolver a extensión e disensión da man.
- Perfeccionar progresivamente os movementos verticais e laterais necesarios para interpretar o repertorio con variedade de tipos de toque e articulacións.
- Conseguir maior soltura na realización de saltos e desprazamentos
- Acadar maior independencia rítmica de cada man, especialmente en realización de hemíolas e diferentes agrupacións rítmicas entre mans.

### **G. Interpretar un repertorio que inclúa obras representativas de diferentes épocas e estilos de dificultade adecuada a este nivel.**

**1.-** Traballar obras contrapuntísticas a tres voces buscando a claridade e diferenciación destas.

**2.-** Interpretar obras do repertorio contemporáneo.

**3.-** Aplicar os coñecementos de harmonía e convencións aprendidas no repertorio traballado para





unha mellor comprensión formal das obras.

4.- Diferenciar as principais características de textura, cor e ataque que se atopan nos diferentes estilos aos que corresponden as obras traballadas.

5.- Interpretar obras de diferentes épocas e estilos adecuadas a este nivel.

6.- Interpretar en público unha parte do repertorio traballado con autocontrol, dominio da memoria e capacidade comunicativa.

7.- Fomentar a participación en actividades de carácter individual e colectivo como audicións, concertos, intercambios culturais, concursos, etc.

### 9.7.2. Contidos

#### **BLOQUE 1: FUNDAMENTOS TÉCNICOS: COORDINACIÓN MOTORA E SONORA**

*Correspóndese con obxectivos dos apartados: F)1, F)2, F)3, F)4, F)5, F)6, F)7 e os seus subapartados relativos a aspectos mecánicos e técnicos. G)1, G)2 E G)5 (en relación á aplicación destes na interpretación de diferentes estilos).*

1.- Mellora e control da tensión-distensión da man. Hábito de detectar as tensións musculares.

2.- Técnicas de relaxación. Conciencia e control da respiración e a súa implicación na interpretación.

3.- Interacción das diferentes partes do corpo na execución.

4.- Toma de conciencia das posturas incorrectas que poidan acontecer.

5.- Exercicios de control do peso e de obtención de diferentes planos sonoros segundo a textura da obra ou pasaxe.

6.- O progreso na aplicación coordinada da técnica e control corporal na interpretación, facendo fincapé nos seguintes epígrafes:

- Execución de escalas ao nivel do repertorio do curso. O paso do polgar.
- Execución de arpejos ao nivel do repertorio do curso.
- Acordes en calquera inversión. Práctica das notas extremas e interiores do acorde.
- Acordes e notas repetidas en grupos de dous, tres e catro dedos.
- Exercicios ou pasaxes de dobres notas (terceiras, cuartas, sextas). Oitavas de pulso, cóbado e brazo.
- Movements de rotación de antebrazo (trinos anticipados e a tempo, arpejiados ou intervalos quebrados, lanzamento do maimiño). Trémolos.
- Exercicios de extensión da man.
- Variedade de tipos de toque e articulacións. Articulacións de dúas notas. Picado, portato, non legato. Movements verticais e laterais do brazo e da man.



- Exercicios ou pasaxes de anticipación e saltos paralelos, contrarios e outros desprazamentos.
  - Polirritmias e exercicios con combinacións rítmicas diversas en ámbalas dúas mans.
- 7.- Exercicios técnicos sinxelos elaborados a partir das dificultades do repertorio traballado.
- 8.- O fraseo rubato. O legato. A dirección da frase.
- 9.- O traballo da gama sonora dentro dos límites do nivel do repertorio de curso. A dinámica (piano, mp e mf, forte, crescendo e diminuendo). Control auditivo.
- 10.- O tempo. O respecto polas indicacións de agónica, carácter e velocidade. O mantemento do pulso estable no transcurso da interpretación. Control rítmico o repertorio a traballar.

## **BLOQUE 2: REPERTORIO**

*Correspóndese con obxectivos contidos nos apartados :A)3, A)4, A)6, G)1, G)2, G)4, G)5 Inclúese aquí o apartado correspondinte ao obxectivo D (práctica de conxunto).*

- 1.- Interpretación de obras representativas de diferentes estilos e estéticas que permitan desenvolver e fortalecer a sensibilidade e personalidade musical do/a alumno/a.
- 2.- Traballo polifónico a tres voces.
- 3.- As principais diferenzas e características de escritura dos estilos máis representativos do repertorio dos. XVIII e p. s.XIX a traballar, incidindo en aspectos de ataque, articulación e fraseo determinados polo instrumento. As principais convencións interpretativas deste repertorio, principalmente ao que afecta a ornamentación (trinos, apoiaturas, grupetos, pequenas fermatas) e acentuación rítmica ou dinámica.
- 4.- Interpretación dunha obra contemporánea.
- 5.- Estudos de carácter técnico conforme aos contidos correspondentes ao curso.
- 6.- Práctica de conxunto.

## **BLOQUE 3: DIXITACIÓN, PEDALIZACIÓN, MEMORIZACIÓN E TRABALLO PERSOAL**

*Correspóndese con obxectivos contidos nos apartados B), E)1, E)2, E)3, E)4, E)5, F)6.*

- 1.- Hábito de buscar a dixitación máis axeitada segundo o pasaxe, estilo, man, diferenzas entre os dedos, rexistro, velocidade e finalidade sonora. Respecto polas indicacións de dixitación.
- 2.- Pedal:
  - Medio pedal e cuarto de pedal.
  - Pedal vibrato.
  - Pedal una corda como medio de expresión en canto a cor e volume.
  - Iniciación ao pedal tonal.
- 3.- Memorización analítica, muscular, auditiva e visual.
- 4.- Hábito de estudo lento, regular e consciente. Estratexias de estudo eficaces. Hábito de corri-xir illadamente os erros cometidos con exercicios diversos.



## **BLOQUE 4: AUDICIÓN MUSICAL**

*Correspóndese con apartados A)1, A)2, E)6, F)1, F)2, F)3, G)6, G)7 dos obxectivos.*

- 1.- Interpretación pública en concertos e audicións, e potenciación das facultades necesarias para afrontalos con éxito.
- 2.- Audicións comparadas de obras do repertorio por grandes intérpretes.
- 3.- Audición en clase e en concertos realizados polo propio alumnado, e análise dos mesmos.
- 4.- Autoescoita e comentario crítico.
- 5.- Hábito de gravarse un mesmo.

## **BLOQUE 5: CONTIDOS TEÓRICOS E OUTROS CONTIDOS**

*Correspóndese cos obxectivos contidos nos apartados A)5, A)6, C), F)1, G)3, G)4*

- 1.- Análise de aspectos formais, harmónicos, estéticos, musicais e artísticos do repertorio a interpretar.
- 2.- Hábito de interrelación de diferentes disciplinas, a fin de conseguir a máxima fidelidade na interpretación.
- 3.- Comprensión das características morfolóxicas e acústicas básicas do instrumento. Como incide a idiosincrasia do instrumento sobre a interpretación.
  - a) A natureza da corda percutida e o ataque. A produción do legato.
  - b) O control da resonancia. A función dos pedais.
  - c) A vibración das cordas. O fenómeno dos harmónicos. A modificación da cor do son.
  - d).O rexistro e as súas consecuencias sobre aspectos coma dixitación ou pedal. A procura do equilibrio sonoro.
  - e) Os diferentes tipos de instrumento: Vertical e piano de cola. O dobre escape.
- 4.- Lectura a primeira vista en tempo lento e no tempo indicado polo autor.

### **9.7.3.Criterios de avaliación**

**Interpretar un repertorio que comprenda unha obra clásica, unha obra romántica, unha obra barroca a dúas ou tres voces e unha obra moderna/contemporánea, cunha aplicación axeitada dos aspectos mecánicos, técnicos e musicais traballados.**

- Amosar unha comprensión musical global e unha diferenciación estilística no repertorio interpretado.
- Amosar unha axeitada colocación corporal e, en concreto, da man e do brazo.
- Memorizar dúas obras ou estudos.
- Realizar escalas ao nivel das obras do curso.
- Interpretar dous estudos con corrección técnica e musical.
- Amosar a capacidade de diferenciar a intensidade de son das notas extremas dos acordes.



- Facer unha análise estrutural e musical xeral do repertorio traballado.
- Interpretar parte do repertorio traballado en audicións de clase e públicas con dominio técnico e autocontrol.
- Ler a vista unha peza de dificultade inferior ao repertorio do curso con mans xuntas a velocidade lenta
- Empregar o pedal de resonancia con corrección e adecuación estilística nas obras do repertorio.

#### **9.7.3.1. Mínimos esixibles**

- O/A alumno/a deberá presentar, entre as diferentes audicións do curso, un programa mínimo de 3 obras de estilos diferentes e 3 estudos
- Como mínimo, unha das obras será interpretada de memoria.
- O alumnado deberá participar alomenos en dúas audicións.

#### **9.7.3.2. Procedementos e ferramentas de avaliación**

##### **Ferramentas de avaliación.**

- Avaliación continuada a través do seguimento semanal e a observación atenta do alumnado e da súa evolución respecto aos obxectivos marcados en cada sesión lectiva, que serán anotados axeitadamente no caderno do profesor, debendo cumprir ao remate do curso cos requisitos mínimos e o programa especificado nos criterios de avaliación.
- A través da observación, gravación, etc. de actuacións en audicións ou concertos de carácter público nos que se amose parte do traballo desenvolvido.
- Gravación en audio ou vídeo do repertorio traballado polo alumnado, cunha posterior análise e posta en común cos/as compañeiros/as de clase dos principais aspectos musicais e técnicos.
- A autoavaliación do alumnado.
- Análise das producións e traballos escritos feitos polo alumnado.

##### **Procedementos de avaliación.**

###### **Avaliación inicial ou diagnóstica.**

- A avaliación inicial realizarase durante a primeira semana do curso escolar. Este proceso comprenderá as seguintes accións que permitan identificar as dificultades do alumnado, así como as posibles necesidades de atención educativa:
- Detección das aprendizaxes imprescindibles non adquiridas en anos anteriores (de ser o caso).
- Coñecemento personalizado do alumnado e da súa situación emocional coa fin de tomar as decisións profesionais de actuación por parte do profesorado.

###### **Avaliación formativa.**

- É a que determina como se vai desenvolvendo o proceso de aprendizaxe, coa fin de proporcionar unha información útil para adaptar as actividades propostas ás necesidades concretas do alum-



nado. Todas as actividades de ensino-aprendizaxe que se propoñan son, polo tanto, actividades de avaliación formativa e deben ter un control detallado que amose a información precisa sobre o rendemento do alumnado, permitindo a axuda pedagóxica axeitada en cada momento para que aprenda máis e mellor.

Avaliación sumativa.

- É a que ten lugar ao remate de cada unidade, bloque de contidos, curso ou trimestre e que consiste en avaliar os resultados obtidos na aprendizaxe para verificar que se alcanzaron os obxectivos propostos.

### 9.7.3.3. Criterios de cualificación

Os seguintes criterios de cualificación serán aplicados por aquel profesorado que utilice as rúbricas expostas de seguido.

<b>Criterios de avaliación homoxeneizados</b>				
<b>Traballo persoal</b>		<b>Hábitos de Estudo</b>	<b>Audicións / Grao de consecución do repertorio*</b>	
Semanal de aula	Probas técnicas ou exames de aula		Públicas	De aula
<b>70%</b>			<b>20%*</b>	
<b>Rexistros</b>				
Caderno do profesor	Táboa ou listade cotexo	Caderno do profesor	Táboa ou lista de cotexo	



### Rúbrica para a cualificación dos hábitos de estudo semanais

<b>Sobresaínte (9-10)</b>	<b>Notable (7-8)</b>	<b>Ben (5-6)</b>	<b>Insuficiente (1-4)</b>
<ul style="list-style-type: none"><li>- Amosa unha grande concienciación da importancia do traballo individual e da adquisición e emprego de hábitos e rutinas de estudo eficaces.</li><li>- Amosa interese pola materia.</li><li>- Asiste regular e puntualmente a clase.</li></ul>	<ul style="list-style-type: none"><li>- Aínda que amosa concienciación da importancia do traballo individual non emprega hábitos de estudo completamente eficaces.</li><li>- Amosa moito interese pola materia.</li><li>- Asiste regular e puntualmente as clases.</li></ul>	<ul style="list-style-type: none"><li>- Aínda que amosa concienciación da importancia do traballo individual, non emprega hábitos de estudo completamente eficaces.</li><li>- Amosa interese pola materia.</li><li>- Non sempre asiste regular e puntualmente as clases.</li></ul>	<ul style="list-style-type: none"><li>- Amosa falta de concienciación da importancia do traballo individual e da adquisición e emprego de hábitos e rutinas de estudo eficaces.</li><li>- Non amosa interese pola materia.</li><li>- Non asiste regular ou puntualmente ás clases.</li></ul>



## TÁBOA AVALIACIÓN PARA PROBAS E AUDIÇÃO

Nome do alumno: \_\_\_\_\_ Título da obra: \_\_\_\_\_ Resultado da obra: \_\_\_\_\_

Fidelidade a partitura, fluidez e precisión rítmica	Son e técnica	Estilo, expresión e fraseo
<input type="checkbox"/> <b>3 puntos</b> <b>Moi ben.</b> Interpreta con fluidez a un tempo estable e adecuado. Non hai apenas notas falsas nin imprecisións rítmicas. Respecta as dixitacións e as indicacións da partitura. Toca de memoria.	<input type="checkbox"/> <b>3,5 puntos</b> <b>Moi ben.</b> Tendo en conta o nivel, presenta unha moi boa calidade do son. Usa moi ben o peso do brazo e dispón da variedade de ataques necesaria. Resolve moi ben as dificultades técnicas que a obra presenta, mantendo a claridade e a igualdade entre as notas. Mantén unha moi boa posición, natural e relaxada, do corpo e as mans.	<input type="checkbox"/> <b>3,5 puntos</b> <b>Moi ben.</b> Adáptase moi ben ao estilo e carácter da obra con musicalidade. A expresión e a agóxica son as axeitadas á obra. O fraseo é claro e adecuado e as articulacións, dinámicas e acentos están moi ben realizados e son claramente independentes entre as mans, diferenciando planos sonoros. O uso dos pedais é adecuado ao estilo.
<input type="checkbox"/> <b>2,5 puntos</b>	<input type="checkbox"/> <b>3,25 puntos</b>	<input type="checkbox"/> <b>3,25 puntos</b>
<input type="checkbox"/> <b>2 puntos</b> <b>Ben.</b> Mantén, en xeral, unha interpretación fluída e un tempo estable. Toca, en xeral, con corrección nas notas e precisión no ritmo. Respecta, en xeral, as dixitacións e as indicacións da partitura.	<input type="checkbox"/> <b>3 puntos</b> <b>Ben.</b> Presenta, en xeral, unha boa calidade do son. Usa ben o peso do brazo e dispón, en xeral, da variedade de ataques necesaria. En xeral, resolve ben as dificultades técnicas que a obra presenta, mantendo a claridade e a igualdade entre as notas. Mantén, en xeral, unha boa posición do corpo e as mans.	<input type="checkbox"/> <b>3 puntos</b> <b>Ben.</b> Adáptase, en xeral, ben ao estilo e carácter da obra. A expresión e a agóxica son, en xeral, axeitadas á obra. En xeral, o fraseo é claro e adecuado e as articulacións, dinámicas e acentos están ben realizados e son independentes entre as mans. O uso dos pedais, en xeral, é adecuado ao estilo.
<input type="checkbox"/> <b>1,75 puntos</b>	<input type="checkbox"/> <b>2,5 puntos</b>	<input type="checkbox"/> <b>2,5 puntos</b>
<input type="checkbox"/> <b>1,5 puntos</b> <b>Suficiente.</b> A interpretación é suficientemente fluída e o tempo está dentro das marxes aceptables, aínda que nalgunha pasaxe presente dificultades ou inestabilidades no tempo. As notas falsas e as imprecisións rítmicas están dentro do aceptable. Cumpre suficientemente coas dixitacións e as indicacións da partitura.	<input type="checkbox"/> <b>2 puntos</b> <b>Suficiente.</b> Presenta unha calidade aceptable do son. Usa aceptablemente o peso do brazo. Resolve suficientemente as dificultades técnicas, aínda que nalgunha pasaxe perda claridade ou haxa desigualdades. Mantén unha posición aceptable do corpo e as mans.	<input type="checkbox"/> <b>2 puntos</b> <b>Suficiente.</b> A interpretación está aceptablemente dentro do estilo e o carácter da obra. A expresión e a agóxica son aceptables. O fraseo, as articulacións, as dinámicas e os acentos e a súa independencia entre as mans son suficientes. O uso dos pedais é aceptable dentro do estilo.
<input type="checkbox"/> <b>1 punto</b>	<input type="checkbox"/> <b>1,5 punto</b>	<input type="checkbox"/> <b>1,5 punto</b>
<input type="checkbox"/> <b>0,5 puntos</b> <b>Insuficiente.</b> Interpretación pouco fluída, tempo inestable ou inadecuado, interrupcións frecuentes. Demasiadas notas falsas ou imprecisións rítmicas. Non respecta suficientemente as dixitacións e as indicacións da partitura.	<input type="checkbox"/> <b>1 punto</b> <b>Insuficiente.</b> Presenta unha mala calidade do son. Non usa correctamente o peso do brazo. Non resolve suficientemente as dificultades técnicas, perdendo a claridade e a igualdade entre as notas. Mantén unha posición inadecuada do corpo e das mans.	<input type="checkbox"/> <b>1 punto</b> <b>Insuficiente.</b> A interpretación está fóra do estilo e do carácter da obra. A expresión e a agóxica son inadecuadas. O fraseo, as articulacións, as dinámicas e os acentos e a súa independencia entre as mans son insuficientes. O uso dos pedais é inadecuado ao estilo.
<input type="checkbox"/> <b>0 puntos</b> <b>Moi deficiente</b> É incapaz de superar minimamente as dificultades que a obra presenta.	<input type="checkbox"/> <b>0 puntos</b> <b>Moi deficiente</b> É incapaz de superar minimamente as dificultades que a obra presenta.	<input type="checkbox"/> <b>0 puntos</b> <b>Moi deficiente</b> É incapaz de superar minimamente as dificultades que a obra presenta.



## 9.7.4. Recursos didácticos

### Repertorio orientador

#### Estudos:

- Pozzoli. Estudos en Movemento Rápido desde o 16 ao final.
- Burgmüller. Estudos Op. 105
- Czerny. Escola da velocidade Op. 299; A arte de dar soltura aos dedos Op. 740
- Clementi. Gradus ad Parnasum
- J. B. Cramer. Etudes mélodiques Op. 107, Etudes en 4 Cahiers
- Godard. Estudos melódicos Op. 149
- Kullak. Estudos de oitavas Heller. Op. 45

#### Barroco:

- Bach. Invencións a 3 voces ou un Preludio-Fuga a 3 voces do Clave ben Temperado.
- Scarlatti. Sonatas k32, k78, k148, k208 Seixas. Toccatas nº 2, 8
- Haendel. Piezas para teclado vol. III

#### Clasicismo:

- Haydn. Sonatas Hob. XVI nº 5 en la M; nº 27 en sol M; nº 35 en do M; nº 30 en la M; nº 33 en re M; nº 34 en mi m; nº 24 en re M; nº 14 en re M; nº 22 en mi M.
- Mozart. Variaciones sobre el Himno Holandés “Wilhelm von Nassau” Kv.25; sobre un Allegretto Kv. 24; Fantasía en re m Kv. 397; Rondó en re M Kv. 485
- Beethoven. Sonatas Op. 49 nº 1, 2; Variaciones fáciles sobre un tema original, WoO. 77 en sol M; Variaciones sobre un tema de Paisiello, WoO. 70 en sol M; Bagatelas Op. 33 nº 1, 4, 6; Op. 119 nº 1, 5, 8, 2; Allegretto en do m; Rondó Op. 51 nº 1
- Clementi. Sonatas Op. 26 nº 3 en re M; Op. 39 nº 3 en re M
- Dussek. 12 Estudios Melódicos “Les Adieux”: Rondó en sib M
- J. Ch. Bach. Sonata op. 5 nº 3

#### Romanticismo, Nacionalismo:

- Schubert. 6 Danzas Alemanas D820; Impromptu Op. 142 (D935) nº 2 en lab M; Scherzo D593 en reb M; Melodía húngara D817; Allegretto D915 en do m
- Mendelssohn. Romanzas sin palabras Op. 19 nº 2 en la m; Op. 102 nº 3 en do M; Op. 38 nº 2 en do m; Kinderstücke Op. 72; Hoja de Álbum Op. 117 en mi m; “Canción de góndola” en la M
- Schumann. Escenas del bosque Op. 82 nº 3; Escenas infantiles Op. 15 nº 2, 4, 6, 8; Álbum de la





juventud Op. 68 nº 34, 31; Sonata infantil Op. 118 nº 3 (Danza gitana); Hojas de Álbum Op. 124 nº 5, 9, 13, 15; Tema con 5 variaciones en mibM

- Chopin. Mazurcas Op. 7 nº 1; Op. 24 nº 3; Preludios Op. 28 en la M, mi m; Polonesa en sol m
- Liszt. Cuatro pequeñas piezas S.192; Consolaciones; Armonías Poéticas y Religiosas: “Ave Maria”, “Pater Noster”, “Hymne de l’enfant à son réveil”
- Brahms. 2 Zarabandas
- Grieg. Liric Pieces . Op. 38 No. 1, Op. 43 No. 1, Op. 47 No. 1; Op. 57 No. 3; Op. 62 Nos. 3, 6; Op. 68 No. 5; Op. 71 No. 3

### **Moderno:**

- J. Turina. Danzas Xitanas: Zambra, Sacromonte (1ª Serie), Generalife (1ª Serie); Seguidilla (2ª Serie), Festa das Calderas, Círculos rítmicos, Invocación, Danza Rítmica (2ª Serie).
- J. L. Turina. Sete pezas para piano (Ed. Música mundana).
- Granados. Danzas Españolas nº 1, 3, 5; 6, 11; Vascongada; Escenas Románticas nº 1, 6; Pezas sobre Cantos Populares: Aporanza, Ecos de a Parranda
- Albéniz. Granada, Cataluña, Cuba (Suite Española); Mallorca; Pavana-Capricho; Torre Bermeja (pezas características); Tango, Zortzico (Es-paña)
- Mompou. Tres Variacións (as tres)
- García-Abril. Preludio de Mirambel nº 1
- Esplá. Levante nº 2 e 5 (os dous); Lírica Española 5º caderno
- Bartok. Mikrokosmos IV caderno (3 números consecutivos); V caderno (tres números consecutivos)
- Debussy. Reverie; Mazurca; El pequeño pastor (de Children’s Corner)
- Prokofiev. Pezas Op. 12 nº 1, 2, 3, 4; Lendas da avóa Op. 31 (3 de-las)/delas:.
- Satie. Cinc Grimaces (completo)
- Shostakovich. 24 Preludios Op. 34
- Kodaly. Children’s dances nº 11, 12
- Scriabin. Preludios Op. 11 nº 2, 4, 9, 15; Op. 13 nº 1, 3; Op. 48 nº 2 Chabrier. Melancolía (Pezas Pintorescas)
- Faure. Pezas Op.84 nº 1, 2, 5. Preludios Op. 103 nº 3, 6 E. Halffter. Danza da pastora, Danza da xitana
- Ibert. Histoires nº 7, 9, 10
- Pai Donostia. Preludios nº 2, 3, 4, 5, 11, 12, 13, 15, 16, 17, 18
- Mc. Dowell. Sexa Pieces Op. 55 nº 1, 3, 6, 8; Fireside Irles Op. 61 nº 2, 3, 4, 5; New England Idyls Op. 62, nº 2, 3, 5, 6, 7, 8, 9

**Libros de consulta:**

- Wolters, Klaus. “Handbuch der Klavierliteratur zu zwei Händen” (Ed. Atlantis Musikbuch)
- Margrath, Jane: The Pianist's guide to standard teaching and performance literature (Ed. Alfred Music)
- Hinson, Maurice: Guide to the Pianist's Repertoire (Ed. Indiana University Press)
- Rattalino, Piero. Historia del piano (Ed. SpanPress)
- Chiantore, Luca. Historia de la técnica pianística (Ed. Alianza Música)
- Ferguson, Howard. La interpretación de los instrumentos de teclado del siglo XIV al XIX (Ed. Alianza Música)
- Banowetz, Joseph. El pedal pianístico, técnicas y uso (Ed. Pirámide) Deschaussess, Monique. El intérprete y la música (Ed. Rialp)
- Neuhaus, Heinrich. El arte del piano (Ed. Real Musical) Rosen, Charles. El piano: notas y vivencias (Ed. Alianza)
- Schonberg, Harold C. Los grandes pianistas (Ed. Javier Vergara)
- Dalia, Guillermo. Cómo ser feliz si eres músico o tienes uno cerca (Ed. MundiMúsica)



## **9.8. Curso: 4º de grao profesional**

### **9.8.1. Obxectivos**

#### **A. Coñecer as diversas convencións interpretativas vixentes en distintos períodos da música instrumental, especialmente as referidas á escritura rítmica ou á ornamentación.**

- 1.- escoitar as audicións das obras traballadas en diferentes versión cun punto de vista propio analítico e crítico ao mesmo tempo.
- 2.- Fomentar a asistencia a concertos e a colaboración en actividades de tipo musical, así como coñecer a discografía e bibliografía sobre esta materia.
- 3.- Adquirir conciencia das principais diferenzas e características de escritura dos estilos máis representativos do repertorio a traballar, incidindo na diferenza de ataque ( “Portato” e outros) e articulación determinados polo instrumento no período barroco e clásico e nas principais convencións que afectan á realización da ornamentación que poida aparecer no repertorio traballado (apoiaturas, trinos, grupetos, notes inégaes e asimilacións rítmicas) á acentuación rítmica e a dinámica, no repertorio do século XVIII.
- 4.- Coñecer algunhas das convencións estilísticas do repertorio do século XX (por exemplo: superposicións modais, o emprego do jazz ou atonalismo) e familiarizarse con algunhas das grafías contemporáneas máis usuais (clusters, glissandos, tipos variados de acentuacións ou ataque).
- 5.- Realizar unha análise máis profunda da forma, fraseo, dinámica, harmonía, ritmo e sonoridade das obras a traballar.
- 6.- Valorar a fidelidade ao texto musical e acadar unha interpretación minuciosa e atenta ás características de estilo, estrutura e fraseo dunha obra musical.

#### **B. Adquirir e aplicar progresivamente ferramentas e competencias para o desenvolvemento da memoria.**

- 1.- Adestrar permanentemente e progresivamente a memoria musical, algo de primordial importancia na comprensión e asimilación dunha obra.
- 2.- Incorporar estratexias durante o estudo que axuden a memorizar a obra, a través da asimilación dos movementos musculares implicados, da comprensión analítica dos elementos principais da partitura, do emprego da memoria visual e auditiva e o adestramento periódico da mesma.

#### **C. Desenvolver a capacidade de lectura a primeira vista e aplicar con autonomía progresivamente maior os coñecementos musicais para a improvisación co instrumento.**

- 1.- Mellorar a capacidade de lectura a vista.
- 2.- Adquirir progresivamente recursos que posibiliten a improvisación co instrumento.

#### **D. Practicar a música de conxunto integrándose en formacións camerísticas de diversa configuración e desempeñando papeis de solista con orquestra en obras de dificultade media, desenvolvendo así o sentido da interdependencia dos respectivos labores.**



*Este obxectivo non é específico da materia de instrumento individual, senón que é máis ben propio da materia de conxunto. Non obstante, no seo dun traballo interdisciplinar, presentamos á materia de instrumento os seguintes obxectivos:*

- Axudar ao alumnado a abordar a práctica de conxunto e coordinarse co profesorado de conxunto na elección do repertorio e outras cuestión técnicas que poidan xurdir.
- Adquirir conciencia da necesidade do estudo responsable.
- Mellorar a lectura a vista.
- Ampliar a gama sonora.
- Aplicar os coñecementos interpretativos adquiridos na execución das obras que lle toque abordar.
- Mellorar a autonomía na comprensión da partitura para ir adquirindo a capacidade de desenvolver diversos papeis interpretativos no seo dunha agrupación.

**E. Aplicar con autonomía progresivamente maior os coñecementos musicais para solucionar por si sós os diversos problemas de execución que poidan presentarse relativos á dixitación, pedalización, fraseo, dinámica.**

- 1.- Fomentar unha actitude creativa a través da música. Suxerir estratexias de estudo eficaces e habituar ao alumnado a traballar non tanto a pasaxe en si como a dificultade que representa.
- 2.- Aumentar o ritmo e a intensidade do traballo persoal e do estudo lento e reflexivo encamiñado á mellora constante e a superación persoal, cunha mellora do rendemento xeral.
- 3.- Amosar a capacidade de pedalizar as obras traballadas aplicando un criterio propio en función do rexistro, estilo, contexto, etc. Aplicar con independencia e control tanto o pedal de resonancia coma o pedal “unha corda” se a partitura o require.
- 4.- Amosar maior criterio e autonomía para dixitar as obras con adecuación ao estilo, contexto musical e peculiaridades de cada pasaxe e diferenzas e función de cada dedo. Acadar maior autonomía para detectar e solucionar problemas que poidan xurdir da incorrecta posición dos diferentes dedos no ataque (da inadecuada articulación do polgar, incorrecta posición do maimiño, ausencia de solidez, flexión de falanxes, incorrecto ángulo de xiro da man por encima do polgar, etc).
- 5.- Mellorar a capacidade de lectura a vista.
- 6.- Adquirir progresivamente recursos que posibiliten a improvisación co instrumento.

**F. Dominar no seu conxunto a técnica e as posibilidades sonoras e expresivas do instrumento, así como alcanzar e demostrar a sensibilidade auditiva necesaria para perfeccionar gradualmente a calidade sonora.**

- 1.- Afondar no coñecemento da historia e características morfolóxicas e sonoras do instrumento.
- 2.- Adquirir o hábito de utilizar o instrumento como fonte de aprendizaxe e expresión por iniciativa propia.



- 3.- Amosar a sensibilidade auditiva necesaria para perfeccionar o control rítmico e a calidade do son.
- 4.- Potenciar a autoescoita e o autocontrol como vehículo necesario para a madurez interpretativa e artística de calquera músico.
- 5.- Ser consciente do xogo de tensión-distensión e aprender a dosificar o esforzo muscular na interpretación.
- 6.- Adquirir unha maior interacción das diferentes partes do corpo na execución.
- 7.- Ampliar a gama sonora producida, sempre desde o respecto polas indicacións dinámicas e agónicas da partitura e no seo dun estudo reflexivo e atento.
- 8.- Afondar e consolidar o traballo mecánico e técnico que permita a execución do repertorio do nivel.
  - **Escalas:** incrementar a velocidade das escalas diatónicas realizadas con ambas mans, ascendentes e descendentes, atendendo á correcta colocación da man, a simultaneidade e o correcto paso do polgar.
  - **Arpexos:** perfeccionar o paso de polgar e da man por riba do polgar amosando a capacidade de realizar arpexos con ambas mans nun ámbito de dúas oitavas coa dixitación apropiada, nas tonalidades que o profesor determine, incrementando a velocidade. Ser capaz de realizar escalas cromáticas con ambas mans.
  - Perfeccionar a precisión e flexibilidade necesaria na realización de acordes.
  - Perfeccionar a realización das notas repetidas con flexibilidade, incrementando a velocidade o control rítmico e dinámico, minimizando o esforzo muscular e maximizando o apoio.
  - Afondar no traballo de dobres notas: terceiras, sextas e oitavas, a través dos exercicios, estudos e obras do programa.
  - Traballar o movemento de rotación do antebrazo a través de trinos, trémolos, arpexiados e intervalos quebrados en posicións cada vez máis abertas. Traballar o trino con diferentes dixitacións. Iniciación ao trémolo de notas dobres.
  - Desenvolver a extensión e distensión da man.
  - Perfeccionar progresivamente os movementos verticais e laterais necesarios para interpretar o repertorio con variedade de tipos de toque e articulacións.
  - Conseguir maior soltura na realización de saltos e desprazamentos.
  - Acadar maior independencia rítmica de cada man.

**G. Interpretar un repertorio que inclúa obras representativas de diferentes épocas e estilos de dificultade adecuada a este nivel.**

- 1.- Traballar obras contrapuntísticas a tres voces buscando a claridade e diferenciación destas.
- 2.- Interpretar obras do repertorio contemporáneo.
- 3.- Aplicar os coñecementos de harmonía e convencións aprendidas no repertorio traballado para



unha mellor comprensión formal das obras.

4.- Diferenciar as principais características de textura, cor e ataque que se atopan nos diferentes estilos aos que corresponden as obras traballadas.

5.- Interpretar obras de diferentes épocas e estilos adecuadas a este nivel.

6.- Interpretar en público unha parte do repertorio traballado con autocontrol, corrección técnica, dominio da memoria e capacidade comunicativa.

7.- Fomentar a participación en actividades de carácter individual e colectivo como audicións, concertos, intercambios culturais, concursos, etc.

### 9.8.2. Contidos

#### **BLOQUE 1: FUNDAMENTOS TÉCNICOS. COORDINACIÓN MOTORA E SONORA**

*Correspóndese con obxectivos dos apartados: F)1, F)2, F)3, F)4, F)5, F)6, F)7 e os seus subapartados relativos a aspectos mecánicos e técnicos. G)1, G)2 E G)5 (en relación á aplicación destes na interpretación de diferentes estilos).*

1.- Hábito de detectar as tensións musculares. Práctica e conciencia da tensión- distensión da man.

2.- Técnicas de relaxación. Conciencia e control da respiración e a súa implicación na interpretación.

3.- Interacción e coordinación das diferentes partes do corpo na execución.

4.- Hábito de detectar as posturas incorrectas.

5.- Exercicios de control do peso e de obtención de diferentes planos sonoros segundo a textura da obra ou pasaxe.

6.- O progreso na aplicación coordinada da técnica e control corporal na interpretación, facendo fincapé nos seguintes epígrafes:

- Execución de escalas ao nivel do repertorio do curso. O paso do polgar.
- Execución de arpejos ao nivel do repertorio do curso.
- Acordes en calquera inversión. Práctica das notas extremas e interiores do acorde.
- Acordes e notas repetidas en grupos de dous, tres e catro dedos.
- Exercicios e pasaxes con notas dobres (terceiras, cuartas, sextas). Oitavas en ligado e picado.
- Movements de rotación de antebrazo. Trino con dixitacións correlativas e alternas. Trémolo de notas dobres.
- Exercicios de extensión da man.
- Variedade de tipos de toque e articulacións. Articulacións de dúas notas. Picado, staccato, portato, non legato. Movements verticais e laterais do brazo e da man.
- Exercicios de anticipación e saltos paralelos, contrarios e outros desprazamentos.



- Combinacións rítmicas diversas en ambas as mans. Polirritmias binarias e ternarias na mesma man.
- 7.- Exercicios técnicos sinxelos elaborados a partir das dificultades do repertorio traballado.
- 8.- O fraseo rubato. O legato. O toque legatissimo. A dirección da frase.
- 9.- O traballo da gama sonora dentro dos límites do nivel do repertorio de curso. A dinámica (piano, mp e mf, forte, crescendo e diminuendo). Control auditivo.
- 10.- O tempo. O respecto polas indicacións de agónica, carácter e velocidade. O mantemento do pulso estable no transcurso da interpretación. Control rítmico do repertorio a traballar.

## **BLOQUE 2: REPERTORIO**

*Correspóndese con obxectivos contidos nos apartados :A)3, A)4, A)6, G)1, G)2, G)4, G)5 Inclúese aquí o apartado correspondinte ao obxectivo D (práctica de conxunto).*

- a) Interpretación de obras representativas de diferentes estilos e estéticas que permitan desenvolver e fortalecer a sensibilidade e personalidade musical do alumnado.
- b) Traballo polifónico a tres voces ou catro voces.
- c) As principais diferenzas e características de escritura dos estilos máis representativos do repertorio dos séculos XVIII e XIX a traballar, incidindo en aspectos de ataque, articulación e fraseo determinados polo instrumento. As principais convencións interpretativas deste repertorio, principalmente ao que afecta á ornamentación (trinos, apoiaturas, grupetos, pequenas fermatas) e acentuación rítmica ou dinámica.
- d) Interpretación dunha obra contemporánea.
- e) Estudos de carácter técnico conforme aos contidos correspondentes ao curso.
- f) Práctica de conxunto.

## **BLOQUE 3: DIXITACIÓN, PEDALIZACIÓN, MEMORIZACIÓN E TRABALLO PERSOAL**

*Correspóndese con obxectivos contidos nos apartados B), E)1, E)2, E)3, E)4, E)5, F)6.*

- 1.- Hábito de atopar con maior autonomía a dixitación máis axeitada segundo a pasaxe, diferenzas entre os dedos, estilo, man, rexistro, velocidade e finalidade expresiva. Respecto e realización da dixitación elixida.
- 2.- Pedal:
  - Medio pedal e cuarto de pedal.
  - Pedal vibrato.
  - Pedal una corda como medio de expresión en canto a cor e volume.
  - Pedal tonal.
- 3.- Memorización (analítica, muscular, auditiva e visual) de obras e estudos.
- 4.- Hábito de estudo lento, regular e consciente. Criterio persoal e maior autonomía no estudo do repertorio. Aplicación de estratexias de estudo eficaces. Hábito de corrixir illadamente os erros



cometidos con exercicios diversos.

#### **BLOQUE 4: AUDICIÓN MUSICAL**

*Correspóndese cos apartados A)1, A)2, E)6, F)1, F)2, F)3, G)6, G)7 dos obxectivos.*

- 1.- Interpretación pública en concertos e audicións con maior dominio técnico, musical e estilístico das obras.
- 2.- Audicións comparadas de obras do repertorio por grandes intérpretes.
- 3.- Audición en clase. Asistencia a concertos e audicións do alumnado e análise posterior.
- 4.- Autoescoita e comentario crítico.
- 5.- Hábito de gravarse un mesmo.
- 6.- Hábito de escoitar unha gravación seguindo a partitura.

#### **BLOQUE 5: CONTIDOS TEÓRICOS E OUTROS CONTIDOS**

*Correspóndese cos obxectivos contidos nos apartados A)5, A)6, C), F)1, G)3, G)4.*

- 1.- Análise de aspectos formais, harmónicos, estéticos, musicais e artísticos do repertorio a interpretar.
- 2.- Hábito de interrelación de diferentes disciplinas, a fin de conseguir a máxima fidelidade na interpretación.
- 3.- Afondamento no coñecemento morfolóxico, técnico, histórico e acústico do piano.
- 4.- Lectura a primeira vista no tempo indicado polo autor.

#### **9.8.3. Criterios de avaliación**

**Interpretar un repertorio que comprenda unha obra clásica, unha obra romántica, unha obra barroca a dúas ou tres voces e unha obra moderna/contemporánea, cunha aplicación axeitada dos aspectos mecánicos, técnicos e musicais traballados.**

- Amosar unha comprensión musical global e unha diferenciación estilística no repertorio interpretado.
- Amosar unha axeitada colocación corporal e, en concreto, da man e do brazo.
- Memorizar dúas obras ou estudos.
- Realizar escalas á nivel das obras do curso.
- Interpretar dous estudos con corrección técnica e musical.
- Amosar a capacidade de diferenciar a intensidade de son das notas extremas dos acordes.
- Facer unha análise estrutural e musical xeral do repertorio traballado.
- Interpretar parte do repertorio traballado en audicións de clase e públicas con dominio técnico e autocontrol.
- Ler a vista unha peza de dificultade inferior ao repertorio do curso con mans xuntas a velocidade





lenta.

- Empregar o pedal de resonancia con corrección e adecuación estilística nas obras do repertorio.

### **9.8.3.1. Mínimos esixibles**

- O/A alumno/a deberá presentar, entre as diferentes audicións do curso, un programa mínimo de 3 obras de estilos diferentes e 3 estudos
- Como mínimo, unha das obras será interpretada de memoria.
- O alumnado deberá participar alomenos en dúas audicións.

### **9.8.3.2. Procedementos en ferramentas de avaliación**

#### **Ferramentas de avaliación.**

- Avaliación continuada a través do seguimento semanal e a observación atenta do alumnado e da súa evolución respecto aos obxectivos marcados en cada sesión lectiva, que serán anotados axeitadamente no caderno do profesor, debendo cumprir ao remate do curso cos requisitos mínimos e o programa especificado nos criterios de avaliación.
- A través da observación, gravación, etc. de actuacións en audicións ou concertos de carácter público nos que se amose parte do traballo desenvolvido.
- Gravación en audio ou vídeo do repertorio traballado polo alumnado, cunha posterior análise e posta en común cos/as compañeiros/as de clase dos principais aspectos musicais e técnicos.
- A autoavaliación do alumnado.
- Análise das producións e traballos escritos feitos polo alumnado.

#### **Procedementos de avaliación.**

##### **Avaliación inicial ou diagnóstica.**

- A avaliación inicial realizarase durante a primeira semana do curso escolar. Este proceso comprenderá as seguintes accións que permitan identificar as dificultades do alumnado, así como as posibles necesidades de atención educativa:
- Detección das aprendizaxes imprescindibles non adquiridas en anos anteriores (de ser o caso).
- Coñecemento personalizado do alumnado e da súa situación emocional coa fin de tomar as decisións profesionais de actuación por parte do profesorado.

##### **Avaliación formativa.**

- É a que determina como se vai desenvolvendo o proceso de aprendizaxe, coa fin de proporcionar unha información útil para adaptar as actividades propostas ás necesidades concretas do alumnado. Todas as actividades de ensino-aprendizaxe que se propoñan son, polo tanto, actividades de avaliación formativa e deben ter un control detallado que amose a información precisa sobre o rendemento do alumnado, permitindo a axuda pedagóxica axeitada en cada momento para que aprenda máis e mellor.

##### **Avaliación sumativa.**



- É a que ten lugar ao remate de cada unidade, bloque de contidos, curso ou trimestre e que consiste en avaliar os resultados obtidos na aprendizaxe para verificar que se alcanzaron os obxectivos propostos.

### 9.8.3.1. Criterios de cualificación

Os seguintes criterios de cualificación serán aplicados por aquel profesorado que utilice as rúbricas expostas de seguido.

Criterios de avaliación homoxeneizados				
Traballo persoal		Hábitos de Estudio	Audicións / Grao de consecución do repertorio*	
Semanal De aula	Probas técnicas ou exames de aula		Públicas	De aula
70%		10%	20%*	
Registros				
Caderno do profesor	Táboa ou listade cotexo	Caderno do profesor	Táboa ou lista de cotexo	

Rúbrica para a cualificación dos hábitos de estudo semanais			
Sobresaínte (9-10)	Notable (7-8)	Ben (5-6)	Insuficiente (1-4)
<ul style="list-style-type: none"> <li>– Amosa unha grande concienciación da importancia do traballo individual e da adquisición e emprego de hábitos e rutinas de estudo eficaces.</li> <li>– Amosa interese pola materia.</li> <li>– Asiste regular e puntualmente a clase.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>– Aínda que amosa concienciación da importancia do traballo individual non emprega hábitos de estudo completamente eficaces.</li> <li>– Amosa moito interese pola materia.</li> <li>– Asiste regular e puntualmente as clases.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>– Aínda que amosa concienciación da importancia do traballo individual, non emprega hábitos de estudo completamente eficaces.</li> <li>– Amosa interese pola materia.</li> <li>– Non sempre asiste regular e puntualmente as clases.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>– Amosa falta de concienciación da importancia do traballo individual e da adquisición e emprego de hábitos e rutinas de estudo eficaces.</li> <li>– Non amosa interese pola materia.</li> <li>– Non asiste regular ou puntualmente ás clases.</li> </ul>



## TÁBOA AVALIACIÓN PARA PROBAS E AUDIÇÃO

Nome do alumno: \_\_\_\_\_ Título da obra: \_\_\_\_\_ Resultado da obra: \_\_\_\_\_

Fidelidade a partitura, fluidez e precisión rítmica	Son e técnica	Estilo, expresión e fraseo
<input type="checkbox"/> <b>3 puntos</b> <b>Moi ben.</b> Interpreta con fluidez a un tempo estable e adecuado. Non hai apenas notas falsas nin imprecisións rítmicas. Respecta as dixitacións e as indicacións da partitura. Toca de memoria.	<input type="checkbox"/> <b>3,5 puntos</b> <b>Moi ben.</b> Tendo en conta o nivel, presenta unha moi boa calidade do son. Usa moi ben o peso do brazo e dispón da variedade de ataques necesaria. Resolve moi ben as dificultades técnicas que a obra presenta, mantendo a claridade e a igualdade entre as notas. Mantén unha moi boa posición, natural e relaxada, do corpo e as mans.	<input type="checkbox"/> <b>3,5 puntos</b> <b>Moi ben.</b> Adáptase moi ben ao estilo e carácter da obra con musicalidade. A expresión e a agóxica son as axeitadas á obra. O fraseo é claro e adecuado e as articulacións, dinámicas e acentos están moi ben realizados e son claramente independentes entre as mans, diferenciando planos sonoros. O uso dos pedais é adecuado ao estilo.
<input type="checkbox"/> <b>2,5 puntos</b>	<input type="checkbox"/> <b>3,25 puntos</b>	<input type="checkbox"/> <b>3,25 puntos</b>
<input type="checkbox"/> <b>2 puntos</b> <b>Ben.</b> Mantén, en xeral, unha interpretación fluída e un tempo estable. Toca, en xeral, con corrección nas notas e precisión no ritmo. Respecta, en xeral, as dixitacións e as indicacións da partitura.	<input type="checkbox"/> <b>3 puntos</b> <b>Ben.</b> Presenta, en xeral, unha boa calidade do son. Usa ben o peso do brazo e dispón, en xeral, da variedade de ataques necesaria. En xeral, resolve ben as dificultades técnicas que a obra presenta, mantendo a claridade e a igualdade entre as notas. Mantén, en xeral, unha boa posición do corpo e as mans.	<input type="checkbox"/> <b>3 puntos</b> <b>Ben.</b> Adáptase, en xeral, ben ao estilo e carácter da obra. A expresión e a agóxica son, en xeral, axeitadas á obra. En xeral, o fraseo é claro e adecuado e as articulacións, dinámicas e acentos están ben realizados e son independentes entre as mans. O uso dos pedais, en xeral, é adecuado ao estilo.
<input type="checkbox"/> <b>1,75 puntos</b>	<input type="checkbox"/> <b>2,5 puntos</b>	<input type="checkbox"/> <b>2,5 puntos</b>
<input type="checkbox"/> <b>1,5 puntos</b> <b>Suficiente.</b> A interpretación é suficientemente fluída e o tempo está dentro das marxes aceptables, aínda que nalgunha pasaxe presente dificultades ou inestabilidades no tempo. As notas falsas e as imprecisións rítmicas están dentro do aceptable. Cumpre suficientemente coas dixitacións e as indicacións da partitura.	<input type="checkbox"/> <b>2 puntos</b> <b>Suficiente.</b> Presenta unha calidade aceptable do son. Usa aceptablemente o peso do brazo. Resolve suficientemente as dificultades técnicas, aínda que nalgunha pasaxe perda claridade ou haxa desigualdades. Mantén unha posición aceptable do corpo e as mans.	<input type="checkbox"/> <b>2 puntos</b> <b>Suficiente.</b> A interpretación está aceptablemente dentro do estilo e o carácter da obra. A expresión e a agóxica son aceptables. O fraseo, as articulacións, as dinámicas e os acentos e a súa independencia entre as mans son suficientes. O uso dos pedais é aceptable dentro do estilo.
<input type="checkbox"/> <b>1 punto</b>	<input type="checkbox"/> <b>1,5 punto</b>	<input type="checkbox"/> <b>1,5 punto</b>
<input type="checkbox"/> <b>0,5 puntos</b> <b>Insuficiente.</b> Interpretación pouco fluída, tempo inestable ou inadecuado, interrupcións frecuentes. Demasiadas notas falsas ou imprecisións rítmicas. Non respecta suficientemente as dixitacións e as indicacións da partitura.	<input type="checkbox"/> <b>1 punto</b> <b>Insuficiente.</b> Presenta unha mala calidade do son. Non usa correctamente o peso do brazo. Non resolve suficientemente as dificultades técnicas, perdendo a claridade e a igualdade entre as notas. Mantén unha posición inadecuada do corpo e das mans.	<input type="checkbox"/> <b>1 punto</b> <b>Insuficiente.</b> A interpretación está fóra do estilo e do carácter da obra. A expresión e a agóxica son inadecuadas. O fraseo, as articulacións, as dinámicas e os acentos e a súa independencia entre as mans son insuficientes. O uso dos pedais é inadecuado ao estilo.
<input type="checkbox"/> <b>0 puntos</b> <b>Moi deficiente</b> É incapaz de superar minimamente as dificultades que a obra presenta.	<input type="checkbox"/> <b>0 puntos</b> <b>Moi deficiente</b> É incapaz de superar minimamente as dificultades que a obra presenta.	<input type="checkbox"/> <b>0 puntos</b> <b>Moi deficiente</b> É incapaz de superar minimamente as dificultades que a obra presenta.



## 9.8.4. Recursos didácticos

### Repertorio orientador

#### Estudios:

- Pozzoli. Estudios en Movimento Rápido
- Burgmüller. Estudios Op. 105
- Czerny. Escola da velocidade Op. 299; A arte de dar soltura aos dedos Op. 740; 6 Estudios de 8<sup>a</sup>.
- Clementi. Gradus ad Parnasum (numeración orixinal), nº 1 ao 7, 9, 11, 12, 15, 16, 17, do 19 ao 24, do 27 ao 32, 34, 35, 36, 44, 46 ao 48, 50, 64 ao 67, 71, 76, 78, 81, 84, 86, 87, 92 ao 95, 98 ao 100. (Ed. Ricordi).
- J. B. Cramer. Etudes mélodiques Op. 107, Etudes en 4 Cahiers Kullak. Estudios de oitavas

#### Barroco:

- Bach. Invencións a 3 voces ou un Preludio-Fuga a 3 voces do Clave ben Temperado.
- Scarlatti. Sonatas
- Haendel. Pezas para teclado

#### Clasicismo:

- Haydn. Sonatas Hob. XVI nº 23 en fa M; nº 25 en mib M; nº 26 en la M; nº 19 en re M; nº 45 en mib M; (¿nº 17 en sib M?); nº 43 en lab M; nº 40 en sol M; nº 28 en mib M; nº 37 en re M; Arietta con variacións en mib M Hob. XVII nº 3
- Mozart. Sonatas en mi b M Kv. 282; fa M Kv. 280; en sol M Kv. 283; en do M Kv. 309; en sib M Kv. 570; en do M Kv. 545; Variacións sobre un
- Minuetto de J. Ch. Fischer Kv. 179; sobre “Mio caro Adone” de Salieri Kv. 180; sobre “Ah, vous dirais-je, mamman” Kv. 265; Fantasía en re m Kv. 397
- Beethoven. Sonata Op. 79; Variacións sobre o tema “Quant e più bello” de Paisiello, WoO. 69 en la M; Bagatela Op. 126 nº 1
- Clementi. Sonatas Op. 24 nº 3 en mib M; Op. 25 nº 2 en sol M; Op. 36 nº 1 en la M; Op. 36 nº 2 en fa M; Op. 29 nº 1 en do M
- Dussek. Sonatas Op. 45 nº 2 en sol M; Op. 47 nº 2 ; Op. 23; Op. 25 nº 2; Op. 31 nº 2
- J. Ch. Bach. Sonata op. 5 nº 2

#### Romanticismo, Nacionalismo:

- Schubert. Sonata D157 en mi M; Impromptu Op. 90 (D899) nº 4 en lab M; Momento musical Op. 94 (D780) nº 1 en do M; Op. 94 nº 3 en fa m; Marcha D606 en mi M
- Mendelssohn. Romanzas sin palabras Op. 19 nº 1 en mi M; Op. 67 nº 5 en si m; Op. 38 nº 4 en la M; Op. 53 nº 2 en mib M; Klavierstücke en sib M; Sonata en si m (1823)



- Schumann. Estudios sobre Caprichos de Paganini Op. 3 nº 3; Escenas infantiles Op. 15 nº 5, 7, 9; Carnaval de Viena Op. 26 nº 2; Romanza Op. 28 nº 2; Escenas do Bosque Op. 82 nº 1, 2, 4, 5, 6; Follas multicolores Op. 99 nº 3; Follas de Álbum Op. 124 nº 9, 15, 16
- Chopin. Mazurcas Op. 24 nº 3; Op. 7 nº 2; Op. 17 nº 3; Op. 67 nº 2, 4; Valses Op. 69 nº 2 en si m; Op. 69 nº 1 en lab M; Op. 34 nº 2 en la m; Nocturno Op. 15 nº 3 en sol m; Preludios Op. 28 en mi m, si m, reb M
- Liszt. Puszta-Wehmut; Consolacións; A lugubre gondola; Cinco cancións populares húngaras S. 245; Anos de Peregrinación: “Églogue”, “Le mal du pays”, “Il penseroso”
- Brahms. Intermezzo Op. 76 nº 4 en sib
- M Reger. LoseBlätter Op. 13
- Wagner. Lied sin palabras en mi M
- Grieg. Liric Pieces . Op. 43 Nos. 1,4; Op. 54 Nos. 3, 4, 5; Op. 57 No. 4; Op. 62 No. 3; Op. 65 No. 4; Op. 68 No. 6; Op. 71 Nos. 3, 4

### **Moderno:**

- J. Turina. Danzas Xitanas: Zambra, Sacromonte (1ª Serie), Generalife (1ª Serie); Seguidilla (2ª Serie), Festa das Calderas, Círculos rítmicos, Invocación, Danza Rítmica (2ª Serie).
- J. L. Turina. Sete pezas para piano (Ed. Música mundana).
- Granados. Danzas Españolas nº 1, 3, 5; 6, 11; Escenas Románticas nº 1, 6; Pezas sobre Cantos Populares: Añoranza, Ecos da Parranda
- Albéniz. Granada, Cataluña, Cuba (Suite Española); Mallorca; Pavana-Capricho; Torre Bermeja (pezas características); Tango, Zortzico (Es-paña)
- Mompou. Tres Variacións (as tres)
- García-Abril. Preludio de Mirambel nº 1
- Esplá. Levante nº 2 e 5 (os dous); Lirica Española 5º caderno
- Bartok. Mikrokosmos IV caderno (3 números consecutivos); V caderno (tres números consecutivos)
- Debussy. Arabesco; En bateau (En barca) (de Pequena Suite a 4 manos); Danza Bohemia; Jimbo’s Lullaby (de Children’s Corner); Pasos sobre a neve; La niña de los cabellos de lino (de Preludios I)
- Prokofiev. Pezas Op. 12 nº 1, 2, 3, 4; Lendas da avóia Op. 31 (3 de-las)/delas:.
- Satie. Cinc Grimaces (completo)
- Shostakovich. 24 Preludios Op. 34
- Kodaly. Children’s dances nº 11, 12
- Scriabin. Preludios Op. 11 nº 2, 4, 9, 15; Op. 13 nº 1, 3; Op. 48 nº 2 Chabrier. Melancolía (Pezas Pintorescas)



- Faure. Pezas Op.84 nº 1, 2, 5. Preludios Op. 103 nº 3, 6
- E. Halffter. Danza da pastora, Danza da xitana
- Ibert. Histoires nº 7, 9, 10
- Pai Donostia. Preludios nº 2, 3, 4, 5, 11, 12, 13, 15, 16, 17, 18
- Mc. Dowell. Sexa Pieces Op. 55 nº 1, 3, 6, 8; Fireside Irllles Op. 61 nº 2, 3, 4, 5; New England Idyls Op. 62, nº 2, 3, 5, 6, 7, 8, 9

### **Libros de consulta:**

- Wolters, Klaus. “Handbuch der Klavierliteratur zu zwei Händen” (Ed. Atlantis Musikbuch)
- Margrath, Jane: The Pianist's guide to standard teaching and performance literature (Ed. Alfred Music)
- Hinson, Maurice: Guide to the Pianist's Repertoire (Ed. Indiana University Press)
- Rattalino, Piero. Historia del piano (Ed. SpanPress)
- Chiantore, Luca. Historia de la técnica pianística (Ed. Alianza Música)
- Ferguson, Howard. La interpretación de los instrumentos de teclado del siglo XIV al XIX (Ed. Alianza Música)
- Banowetz, Joseph. El pedal pianístico, técnicas y uso (Ed. Pirámide) Deschaussess, Monique. El intérprete y la música (Ed. Rialp)
- Neuhaus, Heinrich. El arte del piano (Ed. Real Musical) Rosen, Charles. El piano: notas y vivencias (Ed. Alianza)
- Schonberg, Harold C. Los grandes pianistas (Ed. Javier Vergara)
- Dalia, Guillermo. Cómo ser feliz si eres músico o tienes uno cerca (Ed. MundiMúsica)



## 9.9. Curso: 5º de grao profesional

### 9.9.1. Obxectivos

#### A. Coñecer as diversas convencións interpretativas vixentes en distintos períodos da música instrumental, especialmente as referidas á escritura rítmica ou á ornamentación.

- 1.- escoitar as audicións das obras traballadas en diferentes versión cun punto de vista propio analítico e crítico ao mesmo tempo.
- 2.- Fomentar a asistencia a concertos e a colaboración en actividades de tipo musical, así como coñecer a discografía e bibliografía sobre esta materia.
- 3.- Coñecer as principais diferenzas e características de escritura dos estilos máis representativos do repertorio a traballar. Aplicar correctamente o ataque “portato” de antebrazo e outros tipos de ataque e articulación determinados polo instrumento no período barroco e clásico. Coñecer e aplicar con autonomía maior as principais convencións que afectan á realización da ornamentación (apoiaturas, trinos, grupetos, notes inégales) á acentuación rítmica e á dinámica, no repertorio do século XVIII.
- 4.- Coñecer algunhas das convencións estilísticas do repertorio do século XX (p.ex. Superposicións modais, o emprego do jazz ou atonalismo) e familiarizarse con algunhas das grafías contemporáneas máis usuais (clusters, glissandos, tipos variados de acentuacións ou ataque).
- 5.- Acadar unha maior autonomía e dominio na análise e a comprensión formal do repertorio traballado.
- 6.- Valorar a fidelidade ao texto musical e acadar unha interpretación minuciosa e atenta ás características de estilo, estrutura e fraseo dunha obra musical.
- 7.- Afondar no coñecemento das diferentes obras dun mesmo autor en períodos diversos da súa vida.

#### B. Adquirir e aplicar progresivamente ferramentas e competencias para o desenvolvemento da memoria.

- 1.- Adestrar permanentemente e progresivamente a memoria musical, algo de primordial importancia na comprensión e asimilación dunha obra.
- 2.- Incorporar estratexias durante o estudo que axuden a memorizar a obra, a través da asimilación dos movementos musculares implicados, da comprensión analítica dos elementos principais da partitura, do emprego da memoria visual e auditiva e o adestramento periódico da mesma.

#### C. Desenvolver a capacidade de lectura a primeira vista e aplicar con autonomía progresivamente maior os coñecementos musicais para a improvisación co instrumento.

- 1.- Mellorar a capacidade de lectura a vista.
- 2.- Adquirir progresivamente recursos que posibiliten a improvisación co instrumento.

#### D. Practicar a música de conxunto integrándose en formacións camerísticas de diversa configuración e desempeñando papeis de solista con orquestra en obras de dificultade media,



### **desenvolvendo así o sentido da interdependencia dos respectivos labores.**

*Este obxectivo non é específico da materia de instrumento individual, senón que é máis ben propio da materia de conxunto. Non obstante, no seo dun traballo interdisciplinar, presentamos á materia de instrumento os seguintes obxectivos:*

- Axudar ao alumnado a abordar a práctica de conxunto e coordinarse co profesorado de conxunto na elección do repertorio e outras cuestión técnicas que poidan xurdir.
- Adquirir conciencia da necesidade do estudo responsable.
- Mellorar a lectura a vista.
- Ampliar a gama sonora.
- Aplicar os coñecementos interpretativos adquiridos na execución das obras.
- Mellorar a autonomía na comprensión da partitura para ir adquirindo a capacidade de desenvolver diversos papeis interpretativos no seo dunha agrupación.

### **E. Aplicar con autonomía progresivamente maior os coñecementos musicais para solucionar por si sós os diversos problemas de execución que poidan presentarse relativos á dixitación, pedalización, fraseo, dinámica.**

- 1.- Amosar unha actitude creativa ante o estudo. Coñecer e incorporar estratexias de estudo eficaces enfocadas á resolución das dificultades específicas atopadas en cada pasaxe.
- 2.- Amosar un hábito de estudo lento e reflexivo que incorpore a constancia, a racionalización do esforzo, e o espírito constante de mellora e superación.
- 3.- Coñecer e aplicar con pulcritude e criterio propio os tres pedais, principalmente o pedal de resonancia, en función do rexistro, velocidade, textura, estilo, contexto, etc.
- 4.- Acadar paulatinamente autonomía e criterio propio para dixitar calquera pasaxe pianístico. Acadar maior autonomía para detectar e solucionar problemas que poidan xurdir da incorrecta posición dos diferentes dedos no ataque (da inadecuada articulación do polgar, incorrecta posición do maimiño, ausencia de solidez, flexión de falanxes, incorrecto ángulo de xiro da man por encima do polgar, etc.).
- 5.- Interpretar as obras do curso con claridade no fraseo e articulación. Ampliar a gama dinámica. Amosar respecto polas indicacións da partitura e aplicar con criterio e economía os esforzos musculares necesarios para mellorar a correcta dirección, pronunciación e acentuación das frases musicais conferindo variedade sonora e sentido á interpretación. Amosar a capacidade de manter a estabilidade do pulso no seo dun fraseo rubato.
- 6.- Alcanzar paulatinamente autonomía e criterio propio para interpretar con adecuación e estilo, sempre aplicando correctamente a técnica e o dominio do corpo e do instrumento baseándose nun traballo atento e autocrítico.

### **F. Dominar no seu conxunto a técnica e as posibilidades sonoras e expresivas do instrumento, así como alcanzar e demostrar a sensibilidade auditiva necesaria para perfeccionar gradualmente a calidade sonora.**





- 1.- Afondar no coñecemento da historia e características morfolóxicas e sonoras do instrumento.
  - 2.- Amosar o hábito de valorar a actividade instrumental e a interpretación como fonte de aprendizaxe e expresión persoal.
  - 3.- Amosar a sensibilidade auditiva necesaria para perfeccionar o control rítmico e a calidade do son.
  - 4.- Potenciar a autoescoita crítica e o autocontrol como vehículo necesario para a madurez interpretativa e artística de calquera músico.
  - 5.- Adestrar ao/á alumno/a de forma permanente e progresiva na relaxación necesaria para unha axeitada execución.
  - 6.- Utilizar de forma consciente, controlada, interrelacionada e orgánica as diferentes partes do corpo que interveñen na interpretación.
  - 7.- Ampliar a gama sonora producida, sempre desde o respecto polas indicacións dinámicas e agónicas da partitura e no seo dun estudo reflexivo e atento.
  - 8.- Afondar no traballo mecánico e técnico que permita a execución do repertorio do nivel.
- Escalas: incrementar a velocidade das escalas diatónicas e cromáticas realizadas con ambas mans, ascendentes e descendentes, atendendo á correcta colocación da man e ao correcto paso do polgar.
  - **Arpexos:** incrementar a velocidade e perfeccionar o paso do polgar e da man por riba do polgar na realización de arpexos ampliando o rexistro e a precisión e control dinámico.
  - Perfeccionar a precisión e flexibilidade necesarias na realización de acordes, triadas e cuatriadas en calquera das súas inversións, atendendo á simultaneidade, equilibrio e á gama sonora.
  - Amosar soltura e incrementar velocidade na realización de notas repetidas con flexibilidade, control rítmico e dinámico, minimizando o esforzo muscular e maximizando o apoio.
  - Afondar e consolidar a execución de dobres notas: terceiras, sextas e oitavas.
  - Acadar maior soltura nos movementos oscilatorios, trémolos, acordes arpexiados e arpexos quebrados.
  - Adquirir a flexibilidade necesaria para interpretar coa extensión e distensión necesaria da man.
  - Coñecer os movementos verticais e laterais necesarios para interpretar o repertorio con variedade de tipos de toque e articulacións de forma precisa e cada vez máis intuitiva.
  - Incrementar a distancia e dificultade de saltos e desprazamentos.
  - Executar hemiolas, fermatas e agrupacións rítmicas irregulares seguindo un pulso estable e con independencia entre ambas mans.
  - Coñecer o emprego do glissando.

**G. Interpretar un repertorio que inclúa obras representativas de diferentes épocas e estilos de dificultade adecuada a este nivel.**



- 1.- Traballar obras contrapuntísticas a tres e catro voces buscando a claridade e diferenciación de estas.
- 2.- Interpretar alomenos, unha obra do repertorio contemporáneo.
- 3.- Acadar unha maior autonomía e dominio da análise e a comprensión formal do repertorio traballado.
- 4.- Diferenciar as principais características de textura, cor e ataque que se atopan nos diferentes estilos aos que corresponden as obras traballadas.
- 5.- Interpretar obras de diferentes épocas e estilos adecuadas a este nivel.
- 6.- Interpretar en público unha parte do repertorio traballado con autocontrol, corrección técnica, dominio da memoria e capacidade comunicativa.
- 7.- Fomentar a participación en actividades de carácter individual e colectivo como audicións, concertos, intercambios culturais, concursos, etc

### 9.9.2. Contidos

#### **BLOQUE 1: FUNDAMENTOS TÉCNICOS. COORDINACIÓN MOTORA E SONORA**

*Correspóndese con obxectivos dos apartados: F)1, F)2, F)3, F)4, F)5, F)6, F)7 e os seus subapartados relativos a aspectos mecánicos e técnicos. G)1, G)2 E G)5 (en relación á aplicación destes na interpretación de diferentes estilos).*

- 1.- Conciencia e control do xogo da tensión-distensión da man no seo da interpretación. Hábito de detectar as tensións musculares.
- 2.- Técnicas de relaxación. Control da respiración durante a interpretación.
- 3.- Interacción das diferentes partes do corpo na execución.
- 4.- Hábito de detectar as posturas incorrectas.
- 5.- Exercicios de control do peso e de obtención de diferentes planos sonoros segundo a textura da obra ou pasaxe.
- 6.- O progreso na aplicación coordinada da técnica e control corporal na interpretación, facendo fincapé nos seguintes epígrafes:
  - O paso do polgar. Escalas maiores e menores (harmónicas e melódicas) por movemento paralelo e contrario, a distancia de terceira, sexta e oitava. Escalas cromáticas paralelas e contraria a distancia de terceiras e sextas maiores e menores. Escalas cromáticas de terceiras menores e maiores. Escalas lanzadas.
  - Arpexos triada en calquera tonalidade. Arpexos de sétima de dominante, sétima diminuída e sétima maior. Arpexos lanzados.
  - Acordes de sétima de dominante, sétima diminuída e sétima maior. Práctica das notas extremas e interiores do acorde.
  - Acordes e notas repetidas en grupos de dous, tres e catro dedos.
